Public. diaria 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

As xuventudes do PP denúncian a un profesor por comentar textos de *A Nosa Terra* en clase — 5

A UE posterga a sua decisión sobre *Astano* — 13

Lois Castrillo: "Os cidadáns xa cren posíbel un alcalde nacionalista en Vigo" — 9



O medicamentazo, no camiño dunha sanidade para os máis ricos — 15

Comeza a temporada dos cogumelos, con interese, pero tamén con descoñecemento — 14

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA SANTIAGO

20 DE NOVEMBRO • 1997 • ANO XX • IV XEIRA — FUNDADO EN 1907 — Nº 805 • 200 PTA

Só Madrid, Londres e Israel apoian a nova intervención en Irak

Todos contra a guerra

O Governo norte-americano só convence á Aznar, Netanyahu e Blair. Nen sequer Arábia Seudita ou Kuwait, os dous países árabes máis beneficiados pola guerra do 91, están dacordo agora con un novo bombardeo de Irak. Chirac e Ieltsin aseguran que non existen razóns para optar polo recurso final da forza. Sandy Berger, conselleiro de Clinton, menosprécia aos árabes: "eses países non nos impedirán facer o que teñamos que facer".

Comeza a V Lexislatura do parlamento galego

Cuiña arenga aos deputados *populares* para que non se deixen comer terreo

Como tentará o PP desbaratar a oposición do BNG, será capaz Cuiña de imprimirlle unha dinámica diferente ao seu grupo para que se vexa a sua impronta, canto tempo tardará abel Caballero en sumirse no ostracismo? Estas son as tres principais incógnistas coas que comeza a V Lexislatura . De momento o BNG non agardou nen un día para comezar a sua laboura de oposición e a súa deputado María do Pilar García Negro apresentou as tres primeiras iniciativas. Mentres os parlamentários do PSOE andaban debanados polos corredores do Pazo do Horreo minutos antes de comezar a V Lexislatura, Cuiña Crespo arengaba á sua equipa como novo treinador que tente inculcarlles a própria táctica. (Páx. 7)

DE RATOS E HOMES

John Steimbeck

Un extraodinario e conmovedor relato dun dos escritores máis importantes do noso século. Traducción de Álvaro de Prado.



galaxia

Localismos

Os localismos están a desestruturar Galiza. As tres universidades e os sete campus andan en liortas polas titulacións; Vigo e Pontevedra polas Sás da Audiéncia e polas delegacións administrativas; Pontevedra cos seus municípios viciños pola auga; A Coruña en reivindicación permanente desde 1982; médio centó de concellos contra un cento polas capitalidades comarcais... Non é unha casualidade, senón froito dunha política que emana da Xunta de Galiza, fidel reflexo da situación na que se atopa o partido governante, o PP. Os baróns locais e provinciais disputan os cárregos na Xunta segundo categoría e peso político. Os conselleiros fan declaracións prometendo vantaxas para a sua província e os discursos políticos son a cada máis localistas. Na vaga paifoca e onanista acabalean a maioria dos meios de comunicación temerosos de perder audiéncia e ventas e arrastra aos demais partidos políticos que se atopan na disxuntiva de quedar marcados pola traición ao terruño ou pór de manifesto o conflito de intereses que subxacen detrás de moitas destas reivindicacións aparentamente lexítimas. Tarefa nada fácil a de explicar didácticamente como só cunha visión global, nacional, se poden defender os intereses comuns. ♦

Os críticos do PSOE promoven a Xerardo Estévez como alternativa a Francisco Vázquez

No PSdG-PSOE hai agora tres tácticas. A da dirección que pretende que as discrepáncias queden todas subsumidas no documento de estratéxia que elabora González Laxe. A dos *críticos* que, levantando un bandeirín de enganche, tratan de aglutinar a descontentos para forzas a convocatória dun congreso extraordinário e a dos *tácticos* que agardan sacar tallada cos enfrontamentos dos demais ou que ainda arelan algun posto. (Páx. 8)

Xusto Beramendi: 'O decreto de Humanidades é unha volta ao nacionalismo español'

"Coa reforma das Humanidades que quere impor o Ministério de Educación inténtanse instaurar no ensino unha concepción nacionalista española intolerante", sinala o profesor de História Contemporánea da Universidade de Santiago e especialista no estudo do nacionalismo galego, Xusto G. Beramendi. Para el están a agromar elementos do franquismo pero o decreto "é máis ben unha volta ao 98". Advirte asimesmo da posibilidade de que o control do ensino poda levar á volta da censura prévia nos textos escolares ante o que "as forzas democráticas terian que mostrar a sua oposición". (Páx. 25)

O PP vota en contra de que o Estado pague a supertaxa

Co apoio de CIU e do PNV, o Partido Popular rexeitou no Congreso a enmenda párcial apresentada polo BNG aos orzamentos xerais do Estado através da cal se emprazaba ao Ministério de Agricultura a que asumira o pagamento da supertaxa, a multa valorada en 3.600 millóns de pesetas por sobreprodución láctea correspondente ao exercício 96-97. O PP tamén votou en contra doutra enmenda da formación nacionalista que solicitaba que Agricultura cofinanciara o acondicionamento das pequenas explotacións gandeiras. (Páx. 10)

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente: Cesáreo Sánchez Iglesias.
Vicepresidente: Xaquín Acosta.
Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga.
Vogais: Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro, Antolín Fernández, Manuel Veiga, Xosé Castro Ratón, Manuel Portas e Xan Costa.
Secretario: Xan Piñeiro.

Director:
Alfonso Eiré López

Redacción:
Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Castro, Paula Bergantiños.
Fotografía: Anxo Iglesias
Edicions especiais: Xosé Henrique Acuña.
Deseño Gráfico: Xoselo Taboada.

Colaboradores:
Madrid: Manuel Seoane.
Barcelona: Iria Varela.
Portugal: Gonçalo Nuno.
Sanidade: María Alonso.
Cultura: Xoán M Estévez, Celso López Pazos, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Óscar Losada, Gonzalo Vilas, Xosé M. Eiré Val, Xosé Mª de Castro Erroteta, Xesús González Gómez, Manuel Rivas, Borobó.
Lecer: Iago Luca

Fotografía: Andrés Panaro, Xosé Marra, *Voz Noticias*.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Carlos Silvar, Gonzalo Vilas.

Publicidade: Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración: Blanca Costas

Subscripcións: Lola Fernández Puga

Vendas: Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración:
Rua do Príncipe 22, baixo.
36202 Vigo
Apartado 1371. 36200 Vigo

Teléfonos:
Redacción:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
antpcg@arrakis.es

Administración. Subscripcións e Publicidade:
(986) 43 38 30

Imprenta: E.C. C-3 1958

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN: 0213-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.

Exténdese a impresion de que a política violenta contra Saddam foi un fracaso

A opinión pública de Europa e Oriente Próximo marca distáncias coa intensa propaganda bélica

G. LUCA

Os paises que os Estados Unidos consideran baixo ameaza non queren que os defendan e critican a acumulación de armas no Pérsico. Riad e Kuwait preguntan para que serven as tropas e avións norteamericanos de reforzo, que pagan a prezo de ouro, se ten que haber un desembarco asi que volva a porfia con Saddam.

Unha emisora árabe conta a historia do pastor que consentiu en matar, por consello do león, a única ovella de cor preta do seu magote. Asi que as esixéncias da fera aumentaban, o home laiabase da cantidade de ovellas brancas que lle estaba costando ter renunciado á excepción do rabaño.

A guerra *limpa e rápida* de Xaneiro e Febreiro de 1991, realizada coa bendición do Consello de Seguridade da ONU, revelase seis anos despois coma un xenocídio contra Irak no que morreron millón e medio de persoas, entre as vitimas direitas dos bombardeos e as da fame e as enfermidades. Non sendo Arábia Seudita e Kuwait, que herdaron os mercados de petróleo de Irak bloqueado, todos os paises árabes experimentaron unha catástrofe económica. A Guerra aferrou á baixa os prezos do petróleo, acentuou as diferéncias entre clases e acelerou a crise dos Estados nacidos nos anos 60.

O iraquiano Waleed Saleh, profesor de Lingua e Literatura Arabe da Autónoma de Madrid lembra que a sua aldea, Mandali, na extrema con Irán, foi case borrada do mapa polas bombas. "Despois da Guerra, a comunidade internacional e, sobre todo, os paises árabes, comprendeu que os Estados Unidos defendia intereses concretos, de natureza económica. As campañas das organizacións humanitárias internacionais e as informacións sobre a fame e as enfermidades en Irak, tiveron unha enorme trascendéncia".

En Novembro do 1996, o ex-Fiscal xeral dos Estados Unidos Ramsey Clark formulou unha demanda criminal contra o Governo norteamericano por delitos cometidos contra o povo de Irak que causaran a morte de millón e meio de persoas das que 750.000 eran menores de cinco anos, e danos a toda a poboación con sancións xenocidas. Clark interveu en foros celebrados en todo o mundo polo levantamento do bloqueo contra Irak.

Nada por inspeccionar

A vixiáncia internacional contra o governo iraquiano fixérase efectiva a partir da guerra con inspeccións que limitaron a soberania do país. Foi nunha destas pescudas da comisión da ONU cando o Governo de Saddan negou a entrada a dous representantes norteamericanos. "Pero é que de verdade podia quedarlles algo por inspeccionar? -di Waleed Saleh-. A inspeccción internacional tiña un poder moito máis extenso que o de buscar armas de destrucción masiva. Meus amigos en Irak cóntanmme que os poderes rebordaban con moito as atribucións previstas pola ONU: metianse nas universidades, nos centros de investigación ou no despacho do reitor da universidade, valeirábanlles caixóns e armários e afanaban o que lles petaba como proba. A humillación foi constante".

Saleh di que nen os paises

Pasa á páxina seguinte

Irak, o país máis desenvolvido do Golfo, retrocedeu ao Medievo despois da guerra do 91. STEVE MC. CURRY

Ven da páxina anterior
árabes aliados dos Estados Unidos deixaron de criticar esta prepoténcia. "Irak cumprira todas as resolucións da ONU pero cando reclamaba que lle arrasen o embargo, todo eran negativas. O Estado de Israel ignora 50 resolucións da ONU, entre elas a que lle obriga a volver os territórios ocupados, e é o aliado principal do Estados Unidos".

Despois da guerra, a forza enorme da propaganda non puido contra outra opinión: os norteamericanos buscaban o control do petróleo e o domínio do importante mercado de armas, ordenadores, produtos quimicos e maquinária pesada dos paises árabes. "aqui hai unha guerra declaraa entre os Estados Unidos e Europa que vendia e tiña técnicos en Irak, Libano, Xordária -indica Saleh-. Estados Unidos parou a venda de 80 avións *Airbus*, o competitivo avións de transporte europeu. Kuwait tivera que volverse atrás na compra de morteiros chinos e aguantar unha rifa norteamericana por este atrevemento. Kuwait paga a un prezo altisimo os doce mil soldados norteamericano sque ficaron despois da guerra no seu território. Un diário árabe citaba de a pouco que o exército dos Estados Unidos facturaba aos kuwaities 36 dólares (cinco mil pesetas) por unha leituga que no pais val 25 pesetas".


Waleed Saleh. A. IGLESIAS

Saleh cita a un seu amigo que vive en Irak para descreber a figura de Saddam Hussein: "Non hai home que poidese server mellor os intereses dos Estados Unidos en Irak". Que mecanismo de dominio interno pode explicar a continuidade de Saddam. "Un pais que tivera medio millón de mortos por fame e enfermidades, non é dono da sua vontade".

Non hai sorpresa cando a poboación do porto de Ismailia en Suez, recebeu con insultos o paso do portavións *George Washington*. Mesmo en Riad, os atentados contra as tropas de ocupación norteamericanas non cesaran desde 1991. Waleed Saleh refírese á experiéncia de acumulación de tropas dos Estados Unidos para temer que tamén nesta ocasión a decisión de atacar non se tarde. ♦

Despois da guerra do 91 a vixiáncia internacional contra o governo iraquiano limitou a soberania do país. STEVE MC. CURRY

A guerra considerada como negócio

Desde agosto de 1990 Irak vive baixo unha pragmática de aillamento económico que nunca antes se dera na história contemporánea. A sanción imposta pola comunidade internacional a traveso do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, reduce ao mínimo a exportación de petróleo, a sua principal forma de intercámbio, e intervén as suas reservas no extranxeiro. Os efectos do estado de sítio súmanse ás secuelas da guerra de devastación lanzada contra Irak en Xaneiro e Febreiro de 1991.

Mentres Estado Unidos concentra outravolta tropas no Pérsico para castigar ao governo de Bagdad, Irak padece unha catástrofe colectiva como resultado do bloqueo e da guerra. Seis anos despois do bombardeo da Babilónia histórica, contamos con información abondo sobre unha campaña militar que a propaganda belicista quixo deformar coma unha *guerra limpa*. Nos primeiros quince dias de guerra, a tonelaxe das bombas deitadas sobre Irak multiplicou por tres o total de explosivos utilizados durante toda a II Guerra Mundial. A *Operación Treboada do Deserto* duplicou as bombas da guerra do Vietnam e triplicou ás da Guerra de Corea. En total foran 109.876 bombardeos, un cada 34 segundos, 24 horas ao dia durante quince xornadas ininterrumpidas. A *precisión informática* atribuida a unha nova clase de bombas, nen sequer se puido aplicar a un seis por cento dos obuses lanzados. O resto foi un castigo masivo, convencional, que o Pentágono recoñece como *militarmente innecesário* porque tiña como obxectivo prolongar sobre a poboación iraquiana os efectos sociais e psicolóxicos do xenocídio.

Amais das vítimas direitas dos bombardeos, a destrucción causada polas bombas cobraria, desde 1991 até hoxe, máis de médio millón de vidas. A fame, as secuelas das balas con carga nuclear e as enfermidades causadas pola destrucción dos servizos públicos e o sistema sanitário, levan parte desta conta.

Agora que se volve concertar o coro dunha extensa rede de comunicación para xustificar a guerra, queremos perguntar que condicións cambiaron en Irak para que sexa precisa esta renovada ameaza de castigo físico que reclama Estados Unidos. De feito, antes de autorizar o uso da forza, na véspera mesma de arrasar o Irak con bombas, en Xaneiro e Febreiro de 1991, o Consello de Seguridade da ONU endurecera progresivamente as sancións ao país. A cada volta de tornas, a organizacion das Nacións Unidas tivo ben coidado de explicarnos que as medidas de forza só eran recursos de excepción para acelerar a conquista dun só obxectivo político: desarmar a un tirano dono dun perigoso arsenal de armas estratéxicas e instaurar un governo de lexitimidade popular.

Un mecanismo de *tutela internacional*, armado polo exército norteamericano e lexitimado polo Consello de Seguridade da ONU, limita a soberania iraquiana desde o remate da guerra do 91. A proibición expresa de voar desde Bagdad á Basora obriga a Saddam Hussein a renunciar de fieto ao governo sobre a metade do país pero os inspectores da ONU teñen paso franco a calquera recanto da sua xeografia. Parte do réxime de centinela sobre Bagdad implica o bloqueo comercial e a obriga, para todos os paises da Oriente próximo, de se armar só nos Estados Unidos ou Israel.

Que falla logo neste completo exercício de castigo e control sobre Irak para que Estados Unidos pise outravolta o atallo da guerra? Norteamericanos e británicos dinque Saddam non cumpre o regulamento imposto polo Consello de Seguridade pero afirmar tal cousa dun réxime politico bombardeado e sitiado, é tanto como auto-denunciarse polo fracaso da política seguida no Golfo.

É hora de atribuir responsabilidades políticas e desvear as verdadeiras razóns estratéxicas da intervención contra Irak e a continuidade do embargo. O control dos recursos petrolíferos de Oriente próximo é un argumento utilizado polos próprios agresores ainda que non explica por que Irak e non Irán, por exemplo, debe ser obxectivo de guerra. Se cadra o que se busca é anular, antes que nada, un exemplo posibel de desenvolvemento árabe, laico, altamente urbanizado, dependente da tecnoloxia e o intercambio comercial e capaz de desenvolver os seus próprios recursos. Segundo, porque o proceso de integración do povo palestino imposto por Estados Unidos e Israel só podia contar coa obxección efectiva de Irak, o único Estado do Golfo con autonomia e capacidade para actuar no marco rexional. Terceiro, porque Estados Unidos necesitaba dinamitar as Nacións Unidas que como pear do consenso internacional convertiase nun atranco para a sua política estratéxica despois da Guerra Fria.

As consecuéncias visibeis desta política son a cesión a Arabia Seudita e Kuwait do mercado de petróleo de Irak, co resultado real da potenciación de dous reximes medievais por parte dun Estado que centra a sua politica exterior nos *direitos humanos*; a imposición dun rearme intensivo e carísimo aos paises árabes, que favorece á indústria das armas dos Estados Unidos e que resulta perfeitamente inútil se o Pentágono, como se ve, ten que organizar un desembarco a cada soa a alarma.

O xigantesto exercício armado do 91 e o 93, coa sua secuela de morte e miséria, amatou de tal maneira a vida política iraquiana que carece de sentido falar agora de provocación por parte dun governante que vive nun búnquer. A guerra serve obviamente outros intereses que non son os de cambiar o governo de Irak, porque estes, en todo caso, non se perseguiron.

Desde o remate da Guerra Fria, Estados Unidos revindica o predomínio sobre as nacións que permaneceran na área de intereses francesa, coma Ruanda, Burundi, Congo e Angola, todas elas, non por casualidade, arrasadas pola guerra. Dacordo coa preceptiva do colonialismo, é preciso que esta operación de reaxuste nas escalas de domínio económico e político se poida cargar na conta dos que padecen a guerra. A propaganda quer compensar con reiteración e omnipreséncia a auséncia absoluta dunha razón moral pra atacar outravolta Irak, pero o resultado desta violenta campaña argumental é, contra toda predicción, non só o avance da opinión antibelicista senon a aparición de discrepáncias no governos arabes, en Rúsia e na UE. Aznar e Blair son a excepción que respalda o abuso e aposta por unha estratéxia das armas sen solución que un seitor da própria política norteamericana xa califica de suicida. ♦

A NOSA TERRA

O novo sismo de 3.6 localízase no mesmo lugar que o de 29 de Novembro do 95, lembrado na zona pola sua magnitude

O *Instituto Geográfico* relaciona o último terremoto en Doiras (Ancares) co rexistado o 6 de Outubro en Belesar (Chantada)

G. LUCA

O novo terremoto de magnitude 3.6 con epicentro en Doiras, nos Ancares, rexistado o pasado dia 18, forma parte dunha longa série que sucede na mesma zona e que vai prolongándose co tempo, segundo as observacions do Instituto Geográfico Nacional (IGN) no *Informe III sobre a Série Sísmica de Lugo*, que foi elaborado despois do sismo de 22 de Maio pasado.

O *Informe* do IGN, elaborado con data 20 de Xuño do 97 pero dado a coñecer só o 13 de Outubro pasado a requerimento do deputado do BNG Guillerme Vázquez, situa un sismo de magnitude 4.6, na mesma localización e con 61 réplicas. Este terremoto, acontecera o 29 de Novembro de 1955 e clasifícase pola sua importáncia detrás do 22 de Maio pasado, con 5.1 de magnitude. Para o IGN a solución dos terremotos de 29 de Novembro do 95, 24 de Novembro do 95 son semellantes ao de 22 de Maio pasado e indica "que as fallas que se activaran dan un movemento de fallamento inverso con compoñente de rachamento e grande ángulo de buzamento." (Ángulo que forma a liña de máxima pendente cunha liña horizontal superposta).

O Instituto di que as fallas responsábeis pertencen a un sistema con dirección SW-NE con solución semellante ao principal e moi parecida canto a clase de fallamentos, inversos con compoñente de rachamento. "Isto indica –conclue o IGN– que o esforzo compresivo é o responsábel da fracturación producida nos terremotos mencionados, pero que, ao estaren separados, ten cadanseu a unha orientación de fallamento acaido ao rumbo das fallas existentes en cada sector, que é semellante pero non exactamente igual".

No seu idioma retorto o IGN identifica un sistema de fallas en actividade crecente desde Novembro de 1995 nun área delimitada por Portomarín, Becerreá, Baralla e a Póvoa de Brollón. Este novo terremoto de 3.6 rexistase no mesmo lugar que o de 29 de Novembro do 95, que ainda se lembra na zona pola sua magnitude. Ambos tamén teñen en común o precedente de unha serie de tremores na localización 42º42´00´´N -07º40´00´´W, no lugar de Lamas, perto da desembocadura do Regueiro pequeno a cento cincuenta metros do embalse de Belesar.

Novas réplicas

A coincidéncia de datas e intensidade provocaron nos viciños de Doiras e Becerreá a observación de que parece comezar a temporada dos terremotos. O IGN considera que son novas réplicas da série inaugurada o 22 de Maio con magnitude 5.1 que foi sentido até en Córdoba. Representantes do IGN negaron, coma en ocasións anteriores, calquera relación entre a estación das choivas e os sismos e alegaron que os hipocentros estaban localizados a dez quilómetros de profundidade o que os situaba fóra de toda influéncia superficial. Pola contra, o Instituto recoñeceu que tanto este terremoto con epicentro en Doiras como outros anteriores da zona e o que se rexistou en Taboada, ao pé de Belesar, o pasado dia 6 de Outubro, están en relación porque forma parte dun sistema de fallas que están en actividade.

Despois do terremoto do 6 de Outubro pasado, a Rede Sísmica nacional negou a importáncia de que o epicentro rexistase un desprazamento cara o Oeste de 20 quilómetros desde o centro do triángulo Sárria-Becerreá-Triacastela e sinalou que un desprazamento desta importáncia non se pode considerar significativo na escala xeolóxica. A conclusión da Rede Sísmica é que o sismo do 6 de Outubro tiña lugar no que adoita nomear coma *triángulo de Lugo*.

O Instituto Geográfico insiste no seu *Informe III sobre a série de Lugo* en que a actividade sísmica da Galiza é baixa. A. IGLESIAS

Esta observación, coma as que reseña o *Informe III* sobre os periodos de actividade precedente da série grande do 22 de Maio deste ano, indica que non é a primeira vez que unha série iniciada no encoro de Belesar prolongase nunha secuéncia de terremotos no triángulo de Triacastela, Sárria e Becerreá. Con todo, o IGN non ten elaborado nengún estudo sobre a sismicidade asociada a este encoro en concreto. Várias instancias relacionadas coa xeoloxia teñen observado despois da série de Maio pasado que seria de interese estudar esta hipótese. O físico Juan José Dañobeitia, director do *Institut Jaume Almera* de Barcelona, autor de un estudo inédito sobre a corteza galega, é unha das voces que ten recomendado de a pouco esta clase de traballo.

O IGN insiste en que "o máis relevante da actividade sísmica de Galiza é que se caracteriza por unha taxa de ocorréncia baixa en relación con outras áreas da Península, con terremotos de actividade superficial (menor de 30 quilómetros) e típicos dunha actividade sísmica intraplaca". A xuicio do Instituto, outra característica dos sismos da galiza e que "acontecen en séries espaciadas por intervalos de tempo máis delongados que no SW, S e SE da Península e algunhas destas séries tiveran grande número de terremotos sentidos pola poboación".

O xeográfico indica que "nos últimos anos observouse un incremento dos terremotos na Galiza, con concentración de epicentros en certas zonas e magnitudes que atinxen valores de 5.1". En todo caso, o IGN insiste en que a perigosidade é baixa porque a magnitude sísmica é baixa, a actividade sísmica ten unha taxa de ocorrencia baixa, a actividade tectónica e baixa e as zonas sísmicas fonte de certa importáncia están lonxe (sic)". Esta opinión contrasta coa dos autores do estudo da corteza galega realizado no verán pasado baixo a dirección de Dale Sawyer no sentido de que a actividade sísmica da corteza da Galiza é extraordináriamente alta. ♦

M. VEIGA

Galiza, ponto de inflexión

O último sondeo eleitoral realizado no País Basco oferecia uns resultados que modificaban en non máis de un ou dous deputados a representación de cada partido. Algo semellante sucede cando estes inquéritos se realizan en Cataluña ou no resto do estado.

Os cámbios no mapa político galego son ben máis pronunciados, só comparábeis aos ocurridos, nas outras comunidades, durante a transición. Tan elevada volatilidade eleitoral indica que Galiza vive un forte proceso de cámbio ainda por rematar.

Esta mudanza é mellor percibida no resto do Estado e a sua categorización está a ser sen dúbida axeitada. Se o "problema basco" e o "problema catalán" eran interpretados como próprios de duas comunidades con aspiracións particularistas, a emerxéncia deste novo nacionalismo non provocou o diagnóstico dun "problema galego", senón algo máis importante e atinado: un cámbio de enfoque. Estase a falar por fin do "problema español". ♦

O PP acusa de 'fascista' a un profesor de Sarria por utilizar un texto de *A Nosa Terra* na clase

A. ESTÉVEZ

Antom Fortes Torres, profesor de galego no instituto de Sarria, foi acusado de "fascista" polo PP da mencionada vila luguesa por utilizar un artigo de *A Nosa Terra* como comentário de texto nunha das suas clases. O artigo, da autoria de Xosé Mª de Castro Erroteta e publicado o 22 de Febreiro de 1996, titulábase *Carta aberta a moitos dos meus paisanos (ou alguns consellos de interese para poder votar o que se queira)*. No texto, en chave irónica, o autor recomendaba unha série de pasos para evitar o voto cautivo. Marcos López, concelleiro do PP e responsábel de *Nuevas Generaciones*, acusou a Fortes de manipular a rapaces de 14 anos perguntándose "que argumento nos quedará aos demócratas cando un profesor de ideoloxia neonazi decida facer apoloxia do racismo na sua clase?" e comparándoo co caso que denúncian "xa que se está a identificar ao PP co cacique".

Antom Fortes Torres, que é concelleiro do BNG en Sarria, sinala que, mália as intencións do PP, non recebeu nengunha chamada da inspección educativa. "Utilicei ese artigo na clase nos dous cursos anteriores pero neste coincidiu co periodo eleitoral e iso é o que lles molesta. O nacionalismo medrou moito en Sarria entre a xente nova. Ademais, o que me chama a atención é que os méios de comunicación que se fixeron eco estaban máis preocupados do periódico no que se publicou que do contido do texto", di o profesor. Os nacionalistas de Sarria sinalaron que "acusar a membros do BNG de fascistas por dar outra visión da realidade é tan absurdo como pretender que por explicar na aula a teoria do marxismo en Filosofia isto vai converter aos alunos en futuros marxistas".

Por outra parte, dous profesores de galego do instituto Mendiño de Redondela recebiron nas últimas semanas a visita dun inspector de Educación. A razón estaba nun suposto anónimo recebido na delegación provincial de Educación en Pontevedra no que se sinalaba que os docentes "tiraban contra o PP". A consellaria non tomou nengunha medida xa que a visita do inspector só era para "avisar" aos profesores.♦

A LINGUA DAS VOLVORETAS NON DEBE SER APRENDIDA

G. CASTRO

Tírolle prestado o título ao Rivas porque foi a lembranza desa xoia literaria a primeira idea que se me veu aos miolos cando souben do caso do profesor de Sarria denunciado polos cachorros por traballar na clase un texto deste semanario.

O Rivas tamén sabe das censuras absurdas pois "Os seus comedores de patacas" foron alcumados de pornógrafos e irrespetuosos coa autoridade paterna pola APA dun colexio de non lembro onde, encirradas por quen todos sabemos ben.

Seica non son os dous únicos casos deste tipo de manobras para esganar a libertade de cátedra e máis a de expresión ao mesmo tempo. Andan a bruar por máis centros escolares os zunzúns das medias verbas faladas con medo. Quen teña a mínima curiosidade pode atopar nos manuais de Psicoloxia Social a técnica do rumor coma instrumento de amedrentar un colectivo. Os nazis foron mestres neste eido.

Quen me contou o que ven de seguido pedíume que non citara lugares nin nomes e así vouno facer por amizade e discreción, xa que non por medo, pois díxome que se era preciso habíao dicir ás claras e sen complexos. Imos ao conto: ia xa a noite cara ao mencer do dia despois ás recentes eleccións ao Parlamento galego, cando un concelleiro do Partido Popular, eufórico coa victória e a celebración da mesma mais ao tempo amolado polo avance do nacionalismo, apresentouse nun bar e, sen vir moito a que, ceibou a súa xenreira e espetoulle a unha parroquiana que alí andaba: "Hai que quitar do medio a todos eses profesores que andan a corromper a nosa mocidade e lavarlles a cabeza aos nosos rapaces con ideas e lecturas nacionalistas. Aí ten o laño dos votos o Bloque e iso non se pode permitir. Haberá que tomar as medidas que sexan pero isto hai que paralo". A frase pode que non sexa estrictamente literal pero o espírito é fidel a intencionalidade da mesma.

Aquel concelleiro tiña medo e facia coma os cans medoñentos cando vas cara a eles, mesmo se os vas acariñar, recúan co rabo entre as pernas arregañando os dentes e ladrando. Todo iso ao mesmo tempo. Non dan asumido o avance nacionalista. E non dan asumido porque eles viven en democracia máis a democracia ainda non aniñou neles.

Desta volta miráronlle as orellas ao lobo (¡Non é tanto lobo como pregoan!) e coma o medo é sabido que é mal conselleiro e sabe a fel, queren quitalo do corpo manténdoo no dos demáis. Mais coma no exemplo do can véselles demasiado o rabo entre as pernas. Certo que ainda poden botar algunha trabada mais medo o que se di medo... xa non dan.

A soia idea de que haxa un medio de comunicación coma ANT fóra da súa influencia inquédaos. Que ainda por riba sexa usado como documento de traballo por un profesor cabréaos, pero si a máis a editora vai a mellor (hai alguns que xa soñamos cun diario con voz propia) consolídase e se bota fora das lindes que lle teñen marcado... póñense malos dos nervios e rebórdalles pola boca o autoritarismo.

Os tempos están a mudar e nen os mozos, nen os profesores, nen os outros galegos de toda caste e condición ata 400.000 van permitir que, coma no remate do conto de Manuel Rivas, outra vez haxa un neno mirando como lle levan ao mestre namentres lle berra desesperado: "Sapo, Tilonorrinco, Iris".♦

Os viciños de Vilaboa continuarán mobilizándose contra a empacadora



A coordenadora anti empacadora de Vilaboa, formada por viciños das parróquias de Bértola e Figueirido, onde se pretende implantar a planta de *Sogama*, continua coas mobilizacións. O Domingo 16 de Novembro, vários centos de viciños e viciñas deixaron bolsas de lixo diante do concello e pediron a demisión do alcalde, o *popular* Enrique Fernández. Axentes de policia identificaron a vários dos manifestantes sendo tamén gravados en cámaras de vídeo. Os integrantes da coordenadora cren que os resultados eleitorais na vila de Vilaboa, con maioria de votos para o BNG e descenso do PP, poñen de manifesto o rexeitamento dos viciños á instalación da empacadora.♦

O Consello da Emigración pede o voto en embaixadas e consulados

O consello da Emigración aprobou as propostas da comisión de direitos civiles e participación referidas aos procesos eleitorais. Ademais de considerar que se pode mellorar a participación dos residentes no exterior nas eleicións que se celebran no Estado, municipais, autonómicas e xerais, destinando máis recursos, o Consello solicita o exercício do voto en mesas eleitorais constituídas en consulados e embaixadas, distribución da documentación eleitoral através destos organismos asi como do voto por correo e supresión do requisito de solicitude prévia para participar nas eleicións municipais.♦

O TSXG lembra a Deputación de Lugo a senténcia do cánon eléctrico

O avogado António Reinoso, defensor do concello de Chantada no litíxio contra a Deputación de Lugo polo cánon eléctrico, sinalou que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza conminará antes de que remate o ano á institución provincial para que cumpra a senténcia que lle obriga a pagar a 17 concellos. Estas vilas son as afectadas polos encoros e as sinaladas pola Xustiza como beneficiárias de máis de 1.000 millóns a repartir que o letrado Reinoso calcula agora en perto de 2.00 millóns polos intereses acumulados a causa da demora da Deputación.♦

Beiras entrevístase co presidente do Parlamento de Cataluña

Xosé Manuel Beiras, portavoz do BNG, entrevístase o Xoves 20 de Novembro con Joan Reventós en Barcelona nunha visita que o leva a esta cidade durante un par de dias. Ademais deste encontro, o político nacionalista foi recebido pola executiva de Esquerra Republicana de Catalunya e participou nunha mesa redonda co seu secretário xeral Carod Rovira na Universidade Pompeu Fabra. Outra conferéncia protagonizada por Beiras analisará os resultados eleitorais na Galiza e, por último, dá unha charla na Tribuna de Barcelona sobre *Presente e futuro do nacionalismo*.♦

O BNG pede o compromiso da Xunta contra a liberalización do prezo dos libros

A través dunha pergunta parlamentária, a deputada do BNG Pilar Garcia Negro quer saber como se traduciu o compromiso formulado pola Xunta en Outubro coa Federación de Libreiros da Galiza contrária a liberalización do prezo dos libros de texto. A competéncia coas grandes superfícies comerciais é imposíbel de manter, segundo os nacionalistas, que propugnan a reducción ou eliminación do IVE e a posibilidade de desgravación por mercar libros para camiñar cara a gratuídade. Pilar Garcia Negro quer saber se a Xunta defende estas medidas e "como traduciu en xestións o compromiso adquirido cos libreiros".♦

Segunda asemblea da AMI

Os dias 22 e 23 de Novembro celébrase na sala Galan de Santiago a II Asemblea Nacional da AMI (*Asemblea da Mocidade Independentista*). Vaise debatir a liña política e a reestruturación interna da organización. O 23 a a partir das sete da tarde estará aberta a sala para os méios de comunicación.♦

OPINIÓN

1 DE DECEMBRO, DIA MUNDIAL DA SIDA

MANIPULACIÓN DA OPINIÓN PÚBLICA?

MANUEL GARRIDO

A existencia dun núcleo de científicos de renome internacional, que veñen poñendo en dúbida estes últimos anos que a chamada SIDA sexa un proceso infecioso, provocado polo virus chamado VIH, empeza a ser cada vez máis coñecida polos non entendidos. Repasemos, para os que non se enteiraron.

O primeiro científico en discrepar da visión oficial foi Peter Duesberg, profesor de Bioloxía Molecular de California Berkeley, e membro da Academia Nacional de Ciencias dos EE.UU., casualmente unha das autoridades mundiales no eido dos retrovirus, (que é o tipo de virus ao que supostamente pertence o virus VIH. Este investigador foi o primeiro en trazar o mapa da estrutura xenética dista cras de virus). Era, pois a persoa indicada e así, no ano 1987, na prestixiosa revista *Cancer Research*, Peter Duesberg daba unha série de razóns polas que non vía probábel que o virus VIH, (un retrovirus antiguo, escaso, de moi difícil transmisión horizontal e, coma todos os retrovirus humáns, inofensivo), puidera ser o causante dos males que se lle atribuían. A publicación do seu alegato foi seguido do máis absoluto siléncio por parte do *stablishment*. A resposta viríalle a Duesberg tempo despois coa suspensión da beca de investigación, que viña disfrutando merecidamente desde habia anos. Non houbo máis argumentos.

Uns anos máis tarde, no 1992, constituíase en Amsterdam o "Grupo pola Revisión da Hipótese VIH-SIDA", formado inicialmente por médio cento de científicos e que na actualidade conta con vários centenares, os cales suscribiron a seguinte declaración: "O público xeral cre que un retrovirus chamado VIH causa o grupo de doenzas chamado SIDA. Moitos científicos bioquímicos poñen agora en dúbida esta hipótese. Propoñemos unha revisión das evidéncias existentes a favor e en contra desta hipótese. Propoñemos ademáis que se deseñen e leven a cabo estudos epidemiolóxicos críticos". Esta breve declaración foi enviada ás publicacións científicas máis importantes, sen que tuvera nengun eco nas mesmas polas conseguintes presións.

Pasa o tempo e no ano 1993 é galardonado co Nobel de Química o bioquímico americán Kary Mullis, pola invención da PCR, (Reacción da Polimerasa en Cadea), unha sofisticada técnica xenética que permete a ampliación de calquera ADN ou ARN, da orixe que sexa, e que é a técnica máis avanzada hoxendía para a deteción de virus. Na entrega de prémios o doutor Mullis fixo referéncia ao VIH, manifestando que non había probas de que fora o causante do SIDA. A súa conferéncia, por suposto, non foi publicada.

O doutor Mullis negou tamén recentemente que a medición do que se ven chamando a "carga viral" teña validez algunha, pois a PCR, técnica por él descuberta e na que se pretenden basar a medida disa chamada "carga viral", só serve para amplificar, e non para medir cantidades.

Desde hai anos seica, só atopa eco nos meios unha variada apoloxia do VIH, mentras que todas aquelas argumentacións que contradin a visión oficial e que foron publicadas, até agora, é coma se non existisen. O *stablishment* científico non rebate, cala, e nega toda confrontación dialectica.

> 'Este tribunal non puido atopar, nun ano, un só científico que fose quen de demostrar sequera que o VIH existe.

E, a todo isto a xente pensará: "Non ten nada de particular que haxa científicos que neguen que o SIDA sexa un proceso infecioso causado polo VIH. O caso é que "a maioría dos científicos pensan o contrário, que o VIH é o causante".

Pero aqueles que así pensan, ben se ve que non saben da última.

Como moitos lembrarán, hai ano e médio iniciábase na localidade xermana de Göttingen o xuizo contra uns médicos, acusados de ser os responsábeis do suposto contáxio a miles de persoas do VIH, mediante transfusións de sangue que non pasaron os controis pertinentes. Ao principal médico imputábanselle nada menos que 14 asasinatos e 5.800 intentos, pois dises miles de supostos infectados, 14 morreron de SIDA seica. Pois ben, o virólogo alemán Stefan Lanka compareceu nese xuizo como experto, declarando que o virus VIH non existe coma tal virus, polo que evidentemente non pode ser o causante das mortes, e aínda foi máis alá: retóu ao tribunal a que atopasen un só científico que fora quén de demostrar e declarar baixo xuramento que o tal virus existía. A pesar da discreción con que foi levado todo o asunto, finalmente, vímonos de enterar do que é todo un acontecemento singular, e é que, o tribunal ven de absolver aos médicos inculpados, dándolle a razón ao señor Lanka, do que se deduce que este tribunal non puido atopar, nun ano, un só científico que fose quen de demostrar sequera que o VIH existe.

Ao final, resulta que todo ese consenso dos científicos, en torno a que o virus VIH é a causa do SIDA, é algo forzado, artificial, resultado máis da propaganda e o autoritarismo, que da convición en razóns sólidas de tipo científico, seica. Parece ser que estamos etiquetando a milleiros de persoas xóvenes coma portadoras e axentes transmisores dun virus letal, sobre a base do que son meras suposicións, puras e simples especulacións. ♦

MANUEL GARRIDO SOTELO é médico, membro do Grupo Científico-Médico Pro Replantexamento da SIDA

A REFLEXIÓN SOCIALISTA

GALEGUISMO VERSUS NACIONALISMO

RAMÓN MUÑIZ

A importante suba do BNG nas últimas eleicións autonómicas convulsionou aos partidos de implantación estatal e sobre todo ao PS de G-PSOE levándoo a centrar a autocrítica do seu fracaso na falla dun planteamento galeguista. En consecuéncia, o "galeguismo" deberia convertirse no eixo da súa estratéxia futura como meio de neutralizar o "nacionalismo", representado maioritariamente polo Bloque.

Segundo esta apreciación, galeguismo e nacionalismo serían elementos paralelos poidendo ser o un sen ser o outro.

É isto posíbel? A discusión non é banal posto que deixar que penetre no seo da povoación esa disgregación córrese o risco de reconvertir o galeguismo nunha caricatura trivializadora de toda a nosa forma de vida, anulando así a súa comprensión como idea simbólica fundamental da nosa identidade como povo.

É verdade que conceptualmente pódense distinguir galeguismo e nacionalismo, de maneira que o primeiro significaría a defensa do galego nun sentido cultural —na acepción sociolóxica do termo cultura, como "forma común e aprendida de vida"— e o segundo interpretariase como a defensa do galego desde unha perspectiva política, é dicer a través da consecución do poder político necesário para protexer os interese dunha sociedade en canto comunidade de cultura configurada como colectividade nacional. Non obstante, ambos elementos forman parte integrante dun mesmo conxunto, exprésanse converxendo nunha mesma sociedade e influindo no seu comportamento, organización e obxectivos. De maneira que cando se fala de loita de liberación nacional estase a referir a unha loita contra a opresión como povo diferenciado, o que quer dicer que ese povo é agredido non só nos seus dereitos políticos senon tamén socio-culturais, nas súas posibilidades de desenvolverse en función da súa herdanza social, única forma de poder impulsar desde si mesmo todas as potencialidades para acadar o seu benestar.

> 'Nacionalismo e galeguismo están intimamente relacionados".

Nacionalismo e galeguismo están, polo tanto, intimamente relacionados, podríase dicer que o nacionalismo é a tradución política do galeguismo, independentemente de que o galeguista individualmente esté ou non afiliado a un partido nacionalista. Pero si o está a un partido español vivirá nunha contradición que sen dúbida criaralle problemas na súa ética política, pola incoeréncia que supón a defensa dunha comunidade de cultura desde unha opción política que non ten como función fundamental a revitalización da mesma porque precisamente iso conlevaría unha concienciación nacionalista da súa povoación o que non favoreceria as intencións político-eleitorais dese partido.

Outra cousa é, que ese galeguismo sexa unha carauta que se pón dun xeito oportunista cando resulta rentábel eleitoralmente. O galeguismo convírtese, entón, nun disfraz que afecta á superfície dos sentimentos do povo tratando de ocultar o fondo da súa razón de ser como tal.

Esta folclorización do galeguismo, utilizada con bastante éxito polo PP e que agora trata de emular o PS de G-PSOE, pode constituir certa amenaza para o avance do nacionalismo. Por iso é preciso que os nacionalistas, lonxe de desligarnos desa idea, reivindiquemos que os galeguistas somos nós, defendendo o seu verdadeiro contido expresado nunha história de seu, institucións peculiares, valores compartidos, actitudes e condutas específicas, acervo criativo característico, idioma próprio... ♦

RAMON MUÑIZ é sociólogo

Xosé Lois

PARLAMENTO

Os nacionalistas apresentaron tres iniciativas e Cuiña arengou aos seus a que non se deixen comer terreo

Comeza a V Lexislatura cun BNG que se quer mostrar como alternativa e un PP disposto á liorta

PAULA CASTRO

Como tentará o PP desbaratar a oposición do BNG, será capaz Cuiña de imprimirlle unha dinámica diferente ao seu grupo para que se vexa a sua impronta, canto tempo tardará abel Caballero en sumirse no ostracismo? Estas son as tres principais incógnistas coas que comeza a V Lexislatura . De momento o BNG non agardou nen un día para comezar a sua laboura de oposición e a súa deputado María do Pilar García Negro apresentou as tres primeiras iniciativas.

Os deputados en pé entoan o hino. A. PANARO

Mentres os parlamentários do PSOE andaban debanados polos corredores do Pazo do Horreo minutos antes de comezar a V Lexislatura, Cuiña Crespo arengaba á sua equipa como novo treinador que tente inculcarlles a própria táctica. O grupo socialista está claramente á baixa. As suas facianas son o fidel reflexo dos últimos resultados e da división interna. Pérez Touriño, novo voceiro parlamentar, semella ser o único con moral, estrenando fachendoso a sua titularidade. Abel Caballero, sentado ao seu carón, non se sabe por canto tempo, acusa a sustitución e escabúllese tan ben remata o acto.

A táctica que pretende impoñer Cuiña Crespo ao seu grupo está deseñada desde a confeción da listas. Nada de florituras parlamentárias, nen cortesia, nen oratória, nen retusías. Impónse o corpo a corpo, para iso se confecionaron as listas. O novo voceiro do PP, Xaime Pita, un betanceiro de família rica da vila, foi moi claro nunhas declaracións a semana anterior: "se eles berran, nós berraremos, se eles berran máis, nós berraremos máis porque tamén somos máis".

O BNG tamén deixou ver desde o primeiro día cal será a sua táctica, ser o "polo da oposición", en verbas de seu portavoz, Xosé Manuel Beiras, apresentando tres iniciativas a instáncias de Pilar García Negro, segunda voceira: unha sobre o plano de reforma de Humanidades, outra sobre o prezo do libro de texto e unha terceira a respeito da alusión de Manuel Fraga ao escote da deputada socialista Clementina Díaz.

Así comezaba o parlamento de Galiza comezou a andaina da sua V lexislatura, o pasado martes 18 de Novembro. Seguindo a xa instituida tradición, os parlamentários do BNG prometeron acatar o Estatuto e a Constitución sobre o *Sempre en Galiza* de Castelao e cun caravel na man esquerda. Entre as novidades destaca a presenza do BNG como grupo maioritário da oposición, a constitución do Grupo Mixto, integrado polos dous deputados de EU-EG e a substitución de Vitorino Núñez por Xosé Maria García Leira na presidéncia da cámara.

A mesa de idade presidida polo deputado máis vello do parlamento, Manuel Fraga Iribarne, do PP e polos máis novos, Bieito Lobeira, do BNG e Xaquín Muñoz, tamén do PP, facendo as veces de secretários, foi a encarregada de pór en marcha a V Lexislatura. Ao longo da mañá elixíronse aos integrantes da Mesa do Parlamento e os deputados tomaron posesión dos seus escanos.

Coa nova composición da cámara, a Mesa do Parlamento sofre alguns cámbios, entre os que destaca a presidéncia de Xosé Maria García Leira, do PP, como presidente en substitución de Vitorino Núñez, con Celso Rodríguez Arce, tamén do PP como vicepresidente primeiro e Bautista Álvarez, do BNG como Vicepresidente segundo, ao pasar esta formación política a ser o grupo maioritário da oposición. Xoán Pedrosa, do PP actuará como secretário e Miguel Cortizo, do PSdG-PSOE pasa a facer o papel de vicesecretário.

EU-EG por libre

Os dous deputados de EU-EG, Anxo Guerreiro e Xosé Manuel Pazos demonstraron que a sua intención durante esta lexislatura é ir por libre. De feito, ainda que votaron a favor do socialista Miguel Cortizo como Vicesecretário da Mesa, tamén apoiaron co seu voto a Bautista Álvarez como Vicepresidente segundo pésie a abstención dos seus compañeiros de lista, os deputados do PSdG-PSOE. Anxo Guereiro aseguraba ao remate da sesión que co seu apoio a ambos candidatos, os membros do grupo mixto pretendian amosar a sua intención de "traballar na oposición desde o consenso".

Pola sua banda, Xosé Manuel Beiras poñia en cuestión a composición da Mesa, en función da representación parlamentária dos distintos grupos que a conforman, asegurando que "haberia que cuestionar se a regla aritmética segue sendo correcta". Beiras, que é o único que repite como portavoz do seu grupo no parlamento, destacou que o traballo do BNG na recén inaugurada lexislatura, centrarase en "ser unha alternativa en positivo" e destacou que pésie ter cambiado de ubicación na cámara –agora sentan nas primeiras filas, que antes ocupaban os deputados do PSdG-PSOE- "prefiro o poleiro que o pátio de butacas", porque desde os novos escanos "corremos o risco de perder a perspectiva", afirmou entre gargalladas.

A respeito dos votos a favor dos integrantes do Grupo Mixto, Beiras indicou que o que está acontecendo neste intre é que os deputados de EU-EG "tenden a identificarse cun grupo distinto do resultante da coalición na que foron integrados nas eleicións". Segundo Xosé Manuel Beiras o valor que ten o seu apoio a Bautista Álvarez debe ser analisado, polo tanto, "a nível simbólico".

Pola sua banda, Emílio Pérez Touriño, que se estrena como portavoz do grupo socialista, sinalou que tratarán de achegar a institución parlamentária aos cidadáns e que o seu traballo se centrará en facer que o parlamento "xogue o papel que ten que xogar na vida política" e Xaime Pita, o novo portavoz do PP adiantou que desde o seu grupo esperan unha "lexislatura prolífica, tanto na orde lexislativa como no cumprimento do programa político do PP".

O novo Presidente da Cámara, o *popular* vilalbés, Xosé Maria Garcia Leira, amosóuse exultante polo novo papel que xoga no parlamento e preveu un maior confronto dialéctico pola presenza de catro grupos, un máis que na anterior lexislatura. Garcia Leira preferiu non concretar os aspectos positivos ou negativos da presidéncia de Vitorino Núñez ainda que si se indicou que non será tan flexíbel como o seu predecesor no posto nos tempos de debate destinados a cada grupo parlamentário asegurando que "os tempos téñense que aplicar. Unha pequena marxe debe existir pero non son moi partidário de deixar que pasen porque senta precedentes".♦

A. EIRÉ

Sangue de mouros

Se o PP tiña medo de que Mauro Varela repartise moito xogo desde a Presidéncia do Parlamento, García Leira foi escollido para o cárrego porque vai ser un árdigo cronometrador de tempos. Nas primeiras declaracións realizadas despois de resultar elexido presidente da Cámara, deixou claramente de manifesto cal é a sua visión do cárrego: todo se reduce a aplicar o regulamento co reloxo na man. Lonxe quedan as lexislaturas de António Rosón oficiando de *patrón*, de Pérez Vidal remitíndose a *usos e costumes* que se impuxeran unicamente nalgunha sesión, ou do mesmo Vitorino Núñez que, cando estaba un pouco enfurruñado cos seus compañeiros, facía brindis ao galeguismo. Non é lego na matéria García Leira. Na sua etapa de alcalde de Vilalba distinguiuse precisamente polo seu xeito autoritário de conducir os plenos e pola total falta de diálogo coa oposición. É moito máis simpático cando, cunha copa de viño, lle dá por cantar, e canta ben,*Granada*. Agardemos que a nova alfombra mercada para a sá de pleno non se luxe co "sangue de mouros", os infieis que non son do PP.♦

Fraga agacha o seu pasado político

Segundo figura no *curriculum vitae* de Manuel Fraga Iribarne, entregado aos méios de comunicación polo seu gabinete de prensa, a "carreira política" do até o de agora presidente da Xunta comeza alá polo ano 1976 como "un dos artífices da transición democrática española". Alén diso, preséntao como participante na redación da actual Constitución, fundador, secretário xeral e presidente de Alianza Popular, xefe da oposición parlamentária, deputado no Parlamento Europeo, vicepresidente da internacional conservadora e desde 1989 presidente do PP galego e da Xunta de Galiza. Como nunca fixo pública unha rectificación a respeito da sua activa participación na ditadura mesmo a frente dalgúns ministérios, ou trata de agachar o seu pasado ou ben os anos impídenlle lembrar con nitidez o papel político que xogou do lado de Franco. O próprio Cuiña teria acumulado máis anos na política porque cando menos recoñece que foi concelleiro en Lalín durante a ditadura (1971).♦

Chaman aos deputados do BNG en castelán

O deputado do PP, Xaquín Muñoz, que facia as veces de secretário na mesa de idade xunto con Bieito Lobeira, empeñóuse en chamar a votar aos deputados do BNG traducindo os seus nomes ao castellano. Por iso, cando chegou o turno do portavoz nacionalista e chamou a un tal José Manuel Beiras Torrado, o único deputado cuxos apelidos coincidian co nomeado negóuse a achegarse á urna até que Muñoz rectificou e chamou a Xosé Manuel Beiras, que si estaba presente na cámara. O mesmo fixo cun tal Jesús Vega até que Bieito Lobeira pediu que lera os nomes tal e como estaban escritos. Por suposto o deputado do PP chámase Joaquín e quizais non ten a intención de galeguizar o seu nome.♦

Os populares fan playback

Moitos dos deputados do PP demonstraron o seu total descoñecimento da letra do himno galego cando este comezou a sonar polas equipas de son do Parlamento, como clausura da sesión inugural da recén estreada V Lexislatura. Por iso parecian un coro facendo *play-back*, cando se lles via mover os beizos sen emitir sonido algun. Se cadra deberian ter repartido unha cantas cópias da letra para que de paso o foran aprendendo. Os anteriores aprenderano na escolade adultos, pero sabíano.♦

A dirección pretende que as propostas se incluan no documento que coordena Laxe

Os críticos do PSOE tentan aglutinar descontentos para forzar un congreso

No PSdG-PSOE hai agora tres tácticas. A da dirección que pretende que as discrepáncias queden todas subsumidas no documento de estratéxia que elabora González Laxe. A dos *críticos* que, levantando un bandeirín de enganche, tratan de aglutinar a descontentos para forzas a convocatória dun congreso extraordinário e a dos *tácticos* que agardan sacar tallada cos enfrontamentos dos demais ou que ainda arelan algun posto.

Se Francisco Vázquez consegue que a discusión sobre a situación do PSdG-PSOE sen que que se sobarde o documento que está a elaborar González Laxe, rematando nunha asemblea extraordinária, logrará non só manter o seu posicionamento de predomínio, senón ser interlocutor en Madrid e impoñer a política que lle apeteza pola dinámica dos "feitos consumados". Esta é a dinámica que quer rachar o sector crítico. A elaboración dun manifesto dado a coñecer á opinión pública o 18 de Novembro, data de constitución do Parlamento, forma parte do intento de criar "unha dinámica que pretende aglutinar ao maior número posíbel de militáncia", en palabras de Miguel Barros, un dos seus membros máis destacados.

Este "bandeirin de enganche para a militáncia descontenta coa situación, para moitos que se apartaron da vida partidária, até deixar ao PSOE sen estrutura", ten como obxectivo final propiciar a convocatória dun congreso extraordinário no que se troque a actual dirección. Afirman que, cada dia, teñen máis agrupacións locais con eles e que son máis e máis os destacados militantes quen se suman a sua iniciativa.

Pasos cara adiante semellan que están a dar desde ainda non hai un mes. De momento xa foron quen de xuntarse unha dúcia de destacados militantes e apresentarse publicamente como alternativa, liderados por Xerardo Estévez. Asi na rolda de prensa de apresentación do manifesto estaban persoas como Ceferino Díaz, Miguel Barros, Rodríguez Pardo, Gato Soengas, Enrique Curiel, Margariña Valderrama, Campos Romai ou os alcaldes de Cuntis e Mondoñedo. Estaban todos os que no congreso de Ourense eran a alternativa a Vázquez e que por diferéncias internas lle voltaron a dar o poder no partido despois da sua dimisión por mor da capitalidade. Agora acabalean xuntos de novo.

Se Francisco Vázquez os acusaba na primeira reunión do Comité Nacional de non ter unha alternativa, agora semella que o único que lles falta é o cabeza visíbel para opoñerse ao actual secretário xeral. De momento Xerardo Estévez está a realizar as funcións de voceiro, pero négase a asumir o liderazgo que a maioría lle reclama insistentemente.♦

O PROBLEMA DO PSdG É O PSOE

ALFONSO EIRÉ

A comezos de 1982, Francisco Vázquez reuníase cos principais construtores da Coruña entre os que se atopaba a família de Maria do Carmo Iglésias Illanes, a sua dona. Na xuntanza puxéronse de manifesto as grandes vantaxes que traeria para a cidade a capitalidade. Antes, os mesmos construtores xa se encarregaran de desaloxar da alcaldia ao nacionalista Domingo Merino e de paralizar o PXOU. Vázquez prometera no partido que nas eleicións municipais de 1983, ás que tiña decidido presentarse como candidato, "aprobaria un Plano de Ordenación máis progresista", pero o que resultou foi un plano á comenéncia dos construtores coruñeses. Despois daquelas reunións, e non o 23 de Xuño de 1982, coincidindo co debate en pleno da proposta de capitalidade, Francisco Vázquez realizou un espectacular rouse político, deixando a médio partido entre o eixo e a roda. Xa antes lle impuxera tamén ao PSOE unha política moderada pola vía dos feitos consumados, que se ia convertir no xeito de actuar en anos sucesivos dun partido que, desda aquelas, viu reducida a sua capacidade de manobra.

> "Un cámbio de política do PSdG-PSOE debe levar consigo un relevo na dirección que a faga, non só críbel, senón efectiva na sociedade".

Un partido críase e pervive cando defende os intereses dun sector social. Os dirixentes deben ter, xa que logo, os mesmos fosallos que os restantes membros da organización e que os cidadáns que pretenden representar. É por iso polo que un cámbio de política do PSdG-PSOE debe levar consigo un relevo na dirección que a faga, non só críbel, senón efectiva na sociedade.

A crise dos socialistas galegos, eleitoral, pero sobre todo organizativa, é froito desta falta de sintonia social da sua direción. Na Galiza, o PSOE, pésie ás múltiples tentativas galeguizadoras, sempre foi portador dunha política supeditada ás directrices estatais. O partido semella marcado pola história: en 1936 unha parte do mesmo pediu o voto en contra no referendum do Estatuto de Autonomia. Tampouco é casualidade a oposición de Francisco Váquez e Andrés Eguibar a concorrer co Partido Socialista Galego ás primeras eleicións lexislativas democráticas, nen a cativez dos resultados con tres únicos parlamentários, ainda chamándose Federación Socialista Galega.

O ascenso rexistado polo PSOE galego, despois de facerse coas siglas do PSG, nas sucesivas consultas eleitorais, foi máis o reflexo do éxito estatal de Felipe González que un froito da dinámica própria. Na actualidade o PSOE xa non representa o voto ético da esquerda, nen tampouco conta, obviamente, co tirón do *poder*.

Nunha situación como a de Galiza, onde se vive un proceso de *nación emerxente*, resulta lóxica a perda de apoio cidadán ao PSdG-PSOE, que semella voltar ao seu *estado natural*, acadando o mesmo número de deputados que nas primeiras eleicións autonómicas. Os intentos dalguns dos seus líderes de apresentarse agora como galeguistas, mesmo como federalistas, semellan un remedo da política realizada por Esquerda Unida. O modelo non parece o máis apropriado. Hoxe EU-EG perdeu todos os seus referentes, incluso o estatal que ate agora lle permitira a sobrevivéncia. O PSdG-PSOE sempre contará, sen embargo e a diferéncia de EU, co segmento eleitoral que ocupe o liberalismo español e mesmo poderia convertirse nunha espécie de ORGA, namorado como está Vázquez do *Casares-Quiroguismo*.

O PSdG-PSOE atópase asi no mesmo ponto que cando comezou a sua andaina autonómica en 1983, pero cunha experiéncia negativa e unha organización tan esfarelada coma daquelas, cando Guerra laminou ao sector galeguista, coa inestimábel axuda dos seus próprios erros. O problema do PSdG está no PSOE.♦

O Plano Hidrolóxico español preocupa en Portugal

O semanário INDEPENDENTE salienta que o governo de Lisboa está preocupado polo propósito español de relanzar o Plano Hidrolóxico que Cavaco Silva detivera. "Depois de, no passado dia 15 de Outubro, na reunião do Conselho Nacional da Água terem sido aprovados os *planos de bacia* dos rios Minho, Douro, Tejo e Guadiana, os espanhois preparam-se para agora vançar com o plano nacional, em cujo âmbito se discutirão os transvases de água para o Sul, temidos por Portugal. A questão dos recursos hídricos está fora da agenda da Cimeira Luso-Espanhola que se realiza nos próximos 18 e 19 como medida de retaliação do governo de Aznar pela sua recente derrota face a Portugal na NATO. Pelo mesmo motivo, Espanha está a ainda a bloquear os dossiers das pescas e as questões pendentes relativas às ligações rodo-ferroviárias entre os dois países. Várias fontes sublinhan o malestar causado em Madrid pelo facto de Lisboa ter conseguido que o território continental português ficasse fora do comando europeu da NATO, sem subordinação a Espanha. A prova disto, dizem fontes militares, são os recentes vôos a baixa altitutde de caças da Força Aérea espanhola sobre as Ilhas Selvagens (ao nordés de Madeira)". No mesmo xornal, Fraga declara ao xornalista josé Luis Ribeiro que o proxecto do tren de alta velocidade Porto-Vigo avanza: "Esse assunto é um dos que vão ser estudados na próxima cimeira ibérica".♦

XOSÉ LOIS / LA REGION

Iberos de España e portugueses bárbaros

Fernando Correia de Oliveira critica no xornal lisboeta PÚBLICO o esquecemento de Portugal nas exposicións *Os Iberos*, aberta en Paris e *Hispania Romana*, montada en Roma. "A península ibérica tinha uma cultura requintada e florescente na sua orla mediterrânica, antes de o imperialismo romano ter lá chegado. Os iberos desa zona eran *a alma* de Espanha e o resto era barbárie. A Espanha actual é a Hispania romana e o resto é paisagem. Estas são as mensagens dadas por duas exposições patrocinadas pelo Governo espanhol em Paris e Roma, e onde Portugal fica de fora, por incontestáveis razões científicas num caso, ou por descarada apropriação de conceito/espaço, por outro. Centenas de milhares de portugueses e de luso-descendentes (perdão Madrid) viram encontrar Viriato, os Lusitanos, as tribos que deram que fazer as legiões romanas, as que imprimiram o DNA português alguma irreverência. Portugal teve sempre que lutar ao longo da sua história contra a forza centrípeta de Castela-Espanha. Como pequeno país inexorávelmente ligado por motivos geográficos a um outro maior em tudo, cercado por ele e pelo mar no seu diálogo com o resto do continente europeu, Portugal tem muitas dificuldades em projectar a sua imaxem, independente, afogado na realidade ibérica, vista de fora como realidade espanhola(...) Pois nas circunstâncias do momento, Hispania e Espanha, Ibéria é apenas a costa mediterrânica espanhola. Portugal fica bárbaro, céltico. Mas cuidado não vá a Galiza ficar-lhe também com isso".♦

Idiotas, fanáticos e historiadores

Xan Soto titula *Necrófagos* unha sua coluna de EL PROGRESO adica á recuperación da história. "Hai un par de semanas, unha paranoica publicación galega resgataba para goce dos seus leitores, os episódios exemplares que aconteceran nunha vila da provincia de Lugo na que o personal é alérxico á dieta de tripas. Case todo. De feito hai quen garda na memória certas festas a base de vísceras: por exemplo, o asasinato dun pai de família en presenza da muller e dos fillos. A cousa non ten a maior importáncia. Personalmente, esa clase de incidentes déixanme mais ben frio: a diário cruzo sen conmoverme con toda laia de idiotas, fanáticos e historiadores tocados por lesións cerebrais altamente perigosas. Non me preocupan pero aborrézoos".♦

Lois Pérez Castrillo

'Calquer governo, ainda con maioria, ten que traballar coa complicidade da sua base social'

XAN CARBALLA

VIGO E PONTEVEDRA SON AS CIDADES QUE ACADARON A MEIRANDE PORCENTAXE DE VOTO NACIONALISTA NAS PASADAS ELEICIÓNS, POR RIBA DO 30%, UN MEDRE QUE NA CIDADE OLÍVICA COINCIDE CUN MOMENTO DE CRISE AGUDA DAS INFRASTRUTURAS MUNICIPAIS, DEFINIDO POR LOIS PÉREZ CASTRILLO, PORTAVOZ DO BNG NO CONCELLO, COMO "PLAGA BÍBLICA QUE TROUXO A POLÍTICA DO PP DE NON GOVERNAR E ADICARSE A OCUPAR AS INSTITUCIÓNS".



A. IGLESIAS

Vigo vive nas últimas semanas en primeira liña informativa por mor de fundimentos de ruas, asulagamentos, desbordamento do Lagares,... Como valora esta situación?

A maioria dos factores que nos levaron a esta situación veñen de que o PP non fai política para resolver problemas senón para se manter no poder. Sobre as inundacións hai que falar de ausência de políticas hidráulicas da Xunta, de desatención total do Lagares (limpeza, dragado, deslinde do domínio público,...) En doce anos todo o que fixo Cuiña foi soltar uns parrulos, que morreron aos poucos dias por un vertido de gasóleo, e agora dar uns cartos a tres famílias. Hai un plan de rexeneración do Lagares, elaborado pola anterior corporación, realizado polo concelleiro de medio ambente Xesus Costas, e aprobado nesta lexislatura pero que non se pon en práctica. O plan de saneamento integral, aprobado no 1988, mistura augas pluviais e negras no mesmo colector, e cando chove un pouco desbordan as alcantarillas; a concesionária do servicio de augas (SERAGUA) tiña que investir 13.000 millóns en saneamento pero non se controlaron as obras adecuadamente até hai dous anos, e temos denúncias de asociacións viciñais que comprobaron que se reduciu o previsto diámetro das tuberias, e o mesmo problema de pouca dimensión teñen os colectores do Lagares. Súmese a todo isto que o desmantelamento e a falla de directrices políticas teñen abandoados os servícios municipais primordiais e topámonos unha rede de esgotos desatendida que se desborda cando chove por todas as partes. E por que se funden as ruas? Porque aqui, cando se fai unha obra no sochán e se topan augas soterradas céganse as minas e non se reconducen. Agora vense os resultados do disparate de política municipal do PP.

Antes das eleicións vostede aparecia como parceiro dun futuro governo municipal liderado polo PSOE. Agora, cun 32% nas autonómicas, o BNG poderia obter a alcaldia no 1999. Que sucedeu na cidade o 19 de Outubro?

É un resultado que cabia esperar. A composición e a situación de Vigo coincide singularmente co proxecto que representa o BNG: sectores produtivos moi golpeados pola crise, un centro económico que sofre singularmente a carência de infraestruturas, un porto abandoado en investimentos, unha masa importante de povoación xoven, un núcleo moi importante de clase obreira organizada (a CIG é a primeira central representativa na cidade) e un movemento viciñal moi potente,... Os resultados responden á lóxica desa coincidéncia o que tamén permite supor que a suba do BNG non tocou teito, porque ademais somos a única forza política cun discurso acorde aos intereses da cidade.

É curioso que xa a mesma noite eleitoral os que cuestionaban a sua "falla de carisma", concedianllo á vista dos resultados.

O que aconteceu é que o BNG non era visto como segunda forza política, e nesa percepción xogan moito os meios de comunicación que fan de tapón do que é a expresión real do medre e do discurso nacionalista. Agora rompeuse esa barreira psicolóxica e os cidadáns xa pensan que todo é posíbel, tamén un alcalde nacionalista. Desde ese ponto e hora fíxanse tamén en quen representa ao BNG a nível municipal e os meios de comunicación teñen que refrexalo. Nas anteriores autonómicas quedáramos 2.000 votos por riba do PSOE pero agora son 18.000. Esa realidade foi ocultada deliberadamente por alguns meios nesta campaña. Tendo en conta que é necesário un governo alternativo ao PP, xa non só por ser a dereita, senon para que a cidade funcione e progrese, e para sustituir a un alcalde que se revela como un incompetente absoluto, nós temos que ser quen de construir unha alternativa de ampla base social, que apoiándose no discurso do BNG e sendo o nacionalismo o nucleador, acumule enerxias para governar a cidade.

De que lles serviu a experiéncia concreta de governo municipal nunha grande cidade?

A aprendizaxe do periodo 1991-95 foi unha proba de lume, porque eramos unha organización pequena, con nula experiéncia institucional e preséncia social moi relativa. Houbo que facelo todo. Tiñas que controlar ao teu sócio de governo, nunha correlación de forzas mínima para nós cun concelleiro; facer política de governo conxunta e para un área específica que nacia (Relacións Cidadáns) e criar organización política. O balance foi positivo porque hoxe temos unha importante preséncia no movimento social, unha organización que cobre prácticamente todas as parróquias, medramos en afiliación, temos cadros políticos e temos experiéncia. E sobretodo unha visión da cidade moito máis perfilada.

O pacto do 95 deuse nunha situación difícil, cun avance do PP moi forte, que estaba tratando de capitalizar movimentos sociais (Rande-Puxeiros, incineradora, Guixar...) que eles non amparaban; un PSOE con 11 concelleiros e 3 concelleiros nacionalistas que tardaron en confluir no BNG. Ainda con esa relación de forzas soubemos conservar os perfís próprios con bastante nitidez, apesar de que esas cifras, por pura concepción democrática, obrigábannos a cesións. De todo isto aprendimos algo que é fundamental para calquer governo, mesmo en maioria: hai que ter complicidade permanente cos movementos sociais.

Que pode propoñer un governo local cos condicionamentos de estar o PP en Santiago e Madrid?

Cámbia segundo o lugar, porque Vigo é unha cidade moi desustruturada, que pasou en 25 anos de 80.000 a 300.000 habitantes, con moita povoación sen asentar, cun enorme desaxuste urbanístico que non se pode resolver en catro anos. O que non se vai poder é oferecer un cámbio da noite ao dia, pero desde as competéncias municipais, incluso co cerco autonómico, podo dicer desde a experiencia que se poden mudar moitas cousas.

Vigo, sobretodo é unha cidade comercial e industrial, e hoxe non temos nen sequer chan industrial, haberá que pelexar polas infraestruturas básicas para unha cidade que está isolada, da que non se pode sair nen entrar; terá que mellorarse a situación do porto, que está marxinado políticamente como os outros galegos, e ten que aspirarse a estar conectado e ser competente, por que non se vai poder exportar por Vigo a produción de Renault en Valladolid? O medre da cidade ten que basarse nas suas potencialidades. Por exemplo a ría e o parque forestal: eses dous recursos teñen que ser explotados, mancomunadamente cos concellos que comparten esta área, en todos os sentidos: como recurso económico, de lecer, de turismo,... Noutro nível o concello ten que darlle eficácia aos servícios, atender ao cidadán nos seus problemas, que non veña aqui só a pagar impostos e a que o mareen coa burocrácia... Pode resultar paradóxico falar destes mínimos, pero é que vivimos nunha cidade colapsada, na que un autobús tarda o mesmo en chegar do centro á Universidade que un tren até Santiago de Compostela.♦

O Governo central tampouco axudará no acondicionamento das explotacións á normativa europea

PP, PNV e CIU impiden que o Estado asuma o pago da supertaxa

P.B.

Co apoio de CIU e do PNV, o Partido Popular rexeitou o pasado Martes 18 no Congreso dos Deputados a enmenda párcial apresentada polo BNG aos orzamentos xerais do Estado através da cal se emprazaba ao Ministério de Agricultura a que asumira o pagamento da supertaxa, a multa valorada en 3.600 millóns de pesetas por sobreprodución láctea correspondente ao exercício 96-97. O PP tamén votou en contra doutra enmenda da formación nacionalista na que se solicitaba que o Ministério de Agricultura cofinanciara o acondicionamento das pequenas explotacións gandeiras para que cumpran o Plano de Cualidade da Unión Europea que entrará en vigor a príncipios de ano.

Tractorada contra a supertaxa en Santiago, Decembro de 1996. A. IGLESIAS

Izquierda Unida e o PSOE foron as únicas forzas políticas con presenza no Congreso que apoiaron a enmenda do BNG através da cal se solicitaba que o Estado pagara a multa por sobrepasar a cuota de producción leiteria. Na sua intervención para explicar as líneas xerais dos orzamentos do seu ministério para o vindeiro ano, Loyola del Palácio, non fixo ningunha referéncia a supertaxa. Foi o portavoz do PP, José Madero, o encarregado de explicar o voto en contra á proposta dos nacionalistas. Segundo explicou "non pode apoiarse unha enmenda que pisotea a normativa europea".

"Por non pisar a normativa europea estase permitindo que nos pisen a nós" respostoulle na sua intervención o deputado do BNG e autor da enmenda Guillerme Vázquez. O deputado nacionalista sinalou que a aplicación da supertaxa supón aceitar a lóxica de que a producción leiteira ten que axustarse á cuota vixente . "Se aceitamos esta lóxica -afirmou- con que credibilidade imos ir perante Bruxelas a demandar incremento na cuota". Para o deputado, "a firmeza coa que o governo teima en topar todo tipo de medidas destinadas a restrinxir a capacidade produtiva do sector demostra até que ponto o Executivo español carece da vontade política suficiente para defender aos nosos gadeiros".

Guillerme Vázquez, que quixo referirse á cuota como unha medida radicalmente inxusta para Galiza porque non permite desenvolvimento dun sector clave para a economia do país, denunciou na sua intervención que Governo central está defender os intereses doutros Estados "verdadeiros responsábeis dos excedentes lácteos". Tamén engadiu que para o BNG a cuota mínima exixíbel é aquela que cando menos iguale a produción ao consumo.

A formación nacionalista tamén topou cos votos en contra do PP a respeito doutra enmenda a través da cal se demandaba ao ministério de Agricultura que estabelecera un programa de axudas para financiar ás pequenas explotacións gandeiras perante as exixéncias derivadas do Plano de Calidade da Unión Eurpea. Tanto a Administración central como a Xunta prometeran no pasado subvencións para que os gadeiros poideran axustar as suas granxas ás novas demandas de Bruxelas. Nembargantes a un mes da entrada en vigor do plano, e segundo puxo de manifesto Vázquez esas promesas fican sen cumprirse.

A cuantia coa que contará o vindeiro ano o Ministério de Agricultura é de 179.371 millóns de pesetas. Segundo a própria ministra indicou, nos novos orzamentos o apartado correspondente a Agricultura, Pesca e Alimentación crece nun 10%, grácias, entre outros factores ao descenso de pagos pola multa láctea. Na anterior campaña o governo central fixerase cargo da supertaxa. Con posterioridade as subvencións aos gadeiros chegaron denegadas alegando que os orzamentos xa se investiran no pago da multa por exceso de producción láctea.♦

Cantares

O primeiro xubilado da Xunta de Galiza foi un excombatente da División Azul. Rematou os seus dias de empregado público como subalterno de nível base. Tíñalle moita mania ás fotocopiadoras. Non era quen de coller o tranganillo do funcionamento de máquinas tan complicadas. Cando un atasco de papel lle impedia continuar co traballo, lembrábase dos seus tempos na fronte Rusa: *Prefiro mil veces unha ametralladora que o demo de multicopistas estas*... No banquete de despedida co que o homenaxearon os seus compañeiros houbo un momento no que non puido conter as bágoas. Foi algo espontáneo pero esperado. Nun detalle humanitário un grupo de comensais entoou o *Cara al Sol*. O vello funcionário e militante faccioso rompeu a chorar.

Nestes dias de comidas de despedida aos altos cargos que se van ou de celebración dos que veñen, quedan en evidéncia os gustos melódicos de asistentes e homenaxeados. E xa se sabe, o que se canta a partir da unha da mañá sae do máis fondo do corazón sobre todo se un anda con algunha *piscina de pipers* de máis.

A Cuiña saelle á perfección o *miudiño*. Un andar que pouco a pouco o leva a rematar coa da burriña cando vai para o muíño. Portomeñe e Victorino gostan de emular o Duo Gala: *Quince años tenía Martina cuando su amor me entregó y a los dieciséis cumplidos una traición me gastó*...

Din que Mariano Rajoy fai un remedo impresionante do *Ay canastos, con el amor no se juega*, de Carmen Morel e Juanito Valderrama e de desparrame é escoitar o beato Romay entoando o *Prietas las filas*.

Todos eles indefectiblemente buscan entoar a coro algunha desas noites de *festa jolgorrio* e dedicado á memoria de Don Manuel o *Vai o ghato metido nun saco, ai ghatiño xa non volve máis*...

Mentres, cando nos xuntamos máis de dous nostálxicos da miña célula, seguimos a cantar aquilo de *Cando soa unha gaita, cando soa un pandeiro*... Ainda que hoxe xa só *rubimos* á montaña para coller cogumelos.♦

Xosé M. Tobio,

alcalde de Caldas

'A Xunta recoñeceu que o encoro do Úmia será unha nova central hidroeléctrica'

O Domingo 23 está convocada unha nova manifestación en contra do encoro. Cal é a situación actual?

O dia doce de Decembro remata o prazo de apresentación dos proxectos de execución das obras para a contrucción do encoro no rio Úmia e o 26 reúnese a comisión que o vai adxudicar. Desde ese momento a empresa disporá de tres meses para comezar as obras.

Teñen promovida algunha outra medida legal en contra da declaración de utilidade pública do encoro por parte da Xunta?

Esta semana os tres concellos afectados, e dicer, Caldas, Cuntis e Moraña, apresentamos dous conteciosos administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza. O primeiro vai en contra de Augas de Galiza por facer a expropriación das propriedades afectadas de forma irregular. Esta empresa seguiu adiante co proceso sen cumprir a lei porque nen os representantes municipais nen os proprietários asinaran as actas de expropriación. O segundo contecioso vai en contra da declaración de utilidade pública do encoro que utilizou a Xunta para disfrazar o proxecto e expropiar as terras por via de urxéncia. Na convocatória do concurso para a execución da obra, o próprio governo xa recoñece que o encoro, ademais de abastecer de auga ao Salnés, será empregado para a explotación hidroeléctica. Desde hai un ano tamén permanecemos á espera de que o Tribunal Supremo se posicione ante a negativa do Tribunal Superior de Galiza de aceitar, por cuestións de procedemento, o recurso co que pretendiamos a paralización do acto administrativo

Cal é obxectivo prioritário dos viciños?

Tal e como facemos constar no contencioso apresentado ante o Tribunal Superior, exiximos a paralización inmediata de todo o proceso namentras non se resolvan as denúncias. De nada nos vale que nos den a razón dentro de tres ou catro anos, se para daquela o encoro xa está construido.♦

COMARCAS

Só destina 30 millóns nos orzamentos para a sua construcción

O governo adia o acordo unánime do Congreso de rematar o camiño de ferro Marín-Pontevedra antes do 99

P.C.

Os orzamentos xerais do estado só recollen unha partida de 30 millóns de pesetas para comezar, no ano 1998, as obras da liña férrea Marín-Pontevedra e non prevé o seu remate até o ano 2001. Con esta decisisón orzamentária incúmprense os acordos adoptados por unanimidade no Parlamento galego e no Congreso dos deputados, nos que se previa que a sua construcción estivera finalizada no ano 1999. Marín ven solicitando desde o ano 1903 un tramo de cinco quilómetros de via férrea que xa se retrasa case que un século.

No ano 1995, o parlamento galego aprobaba un plano director de infraestruturas no que se recollia a potenciación do tráfico de mercadorias, interrelacionando a rede dos camiños de ferro cos portos, aeroportos e polígonos industrias principais de Galiza. Transcorridos dous anos só Marín continua á espera de que se executen as obras necesárias para pór en marcha o tren entre a vila e a cidade de Pontevedra e se faga efectivo o plano director.

Na mesma liña aprobábase na Comisión de Infraestruturas do Congreso dos deputados unha proposición non de lei apresentada polo BNG, para a construcción do camiño de ferro entre o porto de Marín e Pontevedra. No texto acordado sinalábase como data de remate das obras o ano 1999.

Sen embargo, nos orzamentos do estado apresentados polo governo só figura unha partida de 30 millóns de pesetas para o ano 1998, 120 millóns para o 1999, 700 millóns para o 2000 e outros 700 millóns para o 2001. Con estas previsións orzamentárias as obras de construcción do camiño de ferro non estarian rematadas até o ano 2001, incumpríndose os acordos aprobados tanto no Parlamento galego como no estatal.

Diante desta situación, o deputado nacionalista, Guillerme Vázquez apresentou unha emenda para que se recolleran as partidas orzamentárias necesárias para rematar a construcción da liña ferroviária no prazo previsto. A emenda nacionalista non foi aprobada polos votos en contra do PP e do PSOE, mesmo contradecindo a vontade exposta polos seus correlixionários galegos.

O deputado nacionalista no parlamento galego, Bieito Lobeira explica que pésie depender a construcción da via férrea do ministério de fomento, e pésie ter sido o BNG quen iniciou a campaña en defensa dos camiños de ferro e pola construcción do enlace Marín-Pontevedra, o até o de agora conselleiro de Obras Públicas, Xosé Cuiña, asumiu a reivindicación como própria, mesmo asegurando que encarregaria de imediato o proxecto do ferrocarril.

Tamén as forzas políticas, sociais e económicas da vila coinciden en destacar a necesidade do camiño de ferro, desde o alcalde até os armadores, pasando polos comerciantes e o próprio presidente da Autoridade Portuária, Tomás Iribarren. Os plenos dos concellos de Marín e Pontevedra posicionáronse a favor do proxecto, ao igual que a Federación Galega de Municípios e Províncias (FEGAMP) que se sumou á proposta do parlamento sobre o plano director de infraestructuras ferroviárias galegas.♦

Conflitos no governo do PP en Redondela e Tui

En Tui os concelleiros do PP que levaban tempo dando as costas ao alcalde Miguel Anxo Capón Rei decidiron formar Grupo Mixto e ameazar cunha moción de censura. A posibilidade non é factíbel xa que na oposición, formada por PSOE, CNG e BNG, non hai intencións de coaligarse. Capón Rei asegura que Diz Guedes, delegado do Governo e de Tui, non apoia aos escindidos, ainda que eles asi o digan. Perto de Tui, en Redondela, o alcalde *popular* Amado Ricón tivo que asistir á demisión de Manuel Piñeiro, concelleiro de Interior, despois de que Luis Míguez abandoara a medias, xa que figura como asesor de Facenda, o governo municipal "por exceso de traballo". Tanto Piñeiro como Vilarchán, ao que se lle propuxo a concelleria de Educación, sinalan que Míguez debe irse.♦

Na Coruña non envian os recibos da contribución rústica e remata o prazo para pagala

O BNG da Deputación da Coruña apresentou unha moción de urxéncia o 17 de Novembro para advertir que "nengun contribuínte recebiu os instrumentos de cobro correspondentes ao imposto de bens inmóbeis de natureza rústica correspondentes a este ano". O prazo remata o 20 de Novembro polo que os nacionalistas peden que se amplie o prazo de cobro voluntário ate o 31 de Decembro. Un problema informático impediu o envio de notificacións, co cal, segundo o BNG, moita xente que pagaría nun primeiro prazo, sen recargo, non sabe da obriga. A recente desaparición da cuota agrária e a concentración parcelária poden provocar a confusión entre os contribuíntes. A Deputación recada este imposto en 83 concellos da província.♦

Fraga quéixase da absolución aos mariñeiros da Costa da Vela

Os trinta e oito mariñeiros encausados polos feitos da Costa da Vela, en Cangas, foron absoltos nunha senténcia dada a coñecer o Xoves 13 de Novembro. Os sucesos aconteceron en Febreiro de 1993 cando os mariñeiros paralizaron as actividades extractoras na Costa da Vela por entender que se estaba a prexudicar o hábitat mariño. O presidente da Xunta, Manuel Fraga, manifestou o seu malestar pola senténcia e laiouse de que non houbera probas para condear aos acusados.♦

Como conseguir e como vixiar aos seus traballadores. Estas duas páxinas de publicidade foron insertadas na prensa o mesmo dia. En *El País* publicáronse consecutivamente, nas páxinas 23 e 24, do pasado dia 18. A primeira corresponde á axéncia de traballo temporal *Manpower* (Poder de home) e o seu lema é "Querrá quedársela". No texto infórmase de que a muller que aparece na imaxe destaca pola sua profisionalidade, as suas gañas de traballar e porque superou "o proceso de seleción máis eficaz". No anúncio da dereita, a imaxe é a dun varón empresário. O texto entrecomillado informa de que o protagonista quere "evitar que se carguen á empresa as chamadas personais dos meus empregados". *MoviStar*, empresa do grupo Telefónica, que investiu várias dúcias de millóns nesta campaña de publicidade, apoiase na crenza de que os empregados que chaman ás suas famílias desde a empresa reducen considerabelmente a conta de benefícios do patrón. Trátase de dous anúncios que resumen, mellor que nengun tratado, o espíritu da época.♦

A EXPERIÉNCIA DO REPARTO DO TRABALLO NA ESTIVA

XOSÉ M. TOBIO

Agora que está tan de moda falar, por parte de certos políticos e dalgun sindicato, do reparto do traballo deberiamos reflexionar sobre o que significa esta frase, porque desde o meu ponto de vista, o reparto do traballo lévanos ao reparto do paro.

O reparto do traballo xa se ven exercendo desde hai moitos anos no sector portuário da estiva e desestiva, antigamente OTP hoxe as SEEDS, constituidas nos portos de interese xeral. A existéncia do sistema de rotación significa que nun determinado censo –pechado– de estivadores portuários deben facer todos o mesmo número de xornais durante o mes ou ano, evitando que uns fagan máis que outros dentro do mesmo grupo profesional e facilitando a polivaléncia no traballo portuário. Todo isto antes da reforma laboral.

A liberalización que se fixo das descargas de peixe fresco, conxelado e bacallau, nos barcos de máis de 100 Tn., conleva a total liberalización das actividades de estiva e desestiva, que non quere dicer que desapareza o "monopólio" –como din os empresários– das SEED, senon que se cria outro "monopólio", das empresas, nunha libre competéncia só aparente. O único que cambia é un servício de estiva e desestiva constituído como servício público por outro "monopólio" empresarial privado.

Outro ponto a favor das SEEDS é o control das cotizacións á Seguridade Social. Este control non se fai na maioria das empresas privadas, que moitas veces non cotizan por todos os traballadores ou, cando cotizan, fano con cuotas máis baixas aos mínimos do Réxime Xeral da Seguridade Social, e non no Réxime Especial dos Traballadores do Mar, como correspondería. Esas cotizacións afectan aos estivadores portuários, non por razóns históricas como se afirma noutro informe, senon por senténcias das antigas Maxistraturas de Traballo, ao intentar as empresas que a extinguida OTP cotizase no Réxime Xeral para abaratar custes e que foron favorábeis aos estivadores. Cómo se poderia pasar duns 12.500 estivadores en 1986 a uns 3.900 na actualidade? Grácias, precisamente, a ter cuberto o periodo de caréncia á Seguridade Social dentro do Réxime Especial dos Traballadores do Mar.

En resumo, pódese considerar cos dados existentes, que son totalmente viábeis as SEEDS. A liberalización das cargas e descargas dos buques que deixaran de ser unha actividade de servício público, seria o chiculate do loro dentro das actividades empresariais e usuários do sector portuário.

Sinalar tamén o enorme esforzo realizado polos estivadores portuários, en concreto no porto de Vigo, a favor da paz social, chegando a distintos acordos para unha maior eficácia e diminución de custos. A coexisténcia, xunto ás sociedades estatais, dunha auténtica empresa de traballo temporal constituida en réxime cooperativo por traballadores eventuais da colla, que garanten a viabilidade das sociedades de estiva e desestiva.

Moito antes de que se legalizasen as Empresas de Traballo Temporal (non hai que esquencer que o traballador ten que pagar en moitas delas pola "xestión de facilitarlles un traballo"), existia a OTP –agora as SEEDS–, que necesitaba moita man de obra que hoxe quedou moi reducida pola mecanización, que facilita a formación profesional dos estivadores e que xunto co sistema de rotación do traballo e a polivaléncia deste dá como resultado unha maior racionalización da estiva e desestiva.

> 'O máis prudente é respeitar o labor realizado na reconversión do sector".

Imaxinemos que este sistema se implanta cos parados inscritos no INEM. Desapareceria unha grande parte da economia sumerxida existente e os parados poderian organizarse na búsqueda de emprego paliando en parte o desemprego. Pero isto non interesa aos políticos, e moito menos ao sector empresarial que se serve da economia sumerxida.

Se ademais se fai unha política de concentración das empresas portuárias –o sector está aqueixado de minifundismo empresarial– coa distribución de accións en proporción á actividade de cada empresa estivadora ou usuária e o reparto do traballo por rotación entre elas (por qué non?), faria factíbel a exclusividade do traballo portuário, considerado como servício público.

Desde o ponto de vista sindical, penso que "o máis prudente é respeitar o labor realizado na reconversión do sector, e non formular unha resposta tan radical como a que implica o cámbio do sistema, cun custe económico e social que non foi, ademáis, cuantificado", tal como literalmente conclue o Tribunal da Defensa da Competéncia no seu informe respeito deste tema. Namentras, cándo se falará do reparto do capital? Existen 352 persoas en todo o mundo que repartindo ese capital, beneficiarian a 2.500 millóns de habitantes.♦

XOSÉ M. TOBIO GONZALEZ é estivador portuário e sindicalista da CIG-MAR

A explotación dos emigrantes

MANUEL CAO

Cando dentro duns anos se poida estudiar a história de Galiza algúns quedarán abraiados e arrepiados diante do comportamento escandaloso que os grupos políticos e económicos dominantes tiveron cos nosos emigrantes. Para empezar, estes grupos foron incapaces por ación ou omisión de levar adiante unha política que permitise paralizar a sangría migratória e xerar dinámicas de desenvolvemento na nosa terra. No seu lugar, foron mestres na utilización dos recursos financeiros obtidos con bágoas, suor e desarraigo para fins que nada tiñan que ver coas arelas que, de seguro, pretendian os nosos emigrantes. Un exemplo: Nos anos 60 a *Caixa Ourense* contaba cunha boa cantidade de divisas fortes que as elites provinciais do franquismo transferiron a Madrid para pagar as débedas dun Estado exausto e rodeado políticamente. Os pobres emigrantes viron como os seus aforros amorosamente enviados a unha entidade que coidaban da súa terra eran usados para enriquecer aos construtores locais e aos grupos afins á Ditadura mentres a súa volta atopáronse sen infraestruturas, empresas e tecido produtivo que os poidese empregar dispoñendo, en troques, dun grupo parasitário ben atrincheirado na Administración pública e no aparato financeiro-especulativo.

Emigrantes traballando na Suiza. INTERFOTO

> 'Xa vai sendo hora de analizar onde se meteron os miles de millóns en divisas fortes"

En realidade, a actitude cos nosos emigrantes é máis desgraciada e penosa aínda pois todo indica que se tratou planificadamente de exportalos cara o exterior para evitar unha posíbel revolta política e social interna. Neste tráfico, o Estado central reservouse o papel de intermediário e interventor único para monopolizar todos os benefícios desta exportación de man de obra a grande escala. No caso da emigración a América, chama a atención o feito de que durante anos e anos estes galegos e os seus descendentes foran abandonados a súa sorte para ser recuperados, agora, só nos días das eleicións a cámbio de pequenas contraprestacións aproveitando a súa situación de desamparo e o feito de vivir en países nos que a democrácia é *rara avis* política. Estamos diante dun sistema "innovador" de compra de votos a nivel internacional que viola todas e cada unha das regras e lexislacións democráticas recoñecidas como tales. Máis, no caso da emigración a Europa a situación é tan ou máis grave dado que, aínda que non se pode comprar o voto porque é imposíbel –M. Fraga vai pouco aos centros galegos europeos– si que se expropiou a estas persoas dos seus recursos financeiros e os seus recursos reais mediante a adopción de políticas económicas que desvalorizan o seu património e privan dun futuro digno aos emigrantes e descendentes que queiran retornar.

Xa vai sendo hora de analizar quen se apropriou ou onde se meteron os miles de millóns en divisas fortes que os galegos ingresaron nas contas correntes dunhas entidades financeiras que os perseguían continuamente. Non deixa de ser curioso que case ninguén, en Galiza, se ocupase de analizar estes temas. En calqueira caso, parece que o sistema de explotación extraterritorial dos emigrantes galegos non pode entenderse simplemente como libre circulación do factor traballo nun contexto de economias capitalistas cun réxime de liberdades democráticas convencional.♦

O governo central apoia a tese británica

O Reino Unido impedirá que *Astano* volva construir artefactos con forma de buque

P.C.

O pasado Xoves 13 de Novembro reuníase en Bruxelas a Comisión de Indústria para tratar entre outros asuntos, o futuro de Astano. Nesa reunión os ministros do sector debian aprobar o Plano Estratéxico de Competitividade (PEC), apresentado polo governo español, pero as presións británicas impediron que se tratara este ponto. Os representantes do Reino Unido conseguiron retrasar a aprobación do plano até o primeiro semestre do 98, momento no que Gran Bretaña ostentará a presidéncia, coa fin de asegurar a proibición de construir artefactos con forma de buque e prorrogar por outros 10 anos o interdicto de construir barcos que pesa sobre Astano. Unha decisión coa que se asinaria a senténcia de morte do estaleiro ferrolán.

Astano facturou máis de 40.000 millóns en 1996.

Coa prórroga do informe pactado polos ministros de indústria sobre o sector naval, o Reino Unido pretende asegurar que o futuro de Astano queda pechado á construcción de buques e de artefactos con forma de buque. Os ingleses son os máis interesados en que o estaleiro ferrolán deixe de realizar estas construcións, porque así satisfán as demandas dos seus próprios estaleiros e eliminan a un competidor.

A atitude do governo central non é máis favorábel a defender o futuro do estaleiro que a inglesa. De feito, foi o próprio governo quen apresentou o último Plano Estratéxico de Competitividade (PEC), en decembro do 95, que xa quedou aprobado pola Comisión de Indústria o 24 de abril de 1997. Naquela reunión do Consello acordárase ademais, a reducción da capacidade de producción da construcción naval do estado español en 45.000 TBC, das que 30.000 serian para os estaleiros públicos e 17.500 para os privados. Nesa mesma reunión decídese tamén, prorrogar por outros 10 anos a proibición de construir buques que recaia sobre o estaleiro galego.

Ao tempo, polas presións dos paises nórdicos e Inglaterra, a Comisión entende, e así o ten plasmado en repetidas comunicacións, publicadas en febreiro e marzo de 1997 no Boletín Oficial das Comunidades Europeas, que os FPSO (Floating Production Stoaring Offloading) que produz Astano entran no ámbito do artigo 1º da VII Directiva Comunitária e que, polo tanto non os pode facer. Con estas conclusións, a Comisión emite un informe a partir do que se farian públicas as proibicións de non facer buques e, dentro do *off-shore*, de non construir plataformas con forma de buque. Por intereses políticos do governo central, os Ministros de Indústria pactan que o informe resultante non se emita até pasadas as eleicións galegas e agora, coas presións de Inglaterra prorrógase novamente até o primeiro semestre de 1998.

Peche anunciado

O deputado Xosé Diaz (BNG) explica que "esta prórroga é moi negativa porque daquela estará na presidéncia Inglaterra e foron precisamente os estaleiros escoceses, irlandeses, daneses e noruegos os que denunciaron que Astano estaba construindo artefactos con forma de buque". Diaz considera que "tendo en conta cal é a posición da Comisión, esto pode converterse nunha auténtica catástrofe para Astano, porque se lle proibe a producción de FPSO, constreñindo ao estaleiro á construcción de plataformas semi-submerxíbeis, que é tanto como anunciar o seu peche a longo prazo, xa que o seu mercado é moi limitado se é que existe". Para Diaz tamén son responsábeis desta situación o governo do estado español e a Xunta de Galiza, xa que non demonstran intención algunha de defender o futuro de Astano. No próprio PEC, apresentado por Madrid na UE "exclúese a Astano da construcción deste tipo de artefactos, mentres se mantén a capacidade productiva de Puerto Real".

No comezo da nova lexislatura o BNG ten previsto apresentar unha proposición non de lei solicitando a intervención da Xunta "que padece unha auténtica anomia sobre esta cuestión", di Xosé Diaz, para quen "Astano é unha empresa fundamental para Galiza xa que facturou máis de 40.000 millóns de pesetas no ano 96". A respeito da actitude do governo galego, Diaz apunta que "cando governaba o PSOE en Madrid, dician defender as reivindicacións dos traballadores, pero agora que conta cun governo amigo no estado que poderia negociar coa UE que Astano fora un estaleiro normal con capacidade para producir buques e off-shore sen limitacións, non o fai. O PP de Madrid mantén a mesma actitude que o PSOE e a Xunta non presiona ao Ministério de Indústria para que tome posición e moito menos trata de negociar directamente con Bruxelas a cuestión".♦

Alternativa inviábel

O deputado nacionalista indica que a experiéncia demonstra que o mercado de reparacións ou o de plataformas de perforación xa ten demonstrado a sua inviabilidade. De feito, entre o ano 1984 e 1987, Astano carece na práctica de actividade ao quedar restrinxido o seu mercado a estas duas posibilidades. Nese periodo, mesmo se cria unha empresa de caracter público, DRILLMAR, cuxo único obxecto é contratar a construcción dunha plataforma de perforación que se remata de facer no ano 87. Tan escasa é a demanda do mercado que para vendela a rebaixan a 4.500 millóns de pesetas, cando o seu prezo de construcción fora de 18.200. Pola contra, o mercado de artefactos con forma de buque ten moita máis demanda e, de feito, desde aquela xa teñen construido média dúcia deles. Por iso, se o governo estatal e o galego permiten que se restrinxa novamente a sua capacidade productiva, Astano sofrirá a última reconversión, desaparecendo definitivamente.♦

VANTAXES EN TREN ¡NON AS PERDAS!

CG Rexionais Galicia

BONO 10
10 Viaxes calquer data
Validez: 3 meses
30% desconto aproximado

BONO ANUAL e CATRIMENSAL
Unha viaxe de Ida e Volta Semanal
50% de desconto aproximado
Validez: Curso Escolar

BONO MENSAL
Viaxes ilimitadas
65% desconto aproximado

CARNET XOVE
Todos os dias
20% de desconto

Ofertas válidas para Tren Rexional Diésel (TRD), Costa de Galicia (CG) e Rexional (R).
O TRD ten reserva de praza obrigatoria.

PREZOS

	BONO 10	BONO MENSAL	BONO CATRIMENSAL	BONO ANUAL
Santiago-Vigo	5.500	16.000	12.200	25.600
Santiago-Pontevedra	3.675	10.300	8.100	17.000
Santiago-Vilagarcía	2.400	6.625	5.400	11.300
Santiago- A Coruña	3.675	10.300	8.100	17.000
Santiago-Ourense	6.550	18.800	14.400	30.200
Santiago-Monforte	9.700	25.700	21.600	45.400
Santiago-Carballiño	5.050	14.400	11.200	23.400
A Coruña-Vilagarcia	6.075	17.400	13.400	28.100
A Coruña-Pontevedra	7.800	21.600	17.300	36.300
A Coruña-Vigo	8.825	23.300	19.500	40.900
A Coruña-Lugo	6.075	17.400	13.400	28.100
A Coruña-Monforte	9.700	25.700	21.600	45.400

HORARIO LIÑA VIGO-SANTIAGO-A CORUÑA

	VIGO	PONTEV.	VILAGARCÍA	SANTIAGO	A CORUÑA
Rexional (1)	—	—	—	06,25	07,50
Rexional	06,30	06,29	07,00	07,45	09,00
TRD (1)	06,55	07,18	07,43	08,15	09,16
Costa Galicia	07,40	08,09	08,39	09,16	10,35
Rexional (2)	08,08	08,45	09,19	10,07	—
TRD (1)	08,55	09,117	09,43	10,16	11,13
Costa Galicia	09,40	10,10	10,39	11,16	12,35
TRD	10,55	11,17	11,43	12,15	13,15
Costa Galicia	11,40	12,09	12,39	13,16	14,35
TRD (1)	12,55	13,17	13,43	14,15	15,13
Rexional (3)	—	—	—	14,46	16,10
Costa Galicia	13,40	14,09	14,38	15,16	16,35
TRD	14,55	15,17	15,43	16,15	17,13
Costa Galicia	15,40	16,09	16,38	17,16	18,35
TRD	16,55	17,17	17,43	18,15	19,14
Rexional (3)	—	—	—	18,46	20,08
Costa Galicia	17,40	18,09	18,37	19,16	20,30
TRD	18,55	19,17	19,43	20,15	21,17
Costa Galicia	19,20	19,49	20,23	21,09	22,13
Rexional	20,00	20,32	21,09	21,51	23,12
TRD	21,10	21,33	22,00	22,31	23,25
Rexional	21,37	22,10	22,52	23,29	—

HORARIO LIÑA A CORUÑA-SANTIAGO-VIGO

	A CORUÑA	SANTIAGO	VILAGARCÍA	PONTEV.	VIGO
Rexional (1)	—	06,20	06,58	07,38	08,21
TRD (1)	06,20	07,12	07,42	08,07	08,38
Rexional	06,30	07,44	08,31	09,10	09,52
Costa Galicia	07,30	08,38	09,18	09,51	10,23
TRD (1)	08,20	09,51	09,45	10,10	10,38
Costa Galicia	09,30	10,39	11,17	11,50	12,20
TRD	10,20	11,14	11,44	12,10	12,36
Costa Galicia	11,30	12,39	13,17	13,51	14,21
TRD(1)	12,20	13,14	13,44	14,10	14,36
Rexional (3)	—	13,35	14,14	14,45	15,16
Costa Galicia	13,30	14,39	15,17	15,51	16,17
TRD	14,20	15,14	15,44	16,10	16,36
Rexional (3)	—	15,35	16,14	16,45	17,15
Costa Galicia	15,30	16,39	17,16	17,51	18,26
TRD	16,20	17,14	17,44	18,10	18,36
Costa Galicia	17,30	18,39	19,16	19,51	20,25
TRD	18,20	19,14	19,44	20,11	20,35
Costa Galicia	18,36	19,43	20,25	20,53	21,23
TRD	19,45	20,39	21,09	21,35	22,01
Rexional (4)	19,50	21,06	21,57	22,35	23,10
Rexional	20,10	21,45	22,29	22,58	23,28
Rexional	21,50	23,17	—	—	—

(1) Non circula os sábados e domingos.
(2) Circula os luns do curso escolar.
(3) Circula os venres do curso escolar.
(4) Circula os xoves, venres e domingos do curso escolar. Consultar festivos.

Teléfonos de información:
(981) 15 02 02 - (981) 52 02 02
(986) 43 11 14

Cada temporada hai mais interese pola micologia pero persiste o desconhecemento

Os cestos énchense de cogumelos

AUGUSTO FONTAM

Agora que a temporada dos cogumelos começa a colher corpo despois do retraso deste ano e a ofertar-nos as distintas variedades lembramos nestos dias a António Odriozola, impulsor a través desta ciência do fazer cultural galego; é de obrigado cumplimento lembrar-o labor deste home adicado os mais jovens e a súa iniciaçom neste campo da natureça.

Se até o momento a campanha recolectora deste ano e do mais irregular por um retraso das chuvas ao começo e um exceso de água no tempo no que andamos que fam que atopemos ás distintas variedades apodrecendo, contodo ainda a natureça segue a ofertar-nos exemplares de início de temporada como o "Lactarius deliciosus" ou Fungo da muña, Fungo dos pinheiros, que se noutras campanhas os recolhiamos polo mês de Setembro, neste ano com retraso mas fieles à cita obtemo-los neste mês de Novembro superados já aos atopados a finais do mês de Outubro. Sem esquenzer que já podemos a estas alturas levar as nossas cestas exemplares de "Cantharellus cibarius" ou Cantarela, Pam de Cabra, "Cantaharellus cornucupiodes" ou Cantarela moura, Corna da abundância e distintas variedades boletais que agromam da terra junto com outras variedades.

O interese crescente que esta a tomar o mundo da micologia por toda a nossa naçom que com exposições, conferências e degustações sucedem-se ao longo da geografia galega, num intento cultural mais de superar antigos medos e crenzas erroneas. Hoje a micologia espertou grande interese traendo consigo a proteçom, o conhecemento e o bom uso da nossa riqueça micologica, longe está a desconfiança ao "Pan de Lobo", "Pan do demo", "Pan de cobra", expressões estas que indicavam o medo polo seu consumo e o desconhecemento. Este interese olha-se hoje ensombrecido pola mala utilizaçom dos conhecementos micológicos polos mais moços.

O mundo apaisoado do buscador (de fungos ou cogumelos) asiste surprendido ao conviver (muitos micólogos, micófilos o desconhezen) com também o aumento de "buscadores/as" de experiências alucinógenas, e se fai uns anos esse interese e práctica era só duns poucos "progres", hoje o seu aumento também é crescente entre os/as moços/as. Hai que chamar a atençom sobre esta variante da micologia e a sua mala utilizaçom de certas variedades com propriedades que disfrazadas de inofensivas "esperiencias" alucinogenas podem levar à morte aos iniciados nelas.

Se no mundo da tradiçom micófila o guardar o segredo dum lugar onde se atopam cogumelos pode chegar a tornar-se *enfermiço*, mas que está asumido pola tradiçom micófila, hoje o consumir cogumelos alucinógenos posiciona-se fronte a tradiçom e provoca o salto realmente *enfermiço* de passar da degustaçom e o conhecemento desta parte da Natureça a *quedarse na pola*.

A *Amanita Phalloides* é unha espécia moi tóxica. A da direita, o *Paraugas de Sapo* ou *Pan de Cóbrega*, é moi abundante e recomendábel guisada ou asada.

A utilizaçom destes mais cómodos e placenteros jeitos de esquenzer o que sucede ao redor, pode ser peligroso.

No mundo dos fungos ou cogumelos penso eu que deve convinar-se (como diria o meu mestre nestas lindes Pablo Carro) a moderaçom no consumo variado de cogumelos com o conhecemento. E os que prefirem emoções mais fortes tenhem na variedade de "Amanitas" campo dabondo para as descovrer: *Amanita rubescens* ou a mesma *Amanita caesarea*, sabrosas ámbalas duas por certo. Mas de ai ao salto o *vacio* de novas "experiências desde a desinformaçom, do que se consume com intençom de desinibirse hai umha falta de madurez que se pode pagar caro.

Hoje está de moda o consumo de especies como a *Amanita muscaria* ou a mais utilizada a *Inocybe patouillardii*, a sua ingestom nom só pode dar lugar a alucinaçôes sinom que pode traer consecuências desastrosas no nosso organismo ainda que o consumo da "Amanita muscária" e a "Amanita pantherina" dosifica-se ao jeito do "iniciado" nestas lindes en doses mui pequenas. O seu consumo está de sobra provado que é mortal. No caso da mais corrente (na utilizaçom) a variedade *Inocybe* e as suas distintas variantes ("Clitocybe revulosa", "Clitocybe caerusata", "Inocybe napipes", "Inocybe patouillardii", etc.) os peligros som os mesmos e ainda que os consumidores din dosificar as dosis: 21 ou 32 exemplares cada toma. Os mais temerosos fano duas vezes, coma maximo ao ano. Desconhecen que no caso da intoxicacióm muscarínica, os resultados podem ser mui graves aparecem disnea e edema pulmonar podendo chegar à morte. No caso das "Clitocybe" polo geral a intoxicaçom é pouco peligrosa.♦

Absolto de violación en Ourense porque a vítima non berrou

Tras finalizar o xuízo por violación contra Xosé Vicente Blanco, de Ourense, na Audiéncia Provincial, a denunciante e ex compañeira, Marisol Vázquez, sinalou sentirse indefensa ante a incapacidade para amosar os feitos e ante a atitude do seu avogado. Segundo a denunciante, o seu defensor aceptara xa a absolución para o acusado polo que ela apresentou un escrito ante o coléxio de avogados "por vulneración dos seus direitos e indefensión por parte do avogado". Dias despois que Marisol apresentara o escrito, a senténcia, dada a coñecer o Xoves 13 de Novembro, deulle a razón e absolveu ao acusado. O fallo sinala como determinante a ausénci a de berros de auxílio e o feito de que a acusada mantivera correspondéncia co acusado.

En Abril do pasado ano, Marisol Vázquez foi agredida polo seu compañeiro. Xosé Vicente Blanco colleu un machete e intentou matala, producíndolle feridas moi graves no pescozo. Foi condeado a sete anos de cárcere. Seis dias antes, segundo a denunciante, Blanco violouna despois de pechala nunha habitación, atala, ameazala cunha navalla e meter unha bombona de butano na estáncia. Marisol Vázquez teme que tras a absolución polo delito e a saida a curto prazo do seu ex compañeiro da cadea, poda intentar matala de novo. Espera que o coléxio de avogados leve adiante o recurso apresentado a este fallo absolutório e a petición de protección.

O avogado defensor sinalou que sempre mantivo a petición de seis anos de cárcere para o denunciado pero que aceptaria unha decisión absolutória porque tiña dúbidas sobre o relato da muller. Tamén a senténcia da Audiéncia Provincial de Ourense pon en dúbida a veracidade dos feitos relatados. Marisol Vázquez asegura que non entende esas dúbidas despois de pasar un ano e méio tras a denúncia.

Marisol Vázquez, quen tivo unha filla con Xosé Vicente Blanco, láiase das dificultades para amosar que padeceu unha violación e da falla de colaboración por parte da policia. Responsábeis de centros de información e de asisténcia social para mulleres reseñan o problema de amosar este delito, especialmente cando se leva a cabo dentro dunha parella que convive na mesma casa chegando a contemplar as senténcias, como neste caso, a falla de resisténcia por parte das vítimas.♦

Amnistia Internacional denúncia as agresión da policia e da ETA

O informe de *Amnistia Internacional* referido ao periodo desde Xaneiro a Outubro de 1997 no Estado español céntrase na denúncia de abusos por parte da policia e nas accións da ETA. O caso de Mamadou Kane, o home senegalés que denunciou a dous policias locais de Vigo por ameazas e agresións, estando o caso en mans da Audiéncia Provinvial de Pontevedra. *AI* sinala que o Centro de Información para Traballadores Extranxeiros considera unha practica corrente entre alguns axentes municipais da zona "o paseiño do 092". Un caso semellante afectaria a Sallan Essabah, un inmigrante marroqui que traballa na província de Alicante. Tamén reflecten outro caso de abuso se axentes municipais en Badaxoz a dous irmáns aos que pararon cando circulaban en motocicleta. Capítulo parte merecen para *AI* as accións da ETA: os secuestros de Ortega Lara e Desclaux, a morte de Miguel Angel Blanco e do psicólogo Gomez Elósegui. Precisamente as presuntas torturas ao detido polo asasinato de Elósegui, Fernando Elejalde, tamén foron seguidas por AI.♦

Pilar Garcia Negro contra o machismo de Fraga

"Se Manuel Fraga alude ao escote de Celementina Diez como cidadán, é un groseiro e un machista, pero como Presidnete da Xunta está ofendendo o cargo que ostenta e avergoñando aos galegos e galegas", sinala Pilar Garcia Negro. A deputada apresentou unha pergunta no Parlamento para Fraga para interesarse se o resto dos mebros do Governo comparten a mesma opinión.♦

Pintores polo monumento aos mártires do 36 en Tui

O Sábado 22 ás sete da tarde inaugúrase no Hotel Colón de Tui unha exposición de pintura cun motivo especial: as obras serán subastadas o vindeiro 6 de Decembro para recadar fundos e erguer un monumento na vila á memória dos mártires do 36. Na inauguración estiveron presentes familiares e amigos dos represaliados. Son numerosos os pintores galegos que oferecen os seus cadros para esta fin, entre os que se atopan Uxio Fernández Granell, Berta Álvarez Cáccamo, Dario Álvarez Basso, Xaime Quessada, Alicia Alonso, Bosco Caride, Isaac Pérez Vicente, Anxel Huete, Xulio Garcia Rivas, Xavier Pousa, Xosé Luis de Dios, Jorge Barbi, Paz Antón, Enrique Ortiz, Lis Méndez, Coqui Piñeiro e Mário Rodríguez.♦

Un paso máis na privatización da seguridade social e das pensións

Co medicamentazo o PP impón unha sociedade de duas velocidades

B. LAXE

O *medicamentazo* que o Governo central vai aplicar mediante un decreto lei representa un paso máis no desmantelamento dun *estado do benestar* ainda en medras. Pero o PP non quer asumir en solitário o custe político, polo que presiona a CiU para que, se quer os 51.000 millóns máis que reclama, ten que apoiar esta medida. Pujol está entre a espada de Aznar e a parede dos grandes grupos farmacéuticos radicados en Catalunya.



O Ministro de Sanidade Xosé Manuel Romai Beccaria. A. IGLESIAS

Duas son as grandes pilastras nas que asenta o chamado *estado do benestar:* as pensións e a Seguridade Social. Ambos as duas están a ser recortadas unha vez si e outra tamén no Estado español. O medo a quedar sen *retiro* cando se chegue á idade de xubilación foise apoderando da povoación por mor de campañas perfeitamente dirixidas. Paralelamente van aumentando os fundos de pensións privados até constituirse no grande negócio para a banca, segundo se puxo de manifesto en recentes informacións aparecidas nos EEUU.

A Seguridade Social, igual e universal, tamén está a ser deturpada en eséncia, dando pasos cara unha privatización que acocha unha discriminación para as clases menos favorecidas. Pensións privadas e privatización da Seguridade Social son duas das premisas do neoliberalismo.

Coa privatización da Seguridade Social estáse a conculcar un dereito constitucional e pésie a que o seu financiamento se está a realizar polos próprios beneficiários, e non con cárrego aos orzamentos xerais do Estado, apreséntano como algo volitivo do Governo, culpando aos próprios cidadáns do seu déficit.

A Lei de Acompañamento dos Orzamentos para 1998 preve, en tres anos, reformar o mundo farmacéutico. A primeira medida que pretenden aplicar é a de deixar fóra do pagamento pola Seguridade Social a 500 medicamentos (algunhas fontes como o diário económico *Expansión* afirman que serán perto de 1.000). Esta medida, que xa o PSOE tentou aplicar na pasada lexislatura, fora alcumada daquelas pola dereita como medicamentazo. Nome do que agoran renegan.

Estes medicamentos, se son prescritos polo médico, deberán de ser pagos polo paciente. Pero, ademáis, segundo esta lei, o farmacéutico podera modificar a receta e trocar o medicamento prescrito polo médico por outro semellante que a el lle parece ou lle conveña máis.

Para compensar á indústria farmacéutica a lei preve a liberalización dos précios dos medicamentos non financiados pola Seguridade Social. Deste xeito, os 500 medicamentos que queden excluidos do medicamentazo poderán ser obxecto de promoción comercial á maneira de productos cosméticos ou especialidades publicitárias.

Voceiros da indústria, nembargantes, consideran que esta medida non terá case repercusión, "porque os prezos destes medicamentos, unha vez que se vendan libremente irán disminuindo". Recoñecen asi que os poderían fabricar moito máis baratos e que son un grande negócio que veu financiando a aportación dos cidadáns. Mais o Governo pretende darlle contrapartidas á indústria farmaceutica para que non se opoña ao medicamentazo. Pujol reclámaas desde Catalunya, pois a indústria farmacéutica esta asentada principalmente nesta comunidade. Estas contrapartidas faránlle a CiU apoiar a iniciativa do PP e non deixalo só políticamente nesta medida tan impopular.

O grande negócio farmacéutico

O Estado español, no que a indústria farmacéutica é un dos seus pontales constitutivos, foi durante estes anos o grande paradiso destas indústrias. Desde hai anos veuse denunciando polas asociacións de consumidores e polas organizacións sociais e políticas máis progresistas, a proliferación de fármacos. Até tal ponto é asi que cuatriplican e até sextuplican aos existentes noutros estados.

Nestes momentos existen no Estado español numerosas presentacións de cada medicamento, quer dicer, de cada princípio activo, quen teñen ademáis prezos distintos. O Ministério, que é que ten que autorizar que os medicamentos saian ao mercado, nunca puxo pegas a esta práctica. Os laboratórios, pola sua banda, cunha complexa rede de vendedores, moi ben pagos, incentivan a médicos para que receiten estes medicamentos. Se hai tempo só os Inspectores Médicos eran os únicos que podian autorizar o consumo de determinados medicamentos con cargo á Seguridade Social, agora non hai restricións algunha.

O Governo proponse agora estabelecer un prezo de referéncia para os medicamentos financiados pola Seguridade Social, segundo o princípio activo do seu composto, e só pagará esa cantidade. Deste xeito, ou ben os laboratórios reducen o prezo dos medicamentos en cuestión para poder receber financiamento público, ou ben o usuário pagará a diferéncia. Senón o farmacéutico pódelle cambiar o medicamento por outro de similares características.

Sen en princípio a medida e correcta, debendo de aplicarse desde un comezo, agora pode criar desequilíbrios entre as persoas de diferente nível adquisitivo pois, se se realiza sen outro control, a potente indústria farmacéutica, con grande predicamento sobre unha maioria do estamento médico, pode fabricar segundo a estración social do demandante dos fármacos.

Esta situación desprazará sobre as farmácias a presión que os laboratórios exercen agora sobre os médicos para que receiten determinadas marcas. O farmacéutico estará interesado en convencer ao paciente de que o producto que lle recetou o médico –que non entra na Seguridade Social– ainda que é máis caro, é moito millor, porque se o usuário aceita pagar a diferéncia, o farmacéutico obterá máis benefícios. ♦

XAN CARBALLA

Liberdade de expresión e negócio antiterrorista

A defensa da liberdade de expresión é fundamental para funcionar en democrácia. A española asentou nunha formulación expresa constitucional, pero co pano de fondo dun pacto de siléncio que limitaba moito o uso dese dereito. Estas regras trucadas foron fundamentais para ocultar o pasado anterior a 1975, e deixar sen tocar ás forzas da represión da ditadura. Fixo sorte asi aquela imaxe obscena do axente da Brigada Político Social que detén o tormento para comentar coa súa vítima: "as cousas sonche asi, quen sabe se o dia de mañá ti és o que me vai dar as ordes".

Nese caldo de cultivo naceu o GAL, como antes o Batallón Vasco-Español e outros. O antiterrorismo mudou en negócio, pero non só de policias, tamén de xornalistas e políticos. Enquistado con forza no sistema, os episódios últimos de chantaxe a médio de vídeos pornográficos son unha máis das contas dese rosário que ninguén se atreve a deslear, porque moitos están abrazados entre sí por compromisos de antano: tamén habia xornalistas que cobraban dos fondos reservados (antes de reptís)! Á vista deste panorama, con xuizos pendentes e sofisticados médios de envilecimento, paradoxicamente só unha saida política do problema basco poderia dar lugar a unha via de solución. ♦

O Supremo ordea prisión para seis encausados no caso *Filesa*

Coa acusación do PSOE de que o PP está detrás da decisión, O Tribunal Supremo ordeou o Martes 18 de Novembro o ingreso inmediato de seis dos oito enxuizados no caso Filesa. Os encausados estaban esperando a resolución do Tribunal Constitucional. O primeiro en ingresar en prisión foi o ex xestor de *Filesa*, Alberto Flores, condeado a 10 anos; os demais iran entrando na cadea, entre eles o ex senador Josep Maria Sala, condeado a tres anos e quen abandoou os seus cargos na executiva do PSOE catalán, e o ex deputado Carlos Navarro, cunha condea de 11 anos. ♦

Os sindicatos rexeitan o achegamento dos escolares ao Exército

Segundo UGT, o Governo central pretende "fomentar a *consciéncia nacional* e o espíritu militar" coa proposta do Ministério de Defensa de convidar aos centros escolares a coñecer ás instalacións do Exército. Eduardo Serra, ministro de Defensa anunciou que xa se mandaran cartas a numerosos centros para que participaran do proxecto. Tamén os responsábeis de FETE-UGT sinalaron que esta iniciativa atenta contra a autonomia dos coléxios. Para a CIG, a iniciativa de Defensa é incompatíbel con título preliminar artigo un da LOXSE no que se di que o ensino orientarase á formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os povos. ♦

A Expo 98 de Lisboa apreséntase na Galiza e Extremadura

A promoción que leva a cabo Portugal da Exposición Mundial de Lisboa en 1998 párase na Galiza e en Extremadura neste mes de Novembro. Despois dunha conferéncia realizada en Madrid o dia 19 coa preséncia do comisário da Expo, António Mega Ferreira, apreséntase o evento o 24 de Novembro na Coruña. O alcalde Francisco Vázquez estará presente neste acto e, antes pola mañá, o comisário xeral da Expo, José Torres Campos, será recebido por Manuel Fraga en Santiago. Outra comunidade limítrofe con Portugal, Extremadura, recebe a mesma visita o 28 de Novembro con paradas en Mérida e Badaxoz. ♦

ACCIÓNS CONTRA O CÁMBIO CLIMÁTICO

XOSÉ VEIRAS

"Que non existan dúvidas sobre as conclusións da comunidade científica: a ameaza do aquecimento global é moi real e precisa-se acción inmediata"

DUDLEY HERSCHBACH. Premio Nobel de Química e presidente da *Union for Concerned Scientists*.

Entre o 1 e o 12 de Decembro vai ter lugar unha cimeira internacional moi importante para o futuro da Terra. Na Terceira Conferéncia das Partes da Convención sobre Cámbio Climático que se celebrará en Kioto (Xapón) saberemos se os governos dos países máis desenvolvidos están dispostos ou non a adoptar as medidas necesárias para combater un cámbio climático global de orixe humana que poderia ter consecuéncias desastrosas para o conxunto da Humanidade. Estamos a facer un experimento incribelmente irresponsábel co clima terrestre.

O ano pasado, o *Intergovernmental Panel on Climate Change (IPCC)*, criado para asesorar aos governos e integrado por 2.500 científicos de todo o mundo, constatou que o aquecimento global semella ter comezado xá. Segundo o IPCC, o noso modelo actual de produción e consumo é, moi probabelmente, o responsábel desta alteración climática. Os modelos climáticos prevén que a temperatura global terrestre aumentará 1 - 3,5º C. durante o próximo século. Este incremento, aparentemente pouco importante, poderia ter efeitos moi negativos para o benestar e a sobrevivéncia da espécie humana, suba do nivel do mar de até 1 m. no 2100, maior incidéncia de fenómenos meteorolóxicos extremos (secas, inundacións,...), aumento de certas enfermidades (por exemplo, a malária poderia extenderse até zonas hoxe libres dela como a Península Ibérica), extinción de espécies, etc.

Na Conferéncia de Kioto, a máis importante sobre o cámbio climático desde a Cimeira do Rio de Janeiro de 1992, os governos debaterán a fixación de metas para a redución das emisións dos gases responsábeis do aumento do efeito invernadoiro e do conseguinte aquecimento global. As emisións de dióxido de carbono (CO_2) xeradas ao queimarmos combustíbeis fóseis (carbón, petróleo, gas) son a principal causa do cámbio climático. Para reducirmos as emisións de CO_2 aos níveis ambientalmente aceitábeis cómpre mudarmos radicalmente as políticas enerxética e de transportes.

> "Os países produtores de petróleo, presionan contra a redución sustancial do consumo de carbón e petróleo".

Actualmente, as previsións sobre os posíbeis efeitos do cámbio climático a nível rexional son bastante incertas. Mesmo tendo en conta isto, os resultados dunha investigación do *Hardley Centre for Climate Prediction and Research* do Reino Unido sobre as consecuéncias do cámbio climático na Península Ibérica non deixan de ser preocupantes: desaparición da práctica totalidade das praias debido á elevación do nivel do mar e a procesos erosivos, diminución da produción agrária e hidroeléctrica, maior probabilidade de ocorréncia de incéndios forestais, ...

A posición do governo galego sobre o máis grave problema ambiental global é irresponsábel e insolidária cos países empobrecidos do Terceiro Mundo. A Xunta carece dunha estratéxia para reducir a emisión de gases de efeito invernadoiro no noso país.

Ignora que as emisións per cápita da Galiza son bastante superiores á média mundial, debido en boa medida ás centrais térmicas de carbón de As Pontes e de Meirama, propriedade, respectivamente, de *ENDESA* e de Unión Fenosa.

O governo español, xunto cos de EEUU, Austrália e Xapón, é o máis sensíbel ás presións das empresas de enerxia suxa. Non quer ouvir falar de redución das emisións de CO_2, pretendendo que aumenten o 17% até o ano 2010. Esta posición contrasta coa doutros governos europeos que xa se comprometeron a atinxir reducións importantes, como Austria, Alemaña ou Dinamarca.

Os governos de todos os países máis desenvolvidos deberian apoiar en Kioto a proposta do movimento ecoloxista e da *Alianza de Pequenos Estados Insulares (AOSIS)*, da que forman parte numerosos países, como Cabo Verde, Cuba, Xamaica, Guiné Bissau, Micronésia ou Chipre. O obxectivo desta proposta é que os países máis industrializados reduzan as súas emisións de gases de efeito invernadoiro nun 20% por debaixo dos níveis de 1990 para o ano 2005.

A adopción desta proposta representaria un primeiro paso importante na loita contra o cámbio climático. Mais un primeiro paso non constitúe unha solución. É preciso acordar un limite global anual das emisións de gases de efeito invernadoiro. Este limite debería diminuir ano a ano até chegar a un ponto que os científicos achasen ambientalmente aceitábel. Após un período de transición, nengunha nación debería emitir máis da súa cuota xusta, calculada segundo o tamaño da súa povoación. Deste xeito a solución do problema do cámbio climático sería compatíbel co desenvolvimento dos países empobrecidos do Sur. Se non se teñen en conta os intereses lexítimos destes países (os menos responsábeis e os máis ameazados polo cámbio climático) nengunha solución será viábel e equitativa.

As poderosas empresas relacionadas cos combustíbeis fóseis, asi como os governos dalgúns países produtores de petróleo, presionan intensamente contra a adopción de qualquer medida que supoña unha redución sustancial do consumo de carbón e petróleo. Os seus intereses egoistas non deberian prevalecer sobre o interese xeral. O futuro das xeracións actuais e futuras está en xogo. Retrasar ainda máis as acións necesárias para loitar contra o cámbio climático seria temerário. ♦

XOSÉ VEIRAS GARCIA é Coordenador da Federación Ecoloxista Galega

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

CANTINA MEXICANA

RUA MARTIN CODAX
VIGO

Vender
é anunciarse en
A NOSA TERRA
chame ao
(986) 43 38 30 e
solicite as tarifas
publicitárias.

Manuel Mera, Luis Pérez Leira, Isabel Soto e Osvaldo Bayer, de esquerda a direita, nun dos actos celebrados na Patagónia.

Galiza acollerá en Decembro os actos de homenaxe ao líder da Patagónia Rebelde

A CTA e a CIG lembran en Chile e Arxentina ao galego António Soto

PAULA BERGANTIÑOS

Á iniciativa conxunta da *Conferación Intersindical Galega* (CIG) e da *Central de Traballadores Arxentinos* (CTA) várias cidades de Chile e Arxentina acolleron do 1 ao 8 de Novembro un programa de actos en homenaxe ao galego António Soto. Na lembranza ao líder do movemento sindical na Patagónia participaron, entre outros, a sua filla Isabel Soto, o historiador Osvaldo Bayer e o presidente da CIG, Manuel Mera. Os actos de recuperación da memória de Soto, cos que colaborou o concello de Ferrol –município do que era natural o sindicalista– terán continuidade no país a través de diferentes convocatórias en Vigo, Ferrol e Santiago do 9 ao 15 de Decembro.

O primeiro acto sobre a figura de António Soto na Arxentina celebrouse o Sábado1 de Novembro na *Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires*. Dous dias despois, o teatro que leva o nome do héroe da independéncia deste país, San Martin, acolleu un dos actos máis multitudinários. Ali, perante máis de 1.500 persoas, lembraron a loita dos peóns da Patagónia a princípio de século, o presidente da CIG, Manuel Mera, o secretário xeral da *Central de Traballadores Arxentinos* (CTA), Víctor De Genaro, o históriador e autor do traballo *Los vengadores de la Patagónia* , Osvaldo Bayer, e a filla do próprio Soto, Isabel. Ese mesmo dia noutra sá do Teatro San Martin inaugurouse unha mostra fotográfica sobre o sindicalista e as folgas dos peóns na Patagónia.

A delegación galega, na que ademais de vários representantes da CIG, estaban presentes o escritor Xavier Alcalá e o alcalde de Ferrol, Xan Blanco Rouco, participou tamén en diferentes actos de carácter oficial co obxectivo de obter un recoñecemento institucional da figura de Soto. Neste tipo de convocatórias, nas que tivo un especial protagonismo o edil ferrolán, enmárcase a entrevista co Xefe de Governo da cidade autónoma de Bos Aires e fillo de galegos, Fernando De La Rua.

Visita a La Anita

Rio Gallegos, capital da província de Santa Cruz foi outra das cidades na que se fixeron actos programados pola CIG e a CTA. A 300 quilómetros deste lugar, o Xoves 6, representantes galegos e arxentinos participaron tamén na cita máis emotiva da viaxe. Na estepa de La Anita, moi cerca dos Andes e perto do paradisiaco glaciar de Perito Moreno, atópase o lugar onde foi asasinado o grupo máis numeroso de peóns, arredor de 350. Alí o alcalde de Calafate, a cidade máis cercana, anunciou a inauguración no mes de Decembro dun monumento en homenaxe aos asasinados en 1921. Tamén aproveitou a sua intervención para denunciar que a situación actual dos peóns na Patagónia é praticamente a mesma que a de princípios de século.

A Punta Arenas, capital da rexión de Magallanes en Chile e lugar onde viviu fuxido os últimos anos da sua vida António Soto, achegouse a delegación galega o Venres 7. Ali Xan Blanco, que foi agasallado pola coorporación municipal coas chaves da cidade, fixolle entrega a Isabel Soto da *medalla da cidade do Ferrol*. Os representantes galegos, acompañados da CTA, tamén vistaron o cemitério onde descansan os restos do sindicalista e participaron nun acto público perante o monumento adicado a sua persoa e aos traballadores da Patagónia. Nesta convocatória ás intervencións dos representantes da CIG e da CTA sumáronse as dos representantes do Sindicato Central Unico dos Traballadores de Chile.

A vida de Soto nunha fita

En todos os actos, que en dias sucesivos se prolongaron por lugares como Mar de Plata ou Ciudad de la Plata, proxectouse un vídeo de 50 minutos elaborado por Xan Leira. Nesta fita recóllense imaxes do filme *Patagónia Rebelde* ademais de entrevistas con históriadores arxentinos e outras persoas como Alfonsin, Vázquez Montalbán, vários xenerais e incluso persoas que viviron daquela e que gardan na memória imaxes das folgas de hai 75 anos. Especial interés ten o testemuño de Osvaldo Bayer (ver a páxina 16 do anterior Nº de A Nosa Terra), investigador que sacou a luz a história sobre o movemento sindical dos obreiros rurais na Patagónia, feito que lle costou oito anos de exílio na Alemaña e a persecución e queima dos seus libros en Arxentina.

Nos actos programados en Galiza do 9 ao 15 de Decembro, a CIG contará coa participación da própria Isabel Soto, de vários dirixentes da CTA, e do historiador Osvaldo Bayer. Ademais da convocatória de várias charlas en Vigo, Santiago e Ferrol, nas que se proxectará o video realizado para esta homenaxe, e da descuberta dunha placa na casa na que naceu António Soto en Ferrol, a CIG quere que esta cidade adique unha rua ao sindicalista.♦

PUCHEIRO

Como controlar as malas notícias?

As fontes das notícias (oficiais, por suposto, na sua maioria) seguen unha técnica de marketing comercial que se encarregaron de deseñar nos EEUU para que o exército americano a aplicase cando a *Guerra do Golfo*. Sabedores de que as boas notícias véndense soias, desenvolvidos como están os aparatos de propaganda, os esforzos centrábanse en contolar as malas notícias. Cómo facelo? Hai tres métodos base por iso: restrinxindo o aceso a elas; apresentándoas como un incidente aislado na confusión da guerra, da batalla política, catástrofe natural ou inducida...; ou filtrándoas de xeito controlado ao longo de vários días ou semanas a médios proclíves co fin de evitar o forte impacto negativo. Se é preciso, para tapar unha mala notícia, fabrícase unha boa de forte impacto cidadán e incidéncia nos mesmos sectores que se podian atopar impresionados pola nova negativa. O éxito das guerras e das grandes campañas baséase na información dirixida. O coronel americano Darryl Henderson afirma que, para gañar unha guerra, "hai que ter suxeita á prensa vendéndolle tan só a concepción que ten o exército sobre a guerra".♦

Xuízo en Miami contra Fidel Castro e as forzas armadas de Cuba

O derribo de duas avionetas que pertencian á organización anticastrista *Hermanos al Rescate* en Febreiro de 1996 no que morreron catro pilotos está sendo xulgao en Miami nun proceso "contra Fidel Castro e as Forzas Armadas de Cuba". Desde o Ministério de Relacións Exteriores da Habana sinalouse a incapacidade de calquer tribunal estadounidense para xulgar as intitucións cubanas. Os familiares das vítimas son os que promoveron o xuízo que se celebra co respaldo da lei aprobada polo Congreso de EEUU na que se poden procesar a estados extranxeiros. Esta lei só é aplicábel cando os cidadáns estadounidenses sexan afectados, polo que os familiares dun piloto non puideron reclamar porque ainda non obtera a nacionalidade. O Governo de Cuba sinalou que os familiares xa recebiron máis de 40 millóns de pesetas de indemnización antes de celebrar o xuízo.♦

Scilingo poderá sair en liberdade prévio pago de 5 millóns

O instrutor do sumário pola desaparición de 600 españois durante a ditadura militar arxentina, Baltasar Garzón, ven de decretar a liberdade baixo fianza de cinco millóns de pesetas do ex militar arxentino Adolfo Scilingo. Ainda que o pago se faga efeitivo, Scilingo non poderá sair do Estado sen autorización e deberá apresentarse semanalmente no xuzgado. Por outra banda a defensa pedirá a anulación da fianza alegando que o detido non pode abonar a cantidade. Ademais propoñen que sexa testemuña protexida e que se lle asigne unha paga mensual.♦

Morreu Georges Marchais, lider do PC francés

O Domingo 16 de Novembro morreu Georges Marchais, secretário do PC francés desde 1972 a 1994, a causa dun ataque ao corazón. Tiña 77 anos. Ainda que Marchais abandoara os seus cárregos na organización e non se apresentara como candidato nas últimas eleicións á Asemblea Nacional, a sua pegada e personalidade estaban presentes no partido co que mantiña, sen embargo, diferéncias. Marchais foi o promotor dos acordos con Francois Miterrand nos anos do governo dos socialistas. Del sinalou o actual primeiro ministro, Lionel Jospin, o seu compromiso co comunismo "mália ser o iniciador do movimento de emancipación da organización na Franza respeito á URSS".♦

"Tiñamos un problema e xa está solucionado
J. M. Aznar

Pedro Sánchez Tamayo é o xefe da Demarcación de Estradas de Galiza pero debe ter o mapa colocado do **revés**. En *La Voz* do 7 de Novembro afirma que "o corredor Lalin-Monforte, naturalmente, será unha solución a estudar para conectar Ourense e Lugo, pero tamén hai outras posibilidades". Foi como a vez que o xuiz Ventura Pérez Mariño, na altura candidato do PSOE por Lugo, prometeu levar o tren de alta velocidade até o Saviñao que non ten via férrea. Este tipo de erros era antes moi frecuente. Sobre todo durante a colonización de Africa.

Na maioria dos paradores de turismo de Galiza ás camareiras visten de *traxe rexional*. Nen pola cabeza se lle pasaria ao director do parador tocarse de monteira, faixa, chaleque de veludo e polainas. Deixan asi patente o seu **complexo**. Ainda non saben que o presidente de Baviera viste, sempre que pode, con pantalón curto de coiro, peto e tirantes, médias brancas e sombreiro de pruma. Outro tanto fan os líderes escoceses coa saia de tartán, etc.

O pasado Sábado, dia 15, tivo lugar a conmemoración do 50 aniversário da constitución do patronato Rosalia de Castro. Illa Couto leu a acta de hai médio

Humanidades, para quen?

A constitución das nacións estado, non foi un camiño de rosas. Unhas coma Inglaterra que se conformou sobor da nación inglesa, outras coma Alemaña, tiveron que agardar o século XX para pechar feridas, e nunha aperta interna, conformar a nación alemana.

Mais, o mosaico europeo, está cheo de feridas pechadas polo ferro ou pola forza dos fusís, que sobardan os intereses dos que teñen o poder do estado, sobor dos que carecendo dél, traballan na marxinalidade, na percura da lus-guia da sua identidade, do direito a existir, e a ser.

Non se decatan que xa e imposíbel intentar pecharnos os ollos

Que nos van falar os galegos de todo iso, se, unha vegada despois da data do 19 sacaron con moita preguiza do caixón a teima das "humanidades", das que os que non somos nenos, coñecemos nunha ringleira de reis e hérois hespañois, máis adiando nun silenzo de morto a mencia histórica da nosa nación galega.

O Nacionalismo español, volta mostrar a sua faciana máis escura, e que o PSOE soubo iluminar na imaxe tremenda das fauces do doberman. Terríbeis imaxes, máis desde algures ollan na percura de que poidamos cometer erros, cos cáis ter a escusa para seguir a mantenos asoballados, botándonos a diáspora, onde, para eles somos "un grande povo".

Cicáis non se decatan que xa e imposíbel intentar pecharnos os ollos as realidades das nosas humanidades? Cicáis non entenden que xa non hai volta atras, e que teremos que camiñar conxuntamente na construción dunha nova armazón que nos sirva en pé de igoaldade aos hespañois e ao resto das nacións sen estado? Tanto traballo lles custa maxinar un estado federal?♦

CARLOS PIÑEIRO
(MADRID)

"Non o tires que te vexo"

Os que nos afeizoamos a pasear estamos fartos de ver en calquera lugar moreas de lixo. Dá igual que esteamos no cume dunha montaña ou no fondo dun val. Cansaste de andar por corredoiras e camiños polos que poden pasar horas sen ver a ninguén. Non parece haber maneira de chegar até alí pero non se sabe como unha morea de lixo sinala o lugar.

Cansado de todo isto un pódese perguntar que se pode facer ou mellor aínda. Pódese facer algo? Se un é de costumes fixas e de percorridos habituais pode que chegue a atoparse cun dos culpábeis destas desfeitas. A resposta —non importa a pergunta— soe ser: *"y-a-ti-que-te-importa?"*.

É tremendamente surprendente falando con persoas de ecoloxía despistada enterarse de que a maioria non tiran o lixo en calquera sitio por mala fe. Máis do 80% fano por descoñecemento. Sinxelamente no saben que facer co lixo. Non saben que existen contedores para o vidro, pensan que só é para botellas ou que istas non poden estar rotas por exemplo. Os contedores para o papel e carton son outro mistério. Un contedor rectangular de color azul? Debe ser que hai modas nisto do lixo, pensan. O outro 20% é mala fe é xente á que lle pagan por facerse cargo do lixo. Empresas e particulares que cobran por un servício que consiste en descargar o camión ou furgoneta nas aforas das cidades.

O único que temos que facer é tomar notas das empresas.

Pero a cuestión é se se pode facer algo para que istas cousas non pasen. No 80% dos casos si.

Cunha simple folla para tomar notas e unhas bolsas na nosa mochila xa temos o imprescindíbel. Cando vaiamos saír ao monte ou ao agro hai que prestar un pouco de atención xustamente no que tratabamos de non ver: o lixo.

A maioría do lixo que hai nos arredores das cidades é de empresas. O único que temos que facer, e o máis efectivo, é tomar notas das empresas. Unha simple factura, carta ou membrete é dabondo. Non é necesário nada máis. Poñer iste papel nun sobre e escreber catro liñas contando onde o atopamos. De xeito que expoñamos a nosa opinión, respetando aos demáis.

Responderanlle nunha semanas disculpándose. Se non se dan por aludidos ou negan a maior e a desfeita é continua pódese escreber á empresa ou delegación en España. Nas Páxinas Amarelas veñen os enderezos e no 003 pódennos informar do número de teléfono de calquera empresa, chamándqos podese solicitar o enderezo.♦

LUÍS S. SEOANE
(NARÓN)

Direitos do esquecido

Como observadora simples, sem nenhum título ou popularidade, acabo de sentir umha certa inseguridade em mim mesma, só por ser um cidadá. O único que nos diferéncia dos demais cidadaos, com as características antes ditas, é a diversidade humana. Que vai passar com a gente normal? Paréce-vos ajeitado que o señor Mandela... (Disculpade de que valeire o púcaro tam de súpeto) a quem por certo num determinado momento eu admirei tanto, e que agora neste intre dialogue com o señor Clinton, ate de embargo a Nixéria por ter executado a pena de morte a um escritor, o qual deu a vida porque a justiça poidera mostrar umhos direitos, inexistentes na gente anónima.

Nomeo só, ao señor Ken Saro-Wiwa porque os que com él tiverom a mesma sorte entran no conto porque iam com o aspirante a Novel, senom nimguem se ocuparía de dalos a conhecer. Se este senhor nom fora escritor todo quedaría no anonimato como quedarom todos os que levam morto no povo Ongoni. Por que, nom dam que falar tantas masacres que se fam no mundo, nom por delincuentes precisamente, senom que, por instituçons guvernamentais e com vítimas cujo delito nem siquer é umha luta por um "ideal", a sua única culpa é querer sobreviver. Abraia-me que a Clinton lhe interesem tanto os direitos humanos em África e que nom diam mais que falar as matanzas de camponeses em latinoamérica, os nenos do Brasil... E como Europa, a "Vella cultivada", que é capaz de gardar no seu seo umha *Shell* cujos intereses forom tam fortes como para facer umha desfeita no povo pero nom o forom para deter ao verdugo de nove defensores dese mesmo povo.

Se este senhor nom fora escritor todo quedaría no anonimato.

Pensemos em todas as vítimas anónimas que nem teram conforto de que nimguem diga que era xustiça o que querían, ou se guadra, nada. Alabo a estes mártires e recrimino-me a mim mesma por ter-me acordado tanto dum nome que me di algo, e me passe tam por derriba a gente "insignificante".♦

O. M.
(O BARQUEIRO)

Soto e a CIG

Ven publicándose nos meios de comunicación con certa profusión, que debido ao centenário do nacemento do militante anarcosindicalista Antonio Soto, coñecido pola sua destacada participación na revolta da Patagonia arxentina, levada a cabo polos peóns rurais nos anos 20 e 21, a CIG e a CAT (Confederación Arxentina de Traballadores) van realizar unha xira de homenaxe a este libertário por Chile, Arxentina, Madrid, Barcelona e Galiza (Soto nacera no Ferrol).

A CNT (Confederación Nacional do Traballo), seción española da AIT (Asociación Internacional dos Traballadores), quere amosar a sua repulsa por este acto de pirateria e oportunismo político, pois António Soto era un afiliado da FORA (Federación Obreira da Rexión Arxentina), organización anarcosindicalista que tamén está afiliada a AIT.

Cómo reivindicar para eles a propriedade de Galiza en base á história, se non teñen un pasado popular?

O máis grave do caso, é que a CIG acababa de realizar en solitario un convenio co PP de Ferrol, que supón a aportación de 3 millóns de pesetas por parte do Concello de dita cidade para a "homenaxe". Como dicimos, este convénio fíxono en solitário xa que o PSOE, EU-EG, IF e BNG abstivéronse no pleno local calificándono de "chapuceiro".

Este diñeiro servirá para sufragar gastos, entre os que se atopa a viaxe a Sudamérica dunha representación do Ferrol. A comitiva fórmana membros da CIG e do PP, entre os que se atopa o alcalde de Ferrol.

Este tipo de actos, non é a primeira vez que os fai a CIG e outras organizacións nacionalistas galegas. O problema que se lles plantea a estas organizacións é que non teñen pasado histórico

Que lle parece que EEUU ameace con atacar o Irak?

Naira
Estudante

Non sei até que ponto os Estados Unidos teñen que meter baza en Irak. Por unha banda paréceme ben porque penso que Sadam Husseim é un pouco ditador, pero por outro lado creo que está mal porque actuan só por intereses económicos. Deberian de deixar de facer as cousas de forma tan egoista, neste caso buscando o control do petróleo da zona, e utilizar o seu poder para axudar a outros paises que o necesitan.♦



Cándido
Mariñeiro

Igual que pasou na Guerra do Golfo no 1991 o principal obxectivo polo que se moven os Estados Unidos é o petróleo e penso que non teñen negun direito a facelo. Daquela se non houbera petróleo desde logo que América seguro que non se metia. Por riba o governo español, que di que vai prestar as bases militares aos américanos, sempre vai ao seu son, facendo o que lle mandan.♦

Maria
Ama de casa

Pareceme moi mal e penso que é un tema que deberia preocuparlle moito a todo o mundo. Desde o meu ponto de vista non ten xustificación que Estados Unidos interveña nen en Irak nen en calquer outro lugar. Estou dacordo con que a maioria dos paises criticaran a suas ameazas e ainda que penso que Sadam Hussein é algo reaccionário e un pouco chiflado ninguén deberia prestarlle axuda aos américanos.♦



Raul
Estudante

Son contrário ao que están facendo co Irak e penso que non é un problema illado. Non me gusta como actuan os Estados Unidos porque creo que deberian deixar en paz dunha vez por todas ao resto do mundo. Por riba como estamos na OTAN o governo español obedéceos en todo o que digan. Ainda que penso que Sadam Husseim é un ditador e que todo ditador e malo non podo xustificar a intervención dos ianquis.♦

Manuel Eduardo
Parado

O que pasa co Irak demostra que os Estados Unidos están continuamente meténdose en todo e non o deberian facer. Está claro que o fan por motivos económicos próprios unicamente, polo petróleo. O de que atacan porque non deixan entrar no país observadores norteamericanos é unha maneira de xustificarse. Penso que todos os paises da ONU deberian porse de acordo para evitar que fixeran estas cousas.♦

(o que é a contradición das contradicións xa que: cómo reivindicar para eles a propriedade de Galiza en base á história, se non teñen un pasado popular?). E como o nacionalismo non tivo história en Galiza, invéntana con sucesos e persoaxes históricos pertencentes a outros movimentos (como o libertário) que si tiveron arraigo popular. A isto chámase: enganar.

Nen a CAT, nen a CIG, nen o PP son quen para homenaxear a un anarquista polo feito de nacer na Galiza (nalgún sítio temos que nacer e non nos sentimos orgullosos diso). Estas organizacións non teñen a talla política, nen ética, para levar a cabo esta xira, xa que o único que están a facer é emporcallar co seu porco diñeiro e a sua porca preséncia o nome dun anarquista que a diferéncia dos membros de dita comitiva, non tivo précio.♦

X. Armada Herbello (CNT)
(Vigo)

Disperssom dos presos independentistas

Diante da detençom e ingresso em prisom da militante independentista da Ferrol-Terra, Sabela Cavarcos Permui, os *Comités Anti-repressivos da Galiza* (CAR) queremos manifestar o que sigue:

1. Mais uma vez a repressom espanhola bate no independentismo. Hoje na pessoa da companheira Sabela Cavarcos, encarcerada por causa da sua militância política e compromisso com a liberdade da nossa naçom.

Esta última operaçom repressiva, praticada polo Governo do Partido Popular, volve evidenciar qual é a política do Estado com respeito a quem na Galiza (pessoas ou Movimentos) ouse questionar a sério o actual marco jurídico-político e a funçom estructural que a nossa Terra hoje joga dentro do projecto estatal espanhol: o silenciamento, a criminalizaçom e a repressom; todos eles bem conhecidos pola mocidade (independentista, insubmissos, okupas,...) e os sectores sociais que enfrentam a política do poder (As Pontes, Vila-Boa, Fragas do Eume, etc.)

2. A companheira Sabela já foi deportada. O destino marcado polo Ministerio del Interior para a sua dispersom é a prisom de Villabona (Asturies). Esta nova deportaçom dumha presa independentista soma-se ás dos outros oito presos já dispersados (apenas um fica na Galiza) e ao exílio de um undécimo patriota.

Suso Sanmartin

3. A aplicaçom da política de portaçoms viola a própria legalidade penitenciária espanhola, supondo um castigo engadido á pena de prisom. Este nom tem outro objectivo que ampliar o abano de pessoas repressaliadas a familiares, amigos e entorno político do preso e pressiona-lo para a claudicaçom pessoal, política e ideológica deste.

Exigimos ao Governo espanhol o imediato traslado à Galiza dos independentistas presos e dispersados

4. Exigimos ao Governo espanhol o imediato traslado à Galiza dos independentistas presos e dispersados, a Liberdade de todos eles e o direito do patriota exiliado a regressar à sua Terra.

Os Comités Anti-repressivos da Galiza (CAR) chamamos à populaçom a denunciar a repressom sufrida polos patriotas presos ou exiliados, assi como a apoiar toda iniciativa séria que tenha por objectivo a volta à Terra dos independentistas e a Liberdade de todos eles.

Nesta mesma direcçom, animamos ao Povo Galego a fortalecer este organismo anti-repressivo, assi como a respostar em todas as formas possíveis a quem, como o Partido Popular e o PSOE, som responsáveis da repressom e a tortura dos presos independentistas.♦

Comités Antirepressivos da Galiza

século. Ben logo, o presidente, Agostiño Sixto Seco, dixo: "Como ven, a acta está en castelán. Daquela estaba proibido o galego. Fíxense como mudaron os tempos, agora hai que pedir **permiso** para falar castelán". Ten razón o Agostiño. Por exemplo, desde todos os periódicos e rádios (incluida a RTVG) chaman todos os dias a *A Nosa Terra* solicitando un permiso para editar ou emitir en castelán. Teñen medo de que lle retiremos a subvención. Xa, con moito tino, escrebera Goitisolo aquel poema sobre o mundo ao revés.

A *Real* *Académia Galega* publica o discurso de ingreso da poeta Luz Pozo Garza. Na primeira páxina da publicación pódese ler o título: *Diálogos con Rosalía*, o lugar e a data: "**La Coruña**. 1996".

Un anúncio do Ministério lembra que o que fuma tabaco de contrabando contribue a que queden sen traballo cen mil persoas. Claro que deixando de fumar, como pide a mesma institución, provócase igual o **paro**. A este paso o governo acabará poñendo un **asesor** laboral en cada estanco.

Estados Unidos é simultaneamente o país con máis hospitais para **animais** e con máis persoas sen dereito á seguridade social (40 millóns). A modernidade para quen a paga.♦

UNHA OPORTUNIDADE QUE NON DEBE PERDER!

POR VEZ PRIMEIRA PRESÉNTASE NO NOSO PAÍS UN PROXECTO DESTA ENVERGADURA QUE RECOLLE DE FORMA SISTEMATIZADA O MÁIS SIGNIFICATIVO DA NARRATIVA, A POESÍA E O TEATRO. ESTE PROXECTO EDITORIAL QUER SATISFACER AS DEMANDAS DO GRAN PÚBLICO LECTOR, PERO, DEBIDO AO ENFOQUE METODOLÓXICO CON QUE ESTÁ CONCEBIDO, TAMÉN VERÁ COLMADAS AS PRETENSIÓNS DOS ÁMBITOS ACADÉMICOS, CONVERTÉNDOA NUNHA OBRA IMPRESCINDÍBEL PARA CALQUER BIBLIOTECA PERSOAL, EDUCATIVA OU MUNICIPAL, ASÍ COMO DE GRANDÍSIMA UTILIDADE PARA DOCENTES E ESTUDIANTES.

- Cincuenta fascículos de 32 páxinas encuadernábeis en 5 tomos de 320 páxinas. 230 x 315 mm., papel ecolóxico impreso a cor, índice onomástico, 2.500 ilustracións.

- Cincuenta volumes de 250 páxinas. 135 x 215 mm.

historia da literatura galega

FASCÍCULOS ILUSTRADOS E COLECCIONABEIS COAS INTERPRETACIÓNS DE ACREDITADOS ESPECIALISTAS. NO SEU CONXUNTO, POLO RIGOR DA SÚA ELABORACIÓN E POLA ACTUALIZACIÓN DOS SEUS CONTIDOS, CONVERTERASE DESDE AGORA NUN FITO REFERENCIAL DENTRO DOS ESTUDIOS LITERARIOS.

relación de colaboradores da historia da literatura

Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Manuela Álvarez Lozano, Manuel Amor Couto, Manuel Barreiro, Carmen Blanco García, Domingos Blanco Pérez, Xosé Lois Bouzas Millán, Xavier Camba Sanmartín, Begoña Campos Souto, Mar Campos Souto, Carlos Casares Mouriño, Gonzalo Constenla Bergueiro, Xosé Manuel Eiré, Carmen Fernández-Pérez Sanjulián, Lorenzo Fernández Prieto, Manuel María Fernández Teixeiro, Manuel Ferreiro Fernández, Manuel Forcadela, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Mª Carmen García Negro, Pilar García Negro, Xoan Carlos Garrido Couceiro, Camilo Gómez Torres, Emilio Ínsua López, Anselmo López Carreira, Teresa López Fernández, Manuel Lourenzo, Manuel Lourenzo González, Xosé Manuel Maceira Fernández, Kathleen N. March, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Miguel Mato Fondo, Xosé Manuel Millán Otero, Mª Xesús Nogueira Pereira, Luis Obelleiro Piñón, Francisco Pillado Mayor, Manuel Rei Romeu, Francisco Rodríguez Sánchez, Xosé Carlos Ruiz Silva, Anxos Sanmartín Rei, Goretti Sanmartín Rei, Sonia Soto Boullosa, Laura Tato Fontaiña, Manuel Vilar

a nosa mellor literatura

AS OBRAS E AUTORES MÁIS SIGNIFICATIVOS DA LITERATURA GALEGA EN 50 VOLUMES. EDICIÓNS COIDADAS E RESPECTUOSAS COS TEXTOS ORIXINAIS. TRÁTASE DA DIVULGACIÓN DAS MELLORES PÁXINAS LITERARIAS ESCRITAS NO NOSO IDIOMA ÁS QUE GALICIA DEBE PARTE FUNDAMENTAL DA SÚA CONCIENCIA COMO POBO.

UN PROXECTO DA
ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA
AUSPICIADO POLA
COMISIÓN
DAS COMUNIDADES EUROPEAS
E A NOSA TERRA

Desexo subscribirme á colección historia da literatura galega editada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Nome ..... Apelidos .....
Enderezo ..... Teléfono .....
Código Postal ..... Provincia .....
Poboación .....

Prezo da subscrición para o Estado Español 2.250 pta (2 fascículos + 2 libros cada mes) cun 20% de desconto sobre o prezo de venda.
Envíenme os 30 fascículos xa editados + 3 tapas + 30 libros ao prezo de 35.250 pta. que pagarei mensalmente en: 6 prazos ☐ de 5.875
3 prazos ☐ de 11.750

PAGAMENTO DOMICILIADO
Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular ..... Poboación ..... Provincia .....
Nº Sucursal .....

Sírvanse tomar nota, e atender até novo aviso, con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas (A Nosa Terra).

Sinatura

Data

Remitir unha vez cuberto a A NOSA TERRA. Apartado de Correos 1371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

Os legados, unha via de socializar a cultura

O *Museo do Povo Galego* recebeu a doación de cinco bibliotecas nunha década

CARME VIDAL

Primeiro chegou o de Xaquin Lourenzo, *Xocas*, xa menguado pola xenerosidade que puña os seus libros ao dispor de calquer. Logo veu o de Xesus Taboada Chivite co seu escritório particular ainda da sua man, despois do comun acordo dos seus seis fillos. A doazón da grande biblioteca de Antón Fraguas viria máis tarde coa particuliariedade de que continua a medrar coa curiosidade do bibliófilo. De seguido o eclesiástico legado do crego António Rodríguez Fraiz e a aportación da família de Bouza Brey, en especial rica por conter a mellor colección privada de gravados. En salas particulares, como permiten as celas do convento, os cinco legados recibidos no Museo do Povo Galego (MPG) en dez anos dan conta de como a xenerosidade pode converter obxectos de uso privado en bens públicos de interese cultural.

Escritório e biblioteca de Taboada Chivite no Museo do Povo Galego. Á direita, Mª Xosé Fernández, Secretária do Museo.

"Son legados moi singulares, froito da identificación co noso proxecto" di a secretária do MPG Maria Xosé Fernández Cerviño mentras vai dando conta de cada un dos legados dos que se conserva o carácter biográfico de quen a xuntou. Xaquin Lourenzo deixou en testamento ao Museo todo o seu legado intelectual: biblioteca, documentos e direitos de autor. A bondade do polígrafo ourensán coas portas da sua casa sempre abertas foi mermando a sua biblioteca -unha parte herdada do pai- a conta de ir enchendo algunha que outra colección particular, entre outras cousas é chamativa a falta do importante conxunto de fotografias feitas por el mesmo como amparo á sua investigación. No 1990, poucos meses despois da morte, chegou a Compostela o legado intelectual de Xocas -excepto a doazón que fixera ao Museo Provincial de Ourense-, imprescindíbel hoxe para calquer etnógrafo e para todo o que queira investigar nos seus estudos. Xunto aos dous mil volumes, documentos escritos e debuxos do seu irmán Xurxo que morreu de moi novo.

Por acordo de seis fillos

Anos depois da sua morte, os seis fillos de Taboada Chivite acordaron deixar en depósito no MPG a biblioteca do pai ,que chegou xunto co escritório ao completo no que ainda se conserva unha carta enviada por Álvarez Blázquez, as fotos da sua compañeira e Vicente Risco enmarcadas e, na parede, vistas panorámicas de Verin. A pegada de Taboada Chivite nos seus obxectos personais marca tamén os 4.500 volumes ricos especialmente en história e arqueoloxia e singulares en colecciónsperiódicas e revistas.

Se no caso de Xocas a biblioteca chega ao Museo por disposición testamentária, no de Taboada cédese en depósito por acordo dos seus seis fillos, o seren conscientes da importáncia da cesión dos libros do pai ante a posibilidade da desmembración da sua colección particular.

Con vinte anos recén cumpridos, en só dez o MPG ten recibido cinco grandes legados o que, ao dicer de Maria Xosé Fernández supón "un grande respaldo, decisivo e tamén pasar dunha biblioteca de 10.000 exemplares a outra de 30.000 de inmediato co problema que supón tamén en canto catalogación porque só contamos cunha persoa que o faga para fondos que chegan todos de vez, non paulatinamente". No entanto, o Museo garda con agarimo cada un dos legados que recebe, tanto os grandes dos polígrafos galegos como os pequenos obxectos particulares -donados por anónimos- que compoñen o "90% das pezas que se expoñen que son doazón ou depósito". Todas teñen a sua história, desde o telleiro de Bertamiráns que trouxo o obradoiro para entregalo na furgona até o de instrumentos do compostelán Basílio Carril entregado polas fillas ou sellas, ferramentas dos distintos ofícios ou utensilios domésticos que chegan a cotio para logo ser expostos co fin de "chamar a atención sobre as cousas cotiás e que se vexan con outros ollos" e seren tamén exemplo de desprendimento en época de culto á propriedade. De todo isto o Museo fai gala ao dicer que nunca pagou por un legado, recibidos só pola relación afectiva coa institución.

Fraguas sigue sumando

Os dezaseis mil libros do actual presidente do Patronato do Museo, Antón Fraguas consérvanse nunha grande sá na que cada semana o seu mentor sigue sumando novos libros, como corresponde á singularidade dunha cesión en vida. Desde a casa, Fraguas consulta por teléfono os seus libros pertinentemente sinalados e suliñados e aproveita cada xunta para visitar a sua biblioteca que el decidiu sacar da sua casa. Maria Xosé Fernández di que a pesar da variedade da colección -acrescentada cun importante conxunto de folletos e revistas- debuxa perfeitamente as liñas metodolóxicas do bibliófilo que "fixo unha doazón discreta e só despois se lle organizou unha pequena homenaxe, el móstrase en certa medida reconfortado de que teña continuidade".

Da mesma época, hai apenas dous anos, é o legado por testamento do crego António Rodríguez Fraiz, membro tamén do Patronato e falecido hai tres anos, rico en matéria eclesiástica. Coincidindo coa celebración do vinte aniversário, o Museo recibe o que ven sendo o seu último grande legado entregado polos fillos e a muller de Bouza Brey e que, polo de agora, está nun proceso de preparación ainda sen catalogar. O que si se sabe é que na entrega chega a máis importante colección galega privada de gravados, por volta dun millar desde o século XVII e o XX, alguns coas planchas orixinais en madeira. Maria Xosé Fernández sinala que a mostra correspóndese coa dun "apaixoado que buscou desde os chamarileiros en feiras e romarias até as librerias de vello tendo grande riqueza en imaxineria relixiosa, ou unha série adicada ao apóstolo Santiago e pezas de gravadores compostelans do XVIII".

"É tamén unha grande alegria pensar que a cultura que el deixou escrita e feita vai ter froitos nesta casa, porque non é un museo morto, é un museo vivo que sigue investigando e que sigue traballando. Creo que é a única maneira de que os homes que morren,proque morremos, non embargantes a obra sempre queda" dixo Emília Álvarez, viuva de Bouza Brey no acto de entrega do legado.A secretária do Museo di que ademáis de dar mostra da xenerosidade garántase a "conservación dos libros que só se fai co uso e aireándose, coa falta de utilización apodrecen".

O Museo fai gala de que "nunca se comprou nengun legado, o único compromiso que se ten é de custódia, catalogación, inventário e telo a disposición da investigación". Xa poucos legados de grandes bibliófilos quedan en mans privadas despois de que Garcia Sabell vendera o seu á Fundación Barrié de la Maza, o Parlamento mercara a biblioteca de Carballo Calero, Fernández del Riego cedera libros e pinacoteca á Fundación Penzol e a deputación de Ourense recebera a de Ben-Cho-Shey. Na cesión está a garantia da permanéncia e a conservación profisional das bibliotecas gardando con dignidade a memória dos seus creadores, conservando momentos vitais como o papel que Bouza xuntou a un achádego arqueolóxico no que se le, despois da data de 1923: "Cando acordamos a fundación do Seminário de Estudos Galegos".♦

Antonio Gamoneda

MIGUEL A. FERNÁN-VELLO

Convidado polo Centro Galego de Arte Contemporánea, da man de Xosé María Álvarez Cáccamo e Xavier Baixeras, organizadores do ciclo *Lecturas de Outono*, estivo en Santiago de Compostela o poeta Antonio Gamoneda. Méndez Ferrín, que lle dedica o seu libro de poemas *Estirpe*, descríbeo nun poema titulado *Adicatoria* -tamén dedicado a Seamus Heaney e a Derek Walcott- como o meniño "que desceu das Asturias como baixa o gado, / con dor e cheiro" e, continúan os versos, "a lembranza de vitrolas pezoñenta, / un cabalo disecado en San Marcos, / os ulidos picantes da pólvora, / sonlle niño de ourizo permanente no fígado".

Antonio Gamoneda, o autor de *Descripción de la mentira*, naceu en Oviedo no ano 1931 e á idade de tres anos trasládase a León, cidade na que fixa a súa residencia. O noso poeta, que desceu das Asturias, foi fundar a súa alta poesía na paisaxe iluminada das terras de León e desde ese centro lúcido e intenso foi quen de irradiar unha das liñas máis vibrantes e transcendentes da lírica peninsular contemporánea.

En Santiago de Compostela os poemas de Antonio Gamoneda compuxeron no ar levián desTe Outono unha nota maxistral, próxima á transparencia da música que conmove e á vez remansa o sangue. Poesía de luz interior, galerías iluminadas do verbo, fluencia dunha tensión que nace pura na linguaxe. O símbolo, concebido este como unha fusión realizada entre o concreto e o abstracto, funciona aquí con toda a súa intensidade e con toda a súa densidade. Antonio Gamoneda desprega na súa arquitectura poética unha visión da ralidade que ten raigames humanas nunha paixón constructiva do mundo e que, en relación con iso mesmo, fende, cara arriba, unha resultante de coñecemento que pertence aos dominios do tránsito, do rapto, da emoción como fonte de vida e de lucidez.

Na fermosa edición titulada *Mallarmé, Herodías*, unha excelente traducción do poema de Mallarmé *Hérodiade* realizada por Antonio Gamoneda e pola súa filla Amelia, José Luís Puerto, referíndose ao poeta francés afirma que este deixou aberta cos seus postulados e coa súa poesía unha das direccións capitais da lírica contemporánea, aquela que leva á depuración da linguaxe e do verso, á eliminación de todo accesorio retórico e anecdótico e a procurar, en definitiva, a quintaesencia do poético. E de aí parten tamén a linguaxe e a tensión poética que son oficio en Antonio Gamoneda. A poesía concebida como obra de arte, como unha disciplina perfecta para atinxir o coñecemento e como unha forma de transgresión, de rebeldía e de pureza para instaurar un pracer humano que nace na música mesma do poema.

Antonio Gamoneda estivo en Santiago e leu os seus versos que agora ecoan na pedra viva do tempo e na memoria libre e fraterna do futuro. *"Juro que la belleza/ no proporciona dulces/ sueños, sino el insomnio/ purísimo del hielo,/ la dura, indeclinable/ materia del relámpago"* ♦

■ Os ex-compoñentes de *Madredeus* apresentan o seu primeiro traballo

Entre nós e as palabras é o nome do disco co que o grupo formado polos antiguos compoñentes do grupo *Madredeus*, Gabriel Gómez, Rodrigo Leão, Francisco Ribeiro e a nova aportación de Margarida Araujo veñen de apresentarse no cenário musical portugués. Fanse chamar *Os Poetas* e neste primeiro traballo recollen as voces gravadas dos poetas Luisa Neto Jorge, Herberto Helder, Mário Cesariny, António Franco Alexandre e Al Berto. Para un dos compoñentes da nova formación o seu espectáculo "não é um concerto, não é um recital... só pode ser uma festa das artes". ♦

■ Convócase o 10º prémio *Xesús Taboada Chivite*

O Concello de Verín ven de facer públicas as bases da convocatória para o Prémio *Xesús Taboada Chivite*, que ademais de homenaxear a este investigador, ten como obxectivo promover os estudos científicos nos campos da arqueoloxia, a antropoloxia e a história. Os traballos, que teñen que ser inéditos e cinguirse ao ámbito territorial da Gallaecia e de Portugal, deberán enviarse ao próprio concello antes do 27 de Novembro, data do 21º aniversário da morte de Taboada. O xurado que escollerá o gañador, premiado con 600.000 pesetas, estará composto por un representante de cada unha das tres universidades, un representante do Instituto de Estudos Galegos *Padre Sarmiento*, unha representante dos Museos Gallaecia Portuguesa e o presidente do Museo do Povo Galego, que presidirá, con voto de cualidade, as deliberacións. ♦

■ Os Encontros de Fotografia de Coimbra coa ollada en Europa

Europa está no cerne dos *Encontros de Fotografia* que até o dia 30 de Novembro se está a celebrar en Coimbra. Cun proxecto que vai durar tres convocatórias consecutivas quer dar unha volta polo novo panorama europeio a través de imaxes. Por iso, nesta ocasión, o cerne da mostra está no Museo Antropolóxico cunha colectiva baixo a coordenación de Gabriel Bauret na que expoñen Stéphane Duroy, Eric Larrayadieu, Dolorés Marat, Walter Niedermayr, Inês Gonçalves, Thomas Kern e Cristina Núñez entre outros. O Encontro recolle asimesmo unha montaxe de Boltanski ademáis das exposicións individuais do italiano Federico Patellani -fotógrafo de Fellini e Rosselini-, a española Cristina Garcia Rodero ou a francesa Dolores Marat. ♦

■ Manuel Sendón expón as suas últimas fotografias

A pegada de esculturas e de diversos obxectos inanimados na paisaxe son captados pola cámara fotográfica de Manuel Sendón nunha mostra que se inaugurou o 14 de Novembro na galeria Ad Hoc de Vigo. Nas suas imaxes, expostas a grande tamaño, Sendón dá vida ao cabalo de ieso á beira da estrada, ao Castelao que desde o seu banco de pedra descansa nunha praza da Coruña, á canteira de granito que emerxe da terra ou á montaxe faraónica que uns grandes armacéns instalan na cidade durante o Nadal. ♦

■ Nace en Santiago o *Círculo Sociolingüístico Galego*

Na Faculdade de Filoloxia de Compostela ven de criarse o *Círculo Sociolingüístico Galego* (CSG) ca intención de"retomar o estudo constante da situación sociolingüística de Galiza". Este colectivo márcese como primeiro obxectivo o estudo científico da situación da língua galega na sociedade e a sua normalización"No noso ideário -explica Francisco Martínez, presidente do CSG– defendemos a unificación normativa baixo a xa socializada e contrastada normativa do Instituto da Língua Galega (ILGA), institución que merece todo o noso apoio e respeito e á que pedimos sumarse ao noso grupo como integrador e fonte de diálogo normativo entre as distintas correntes". ♦

■ Prémios dos certames de folk e canción no concerto *Xuventude 97*

No *Concerto Xuventude 97* que se celebrará na discoteca Nova Olimpia de Vigo o vindeiro Venres 28 de Novembro daranse a coñecer os gañadores dos certames *Música Folk* e *Canción* que convoca a consellaria de Familia, Muller e Xuventude. No mesmo acto, no que actuará o grupo *Os Piratas*, apresentaránse os CD do grupo *Valigai*, do solista Alberto Pardo López -finalistas no apartado de canción- e de *Terrabieita*, *Charabisca e Almorfei*, seleccionados para o prémio de música folk. ♦

■ Concerto en homenaxe ao compositor Anxel Barxa

O Liceo Ourensano acolle o Xoves 27 ás oito e cuarto do serán un concerto de canto e piano en homenaxe ao compositor Anxel Barxa. O primeiro baixo do Teatro Bolshoi de Moscú, Vladimir Karimi e o pianista e compositor Emilio López de Saa serán os encarregados de interpretar obras do próprio Barxa, de Georgy Sviridov e de López de Saa sobre poemas de Rosalia de Castro. O concerto repetirase na Coruña o dia 29 ás 20 horas no Auditório da *Caixa*. ♦

■ O colectivo *Buril* sen subvencións para as actividades previstas

O colectivo cultural *Buril*, do concello lugués de Burela, ven de denunciar que a solicitude de tres axudas á consellaria de Educación foi denegada por apresentarse fóra de prazo. Os membros do colectivo aportan documentación na que amosan telas apresentadas nas datas correctas e sinalan que desde Educación pechan a via do recurso administrativo tendo que recorrer ao Tribuanl Superior de Xustiza. Os responsábeis de Buril notificaron este denegamento ás forzas políticas municipais tendo que abandoar as actividades previstas; un curso de animación á leitura, a edición dunha publicación periódica e unhas xornadas sobre Anxel Fole. ♦

■ A fita *Cain en el paraiso* gaña no Festival de Cine do Méio Ambiente de Gavá

O estreo do filme *Siléncio, se mata*, producida por *Handicap Internacional* -unha das ONG que recebeu recentemente o Prémio Nobel da Paz pola sua campaña a favor da erradicación das minas antipersoais- clausurou a IV edición do *Festival Internacional de Cinema i Video del Medi Ambient* de Gavá no que este ano participaron máis de 180 traballos de 20 paises diferentes. Nesta edición o *Prémio Especial do Xurado* foi para a fita inglesa de Daniel Graves, *Flatword* , o *Gran Prémio* para a española *Cain en el paraíso* de Javier Cabrera e o Ciudad de Gavá para a australiana *The Dreaming Series* de Koith Salvat. ♦

■ Solicitan axuda para o cine clube ourensán *Padre Feijoo*

A carestia dos alugueres das fitas de cine e a independéncia económica do cineclube Padre Feijoo de Ourense fan difícil manter unha programación estábel fora dos circuítos comerciais, segundo sinala o manifesto dos sócios e amigos do clube. Comprométense a manter a entidade pero peden una maior apoio económico das institucións da cidade. ♦

■ Culleredo celebra o seu seminário de História

Do Xoves 20 ao Sábado 22 de Novembro desenvólvese no concello de Culleredo o II Seminário de História no que participan, entre outros, José Luis Martin Rodríguez, Xosé Luis Barreiro Rivas, Carlos Pereira Martinez e Xan Casabella. Para os interesados está o telefone da concelleria de Cultura (981) 665597. ♦

■ *Xistra* participa no Festival da Gaita de Balingen

O grupo tradicional *Xistra*, do bairro vigués de Coruxo, participou nos primeiros dias de Novembro no Festival de Balingen, en Alemaña, que se adica ás nacións que teñen a gaita como instrumento emblemático. Asi, *Xistra* representou a Galiza e participou con grupos doutros paises como Bélxica, Croácia, Escócia, Bretaña, Italia, Irlanda e Moldávia. A acollida do grupo foi, segundo os seus membros, moi boa, reseñando o impacto que ten a percusión galega nas outras músicas. O interese recíproco das diferentes formacións, os intercámbios culturais e a convivéncia en Balingen foron extraordinários, segundo *Xistra*, cuxo segundo disco é *Adicado a...* e no que continuan coa liña de investigación folclórica xa emprendida anteriormente. ♦

■ A Fundación O *Grelo* ergue unha escultura á batalla de Cacheiras

O 23 de Abril de 1846 tivo lugar a batalla de Cacheiras dentro do movimento revolucionário emprendido por Faraldo e Miguel Solís; ali foron derrotados tendo que refuxiarse en Santiago sendo fusilados en Carral. A Fundación O *Grelo* apresenta estes dias o proxecto de monumento adicado a esta batalla no concello de Teo, da autoria de Vítor Corral. Será inaugurado antes de que remate o ano. ♦

Arte

Rostros veraces, reconstruídos, fragmentados e soñados

Título: Autorretrato: o pintor ante a sua imaxe.
Autores: Trinta e sete pintores galegos desde o século XIX.
Lugar: Sala de Exposición de Caixagalicia, Vigo. Até finais de Novembro.





Á esquerda, díptico do autorretrato de Roberto González. Sobre estas liñas o autorretrato de Maside.

Despois de pasar por Lugo e Ourense nos meses anteriores, as trinta e sete obras incluídas na exposición *Autorretrato: o pintor ante a sua imaxe*, chegan a Vigo para transladarse en Decembro á Coruña. Mália que a selección ten o límite de incluir só obras que utilicen a linguaxe figurativa, deixando para outra ocasión a linguaxe abstracta, saen á luz os diferentes veículos de expresión dos nosos pintores: o espello da sua imaxe é fidel á mesma a ollos do espectador, pode esnaquizala en anacos ou mesmo pode reflectir un ideal, a imaxe que desexa o pintor. A través dos rostros do pintor descobrimos a pegada que os movimentos artísticos deixaron na sua obra desde o século pasado e a ollada persoal e galega que denotan as obras.

O primeiro retrato localizado, o máis pequeno en tamaño, é o de Vicente Cancela del Rio, neoclásico ao que lle van seguir os rostros do Romanticismo: Pérez de Castro, Dioniso Fierros, Fenollera, Modesto Brocos. Da *xeración doente* hai retratos de Parada Justel e Jenaro Carrero, o pintor de Noia que xa amosa unha ruptura co conservadurismo das pinturas anteriores e se retrata a si mesmo en diferentes etapas da sua vida, como na que está perto da morte. Non faltan na selección nen Sotomayor nen Francisco Lloréns, cuxos retratos pertence aos dias nos que comezaban a probar sorte como artistas.

Xa se respiran outros aires coas pinturas de Díaz Baliño e Xesus Corredoyra. O autorretrato do primeiro conecta co simbolismo e é un dos máis orixinais nesta exposición. Camilo Díaz Baliño volta a ter preséncia na exposición a través do cadro do seu fillo, Isaac Díaz Pardo, titulado "Isaac coa sua família", pintado en 1950 e cuxa visión do grupo, desprende liberdade e amor e racha co conservadurismo dos retratos familiares. Unha das surpresas da exposición é o case descoñecido autorretrato do xoven Castelao, pintado en 1910, e pertencente á colección Alcalde-Varela. A composición é semellante ao cadro de Manuel Quiroga Losada, pendurado á sua beira.

> Unha das **surpresas da exposición é o case descoñecido auto-retrato do xoven Castelao, pintado en 1910,** pertencente á colección Alcalde-Varela

Continua o percorrido co paisaxista do Baixo Miño, Antonio Fernández Gomez, Virxilio Blanco, que resalta o significado da caveira e a luguesa Xulia Minguillón, a única muller nesta mostra, quen nos anos 30 viaxou por todo o mundo aprendendo e mostrando as suas pinturas a unha maioria de colegas homes. Chega o momento das vangardas e da renovación: Maside, explotando a cor en 1940, Torres, Colmeiro e Laxeiro, cuxos dous autorretratos dan conta da evolución experimentada entre o primeiro, de 1934, e o segundo, de 1952. A languidez de Tino Grandio en dous retratos deixa paso ás décadas recentes: a particular recriación que de si mesmo fai Xurxo Castillo, o realismo máis veraz de Roberto González e de Quintana Martelo, cuxo recentísimo retrato, a tamaño real, asinado como *Artista no obradoiro* pasa a ser *El artista en el taller*, no afán castelanizador de Caixa Galicia, que non só se limita ao catálogo. Correa Corredoira tamén se pon frente ao seu espello fragmentário e Din Matamoro introdúcese no cinema, deformando o seu próprio retrato xunto aos irmáns Marx, Brancaneves ou Isabella Rosellini. É o remate dun percorrido que vai fragmentando o rostro do pintor: o artista xa non se mira frente ao lienzo, xa non se mancha só con pintura; imprégnase de novas técnicas e doutras artes como cinema, fotografia e literatura. ♦

A.E.

conta de libros

A vida no teatro de Manuel Lourenzo

Falar de Manuel Lourenzo é tamén reconstruir a história dos últimos trinta e tantos anos do teatro galego, asegura a especialista Laura Tato no prólogo de **Manuel Lourenzo. Vivir para o teatro**, de Pablo Rodríguez. Este libro, editado pola compañía Uvegá Teatro no seu décimo aniversário, ademáis dun percorrido pola sua aportación ao teatro, é unha homenaxe a que ven de recebir o *Prémio Nacional de Literatura Dramática*. O volume conta con datos cronolóxicos, escolma de textos, cun conto inédito, e imaxes. Apreséntase o 25 de Novembro na Galeria Sargadelos de Santiago. ♦

A história de Merlin

O personaxe de Merlín foise configurando co paso do tempo e acadando unha dimensión novelística que o convirte nun referente mítico da Idade Media. Santiago Gutierrez é o autor do traballo **Merlín e a súa historia**, que edita Xerais e cuxa base foi a sua tesina. Ademais de amosar a construcción do personaxe, o autor, licenciado en Filoloxia Hispánica e bolseiro do Centro Ramón Piñeiro, afonda na versión orixinal e recolle os elementos que recompoñen o mapa: o rei Artur, a Mesa Redonda ou Escalibur. ♦

Do amor salgado

A obra poética merecedora do prémio da *Fundación O Grelo-Amigos de Galicia* titúlase **Do amor salgado** e é da autoria de Modesto Fraga, un xoven escritor de Fisterra, que participa activamente no Batallón Literário da Costa da Morte. Versos de amor e espera divididos en tres partes: *Eramos luz ambarina*, *Ninguén soubo que marcharas* e *Cedo volvín á realidade*. Este é o primeiro libro individual do autor, do que Miro Villar, autor do prólogo, reseña o autodidactismo de Modesto, que escrebía poesía mentres traballaba de taberneiro. ♦

A fidalguia galega

Vítor Manuel Migués é o autor do traballo **A fidalguia galega: un breve enxergar histórico**, no que aborda a história da pequena nobreza do Antigo Réxime a través do Casa de San Fiz de Asma, un solar de Chantada que a comezos do século XIX anexionara a máis de dez casas fidalgas de todo o páis. O autor traballou cos documentos que compoñen o fundo do marquesado de San Martin de Ombreiro, depositado no Arquivo do Reino de Galiza na Coruña. ♦

NARRATIVA

A nosa mellor literatura



Sarou é un dos mellores exemplos de relato negro que poidamos atopar na nosa literatura.

Xosé M. Eiré

NA MESMA COLECCIÓN





SAROU
Ramón Caride Ogando
PREMIO CAFÉ DUBLIN, 1997

XERAIS

ORALMENTE POLA BOCA
Xosé Cid Cabido

UN XOGO DE APÓCRIFOS
Xosé Carlos Caneiro
PREMIO TORRENTE BALLESTER, 1996

Televisión

Telenuclear

Hai duas semanas Fraga abria a xuntanza da SNE (Sociedade Nuclear Española) cunha conferéncia en defensa dos valores positivos da radiación en distintas ramas da medicina. Nas mesmas datas alguns meios aproveitan para recordar que o tráfego de resíduos nucleares polo litoral galego non é perigoso. Os bidóns de transporte van perfeitamente selados e houbo quen dixo que o millor que poderia suceder é que afundise un deses transportes xa que a auga é moi mala portadora da radiación, tan mala que se emprega como aillante nos reactores de uránio. En televisión todo o que trate dos desastres nucleares, como de calquer outro tema perigoso para a povoación, conta con sobrados expertos. Hai documentais sobre os desastres nucleares en Rúsia e no Xapón, eiqui aparece un que di que o millor é tirar os resíduos na fosa atlántica. As compañias eléctricas españolas entran no negócio e xa realizan proxectos de centrais xunto a outras empresas europeas, para gañar miles de millóns e se cadra para aprender algo da técnica.

Fraga fala diante dunha sala chea de tratantes nucleares de garavata. O telexornal recolle a parte máis suave do discurso: hai que ter en conta a sensibilidade da povoación ante estes temas, pero tamén é certo que os avances en radiacións nucleares abren un novo campo na medicina. O informativo fai un despregue coidado, mandan coma sempre que aparece Fraga, a Manuel Estévez de enviado a pé de pista, e ainda para facer a voz en *off* ao mesmo apresentador do programa *A Saude* (un mini espazo con consellos de como coidarse patrocinado pola Consellaria de Sanidade). Semella que a TVG, co experto en bioensaio de Palomares á cabeza, fai propaganda nuclear á conta dun programa para a saude.

Outros que tamén andan con enerxías tóxicas e a anunciarse como ecoloxistas son os da *solución viábel*, os de SOGAMA. A empresa repartida entre a Xunta e Unión Fenosa que pretende queimar o lixo galego nunha central térmica. O sistema motiva unha forte protesta social xa que non resulta nen económico nen ecolóxico. A resposta da SOGAMA ven en forma de vídeo clip didáctico con debuxos animados, apreséntase o proxecto como limpo, sobre todo nas empacadoras, e a incineración como último recurso do que se bota man despois de reciclar todo o posíbel, o cal é falso, dado que unha maior parte do lixo reutilizábel vai para o lume.

> Semella que a TVG, co experto en bioensaio de Palomares á cabeza, **fai propaganda nuclear á conta dun programa para a saude**

De seguer asi as cousas a televisión pública galega acabará emitindo programas de cociña con receitas para verduras de choiva aceda ou sorbetes de uránio, axioloxias do magnífico Conde de FENOSA, ou concursos para ver quen ten maior concentración de dioxina no peito, nos que poderian regalar safáris a Castrelo de Miño e fins de semana en Cerdeda. Ou mesmo poderiase facer como en SOGAMA, que a Xunta participe o 49 por cento da TVG e FENOSA o outro 51 por cento.

IAGO LUCA

conta de discos

Ouvidos para o folk, a música electrónica e o rock

Título: Universonoro, volumen 3.
Autor: Vários.
Editorial: Boa.

Recollendo o máis significativo do seu catálogo, Boa apresenta *Universonoro 3* no que sen impoñerse límites incluen tres compactos adicados ao folk, ao rock e á música electrónica. A distribuidora escolleu para a sua selección folclórica a grupos bascos e galegos; destes últimos conta con *Berrogüetto*, co tema *Rosendo en Sabaxans* e cos porriñeses de *Na Lua* con *Os tempos son chegados*, canción que dá título ao seu último disco. Tampouco falta a cara máis tradicional dos grupos folclóricos actuais: *Chouteira*, con *Ghuaue!*, e *Os Cempés*, coa suas *Mazurcas*. Non falta o baile de *Rosenda* de Emilio Cao, cuxo album *Simbad en Galicia*, tamén é distribuído por Boa. Pero ademais non están sós os grupos de folclore galego: neste apartado inclúense a Mikel Laboa, Benito Lertxundi e *Oskorri* xunto a Gozategi e *Maixa Ta Ixiar*, tres mulleres abandeiradas da trikitixa.

Coma quen pega un grande chimpo, entra o CD adicado á electrónica, no que a distribuidora mestura hip-hop e *dance*, con grupos que están no límite dos dous estilos como *7 notas 7 colores* ou *Lazy Sundays & Big Toxic*. Non falta na selección Prozack, o músico tecno galego cuxo disco *Ideology* é moi bailado nas macrodiscotecas; aqui inclúese *Cúmulos*, doutro traballo, *Extructuras Primarias*. Outras curiosidades son as rimas de Fran T, que abren o disco, ou escoitar a música de Najwa Minri & Jean; a primeira é a actriz protagonista das películas *Salto al vacio*, *Pasajes* e *A ciegas*.

Na selección de grupos de rock do Estado hai certa afinidade no relativo á difusión e política dos próprios grupos: xiran por circuítos alternativos aos puramente comerciais e non acadan grandes éxitos de vendas. De calquer xeito, hai de todo: veteranos como *La Polla*, rock en galego cos *Herdeiros da Crus*, experimentados no mundo de hard core e rap como os cataláns de *Afraid Speak in public*, libertários como *Los milicianos* ou os directos e, ao tempo, cun abraiante directo, *Sociedad Alcohólica*. Á sua vez, *Boikot* incluen a versión en castelán da canción de Kortatu *Zu atrapa tu arte*, co título *Nos quieren detener*. O paquete de tres compactos, que custa 1.495 pesetas, está orientado para ouvidos con gañas de escoitar de todo e cuxos góstos non están estrictamente limitados.♦

Xosé de Castro Arines, mocedade, leva e arte

Morreu en Madrid o pasado 16 de Novembro

X.E. ACUÑA

Van poucas xornadas da morte en Madrid de Xosé de Castro Arines. Que a terra lle veña leve.

Castro Arines non poría malos ollos que nesta data retomemos do pasado os seus tempos militantes na Federación das Mocedades Galeguistas. Que o lembremos nas súas tareas como diretor do xornal *Guieiro* compartindo labores con Celso Emilio Ferreiro e tamén no seu papel determinante naquela III Asemblea da F.M.G. enfrentado dialecticamente ao seu secretario xeral Xosé Velo Mosquera.

Naquela reunión, Velo tentou convertir ao ramallo xuvenil do P.G. nunha organización arredista en contra dos critérios de mozos como Castro Arines.Foi precisamente este xoven, que nascera en Tui en 1913, o encarregado de manter as teses contrárias, mantidas tamén polos seus xefes locais pontevedreses e dirixentes nacionais, Víctor Casas e Alexandre Bóveda, e vencer democraticamente a Velo.

Achegárase Castro Arines ao galeguismo pola man de Xerardo Álvarez Gallego e os irmáns Álvarez Blázquez ao mesmo tempo que se decantaba como artista e solicitaba en 1930 da Deputación de Pontevedra unha bolsa para ampliar os seus estudos de gravado en Madrid. Concedida a axuda, aos 17 anos comeza unha primeira etapa como augafortista aportando unhas criacións que son saudadas por Castelao como a grande esperanza de futuro da arte galega. Unha xeira da que se conservan tres pezas sinaladas no Museu de Pontevedra entre a que sobresae o extraordinário augaforte titulado *Laboura*.

Inmerso na sua actividade política deseña en 1932 a capa de *Os nosos cantos*, unha folleto propagandístico do grupo xuvenil *Ultreya*, á vez que un libro de poesias de Xosé María Álvarez Blázquez e o afortunado cartel das festas da Coca de Redondela. Castro Arines forma parte daqueles máis novos representantes da arte galega que viron a sua carreira truncada polo alzamento militar. Vítimas de levas de guerra e siléncios, a sua traxectoria naufragou como a de Sesto, logo da vergonzante etapa de *El Pueblo Gallego*, a de Turas, morto na frente de guerra en Madrid, ou a del mesmo, agardando tempos mellores separado de toda actividade pública ou artística. Pior aínda lles foi aos que apampanaron en *Spes* cheos de nacional-catolicismo ou os que se humillaron na marinense *Más*.

Despois viria a volta a Madrid, os estudos de Filosofía e Letras e o deambular, collendo acomodos, polas redacións dos xornais do novo réxime.O Castro Arines, artista da vangarda galega, desaparece entre novos labores de crítico cinematográfico en *Cine Experimental*, escenógrafo no Teatro Español e sereno articulista en *Artes y Letras*.

Xosé de Castro Arines nunha foto dos anos sesenta. Abaixo, cuberta de *Os nosos Cantos*.

Cos vellos amigos das mocedades pasa anos, décadas, sen verse. Mentras o seu prestixio como critico artístico vai en aumento. Á vez que Pepe Hierro elabora as críticas de arte en *Pueblo*, o Castro Arines convértese na outra grande figura da crítica estatal, quizais a maior, desde as privilexiadas páxinas de *Informaciones*, o xornal máis aberto e progresista no Madrid dos anos 60 e 70, navegando entre os controis e censuras encubertas de Fraga Iribarne.

Os comentários de Castro Arines pasan a ser a referéncia clave das novas tendéncias. Divulga con sonadas monografías a obra de pintores como Millares, Barjola, Suárez ou Lucio Muñoz e serve de introductor de críticos internacionais innovadores como Herbert Read. Mentras, é o verdadeiro valedor dos pintores e escultores galegos que queren trunfar en Madrid. Tino Grandío, María Antonia Dans, Víctor Casas, Otero Besteiro, Labra, Laxeiro, etc receben o pulo definitivo coas suas críticas e reseñas nas que tamén "descubre" a valía excepcional e o talento de Jorge Castillo.

Castro Arines foi a plataforma precisa da que se serviron os criadores galegos exiliados para voltar artisticamente a estar presentes. Moito tivo que ver aquel vello compañeiro das Mocidades na mítica exposición de Souto na Galería Rojo y Negro, na recuperación da obra de Colmeiro ou Maruxa Mallo e no redescubrimento de Luís Seoane.

Neste último sentíase especialmente recoñecido. A súa paixón mutua por George Grosz e polos proxectos que con Isaac Díaz Pardo estaban a nacer no Castro de Samoedo e Sargadelos supuxeron a súa volta real á Galiza creadora. Na editora de Díaz Pardo deixou mostra do seu coñecimento da arquitectura popular galega coa sua monumental e novidosa obra *O libro das galerias galegas*, hoxe xa un clásico. Para Ediciós do Castro aportou novos traballos sobre a obra de Antonio Clavé, a de Arcadio Blasco (en coautoria con Isaac) e un sorprendente ensaio de título *Cerámica, Fuego, Magia*.

Emigrado, mais lonxe dos cenáculos do poder funcionarial extendidos por Fraga Iribarne e o general Lobo Montero, soubo manter e atender os seus sentimentos galeguistas arroupando canto ben podía aos mozos galegos que chegaban a Madrid cos que tendía unha complicidade primeira: o uso do idioma.♦

A ESTAMPA DE PONDAL

XOSÉ DE CASTRO ARINES

Poríalle naquela estampa que teño que pintar, unha fiestra aberta á paisaxe, e iría encheita de verde e terra azul da mar, vería por ela iluminados nunha visión de estrelas, aos piñeiros da costa de Bergantiños co resprandor de prata das barbas do poeta, miña estampa sin data á historia dos patriotas, iría muda nun senso de berro revolucionario, e nela Pondal en primeiro termo de lembranzas, guieiro do noso éxodo, a figura de apostol iluminado de poeta, a súa voz de segrel divino, todo o seu ser de luz, diríanos a cotío o teuzón de liberdade:
¡Eirin! ¡Eirin!
Tería tamém a miña estampa un sol nacente, cheo de catro séculos de noite, e unha idea nua, con poder de lua redimida. Tamén tería feito a visión dos intres do poeta da Patria, da anti-patria e das cantigas que fían os fouciños dos galegos rebeldes, do berro de Hamlet, e dos espellos das nacionalidades ceibes, falaría sin falar, a miña estampa, do moito que non se pode decir, e que a igual que nós, foi levado no pensamento do bardo de Ponteceso, a fiestra aberta á Terra diríalle aos galegos o que Pondal, senlleiro, nun intre de anos maxinou da Patria redimida.♦

A Nosa Terra (13-II-1935)

'O decreto de Humanidades é unha volta ao nacionalismo español do 98'

Xusto G. Beramendi, historiador

PAULA BERGANTIÑOS

"COA REFORMA DAS HUMANIDADES QUE QUERE IMPOR O MINISTÉRIO DE EDUCACIÓN INTÉNTANSE INSTAURAR NO ENSINO UNHA CONCEPCIÓN NACIONALISTA ESPAÑOLA INTOLERANTE", SINALA O PROFESOR DE HISTÓRIA CONTEMPORÁNEA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO E ESPECIALISTA NO ESTUDO DO NACIONALISMO GALEGO, XUSTO G. BERAMENDI. PARA EL ESTÁN A AGROMAR ELEMENTOS DO FRANQUISMO PERO O DECRETO "É MÁIS BEN UNHA VOLTA AO 98". ADVIRTE ASIMESMO DA POSIBILIDADE DE QUE O CONTROL DO ENSINO PODA LEVAR Á VOLTA A CENSURA PRÉVIA NOS TEXTOS ESCOLARES ANTE O QUE "AS FORZAS DEMOCRÁTICAS TERIAN QUE MOSTRAR A SUA OPOSICIÓN".

Cal é a sua valoración do decreto de reforma das Humanidades apresentado polo Ministério de Educación?

É un episódio máis da loita ideolóxica que plantexa un revivido nacionalismo español de dereitas representado politicamente polo Partido Popular. Con este decreto queren frear un proceso de interpretación máis plural da História das nacións que constituen o Estado español. A ministra Esperanza Aguirre entrou como elefante en cacharreria na rede competencial do Estado das autonomias. As competéncias educativas están cedidas dun xeito esclusivo ás comunidades históricas e toda modificación que se faga nos deseños curriculares do Ensino Médio ten que ir precedida dunha negociación e dunhas consultas coas administracións autonómicas que non existiron.

Ademais dos contidos, a reforma tamén afectaria aos aspectos pedagóxicos e didácticos do ensino.

Con todas as eivas que pode ter, o sistema actual resposta a unha concepción pedagóxica moito máis moderna que a que tratan de impor co decreto. Até o de agora non se trataba só de instruir á vella usanza, impoñendo unha série de interpretacións das que o profesor e o alumno son meros repetidores. O que a eles lles molesta é que o profesor tivera certa liberdade para desenvolver as suas ensinanzas e fomentar a formación de cidadáns con capacidade crítica e, alí onde correspondese, cunha conciéncia nacional determinada.

Hai pouco, nun debate televisivo, recriminoulle ao historiador Garcia de Cortázar que ocultara a sua condición de nacionalista español.

Unha cousa que fan a maioria dos nacionalistas españois é apresentárense como non nacionalistas, e iso non é lexítimo. Permítelles xogar con ventaxa e afirmar que o nacionalismo é perigoso e desestabilizador para os governos. É un truco fácil pero efeitivo no momento de satanizar ao contrário. O intento de criminalizar ao nacionalismo, no que participan ademais outras forzas como o PSOE e Izquierda Unida, é moi anterior á saida do decreto. Manteñen que o nacionalismo é antidemócrata, retrógado, pasando por alto a realidade histórica. Na História do Estado español os nacionalismos periféricos foron sempre forzas que loitaron a favor da democratización do conxunto e non só da sua liberación nacional. O balance histórico nese sentido é inequívoco. E se existe un nacionalismo que en moitas ocasións fixo o contrário, trouxo a falla de demócracia, a ditadura e os crimes, ese foi o nacionalismo español. Hoxe en dia danse algúns fenómenos pontuais, moi recentes e moi localizados, como o caso de ETA, que eles utilizan como base para tentar xeralizar maldades intrínsecas de calquer nacionalismo que non sexa o español.

A. PANARO

A história sempre foi utilizada para a lexitimación das nacións e para a socialización da xente nese referente nacional. A mala conciéncia do nacionalismo español pola sua identificación co franquismo permitiu que este conflito quedase en sordina desde a Transición. Desde o 77 puido facerse unha história moito máis real desde o ponto de vista dos povos do Estado, moito mellor incluso metodoloxicamente e moito máis avanzada. Agora coa chegada do PP que é un partido nacionalista español -o PSOE tamén pero unha migalla máis progresista- voltamos a unha situación máis intolerante.

Responde este decreto ao modelo de estúdio da história que estabelecia o réxime franquista?

A concepción nacionalista española da história é moi anterior a Franco. Unha cousa é que o exemplo máis proximo que teñamos sexa esa manifestación extrema no franquismo. A historiografia nacionalista española nace, como en todos os estados europeos, no século XIX, un pouco antes do que as historiografias que como a galeguista teñen un referente nacional non estatal. Non é tanto unha volta ao franquismo, posto que non se renúncia a realidade de democrácia representantiva, como á visión nacionalista española do rexeneracionismo de princípio de século. Tratáse de reconstruir o pasado en claves que sigan para unha nación española non ditatorial senón progresiva, democrática, pero única. Hai elementos do franquismo que están aí pero a sua vez veñen de antes. É máis ben unha volta ao 98.

Estabelece diferéncias entre o traballo que están facendo históriadores españois de esquerdas e de dereitas?

Claro. A ideoloxia para ben ou para mal sempre influe no traballo dun historiador. Os historiadores de ideoloxia máis de esquerdas normalmente son máis abertos e menos dogmáticos. Digo que polo comun porque hai que ter enconta duas variábeis. Por unha banda o eixo esquerdas e dereitas e por outra o eixo nacional. A resultante destes dous factores pode dar lugar a historiadores máis comprensivos co problema nacional ou outros para os que a história é máis importante como munición na loita política que como meio para comprender mellor o pasado e poder transformar o presente. Neste segundo caso están os de dereitas pero tamén algúns que son de esquerdas. Haberia que analizar caso por caso.

Permitirá a liberdade de cátedra frear a aplicación deste decreto?

Ainda que se aprobe o decreto non vai ser efeitivo en canto aos obxectivos que se propón o governo. Nunha situación de liberdade como a actual o traballo do profesorado poderá condicionarse pero non constreñirse como sucedia na ditadura. Ainda que de maneira máis incómoda, un profesor ou unha editorial, vai poder seguir actuando en función do seu critério e da sua conciéncia. A cousa cambiaria se o ministério, segundo anunciou, exixe revisar os libros de textos antes da sua distribución. Isto si que seria gravísimo. Significaria instaurar unha forma de censura prévia. Nembargantes espero que a reación das forzas realmente demócraticas impidan tal medida.♦

Francisco Rodríguez acusa á ministra de querer 'dirixir o ensino desde presupostos anti-científicos'

A ministra de Educación, Esperanza Aguirre asistiu o pasado dia 11 á comisión parlamentar do Congreso para expoñer as liñas mestras do *decreto de humanidades*. A ministra comparecia a petición do deputado do BNG Francisco Rodríguez quen denunciou que "grande parte dos expertos que colaboraron no proxecto de decreto caracterízanse por soster posicións ideoloxicas declaradamente anti-nacionalistas".

Segundo Rodríguez, o problema na Galiza está en que "o sistema educativo descoñece a história do país, mentres se estuda unha visión da Idade Média que atenta contra os dados empíricos máis elementais". O deputado do BNG lembroulle á ministra a existéncia de Galiza como reino preponderante na parte norocindental da península até o século XIII e a pertenza dos reis deste periódo, que pasan por seren de Leon e Castela, ás grandes famílias nobiliárias galegas.

Segundo o parlamentário galego o proxecto de reforma das humanidades é un intento de "paralisar as investigacións actuais e a divulgación dunha história mellor documentada e de boicotear un currículo próprio e adaptado ás realidades nacionais que compoñen o Estado". Francisco Rodríguez acusou finalmente á ministra de querer "dirixir o ensino desde presupostos anticientíficos e contrários ao pluralismo cultural e lingüístico".♦

'Os meios de comunicación confunden os libros de entretenimento coa literatura'

Antoni Mari

CARME VIDAL

Coñecido na Galiza principalmente pola tradución de O *vaso de prata* (Sotelo Branco) e polos poemas recollidos na antoloxia de Baixeras, o escritor catalán Antoni Mari conta cunha ampla obra á que ven de engadir o diálogo ilustrado de *El cami de Vicennes* e á que pronto se sumará o novo poemário *El Desert*. Como profesor de Teoria da Arte na Universidade Pompeu Fabra ten investigado nas raices da estética pero iso non tira para que na sua literatura se dé un convívio co cotiá, cunha linguaxe "para se comunicar con si proprio". Antoni Mari, que ven de participar no ciclo *Letras de Outono* organizado por Xosé Álvarez Cáccamo e Rodríguez Baixeras no CGAC, coida que é este un bo tempo para a poesia.

Con O *vaso de prata* quere achegar aos leitores á sua própria memória?

Procurei recuperar aspectos da miña memória e outros próximos para apresentalos cunha linguaxe sen mediación literária, como na literatura oral. Quixen crear un espácio propício para a evocación que aos leitores lle serve para traer ao presente os seus recordos e poñer orde na memória. Uso a linguaxe que cada quen emprega para se comunicar consigo mesmo.

É profesor de Teoria da Arte e volve á linguaxe do cotiá.

A disciplina da Estética, da Filosofia da Arte, fixo posíbel esa linguaxe sinxela. No entanto, póñense en movimento ideas que xurden do contacto coa Filosofia, coa leitura de Schopenhauer ou Baudelaire pero sen se nomear, teoria sen que se note. A reflexión cando se fai cun mesmo non necesita de todo o aparello literário. A literatura está en saber empregar o adxectivo xusto e tamén en saber non poñelo.

Que diferéncia hai entre un libro doado de ler e a literatura de consumo?

Un libro como O *vaso de prata* non pretende tranquilizar a mala conciéncia da xente, e nese sentido é un libro comprometido, que deixa pouso. Na história de Occidente houbo moitos rexistros literários, entre eles unha literatura de entretenimento que non presenta cuestións políticas pero que é tan respeitábel como calquer outra. Outros libros entreteñen conforme axudan a que desenvolva as suas capacidades intelectuais. O que acontece é que nestes momentos confúndense as duas, a de entretenimento coa alta literatura. Antes coñeciase perfeitamente a diferéncia que habia entre elas. A confusión provén dos meios de comunicación, sen embargo, seria bon que estivesen presentes as duas e que o leitor escollese.



A. IGLESIAS

***El Desert* é o seu último poemário, son bos tempos estes para a poesia?**

A poesia é a vontade de comprender o mundo e iso significa tamén comprimir, sintetizar. O poema é a síntese, o que se di en cinco versos precisa dunha novela para ser explicado. A novela no sentido decimonónico do termo é obsoleta, hai outros meios máis eficaces e a poesia ten ademais inmediatez. Na poesia está a eséncia da lingua, mantense un espíritu que se transforma e permanece grácias a ela. A prosa de hoxe é consecuéncia da poesia de antes. É quen de abrir a língua a ámbitos e horizontes que a narrativa non pode, está rezagada.

> 'A prosa de hoxe é consecuéncia da poesia de antes. A novela vai sempre rezagada".

É vostede catedrático, a Universidade recebe ben á poesia?

Simplesmente a ignora, non forma parte dela. Os meus poemas non contaron no meu currículo cando facia carreira docente. O mundo universitário se non está cheio de vida non ten interes, como se vai impartir senón coñecemento? Ten que estar no meio da evolución.

O *Galeuzca* son o ponto de encontro na escrita das nacións?

Favorece ese encontro. Esa relación non se da no nível institucional porque a oficialidade non entra niso. Hai anos que teño contacto con escritores galegos, pero nunca pasou nen pola Xunta nen pola Generalitat. É a sociedade civil a que libremente escolle aos seus amigos.

A sua última obra, *El cami de Vicennes* é un diálogo entre Rousseau e Diderot, revisita os princípios da Ilustración?

A miña obra narrativa está relacionada coas miñas obsesións personais, non son un profesional da literatura. Para min foi necesário escribila porque entendin que hai que revisar todos os conceitos que o mundo contemporáneo puxo en cuestión como son a democrácia, a política, a liberdade ou a igualdade. Recorrin a Diderot e Rousseau porque son duas figuras que loitan pola liberdade de expresión e permiten revisar todos os conceitos gastados por un mal uso. Nos estados modernos tentouse conconseguir a liberdade e a igualdade, pero a fraternidade nen chegou a ser proxecto, está traicionada desde as orixes e constitue o reto da sociedade actual.

É necesário ademáis nun tempo de razón única?

É interesante porque a fraternidade consiste en recoñecer o direito á outra razón, a diferéncia é a orixe comun dos dous. Son diferentes e exixen respeito. ♦

A Asociación de Actores, dividida entre a residéncia e a itineráncia

Encontro de teatro galego e portugués en Viana do Castelo

A Asociación de Actores, Directores e Técnicos da Galiza vive un momento de división entre os partidários de constituir un teatro residente e os que coidan que seria preferibel manter a itineráncia. A discusión reproduce con novos elementos as diferencias arredor do conceito de teatro estábel manifestadas desde os primeiros Encontro de Ribadavia nos primeiros 70. "O teatro galego consegue o que quer con grande eficácia cando é quen de definir con acerto ao inimigo; pero nesta ocasión trabúcase de inimigo", sinalou o director Eduardo Alonso en referéncia á discrepáncia dos que se manifestan contra o teatro estábel.

Companhias de teatro galegas e portuguesas déronse cita os pasados 14, 15 e 16 de Novembro en Viana do Castelo na segunda edición de Teatragal, nunha xuntanza que continuou o debate da primeira edición celebrada en Cangas no pasado mes de Setembro.

Máis de vinte representacións ademáis de relatórios e mesas redondas formaron un apretado programa no que se pasou lista ao estado actual do teatro e ás perspectivas do futuro. En Viana volveuse falar sobre o tránsito da independéncia dos actores cara á pofisionalidade unha vez superada a itineráncia sen por iso deixar de defender a necesidade de que as representacións cheguen a toda parte.

Da necesidade dunha regulamentación do estatuto profisional volveuse tratar tamén en Viana, coincidindo os participantes á hora de defender unhas condicións laborais dignas para a xente do teatro. No entanto, o simples comentário por parte dun representante do teatro portugués da posibilidade de que a UE obrigue á actores e ténicos a proverse de carta de profisionalidade suscitou acerbas criticas dos asistentes que recusan coutos fixos aos ofícios do teatro.

O teatro residente virouse como o modelo posíbel de organización teatral unha vez descartada a itineráncia polos máis dos protagonistas dos nosos escenários nun confronto repetido en canto foro se organiza. No debate, Eduardo Alonso laiouse de que o seitor non acerte na definición dos inimigos do teatro e salientou que a profisión ten capacidade demostrada de acadar un obsxectivo común cando o da fixado con acerto.

Manuel Vieites reclamou na sua ponéncia *Cara onde vai o Teatro* unha "política teatral vertebradora" que leve á profisión a organizarse "da mesma maneira que os mineiros de Asturies".

Para o portugués José Martins, do Teatro do Noroeste, os encontros promovidos por parte dos participantes no mundo do teatro de ambas beiras do Miño supón "um contributo fundamental de cidadania que podemos dar às sociedades de que somos parte e está finalmente na ordem do dia. Não temos como no passado que lutar entre nós pela disputa do mesmo peixe das águas do mesmo rio, mas tão só lançarmo-nos às aguas e pescarmos em comum" . Menos optimista foi para un encontro de iguais Roberto Vidal Bolaño do Teatro do Aqui quen, na volta das xornadas en Cangas, non eludiu dicer que "en Portugal hai maior receptividade, maior inquietude polo noso teatro da que pode haber en España ou en Galicia cara o teatro portugués. Eu son pesimista e sobre todo despois dest as xornadas pois creo que detrás desa menor receptividade, está a cuestión nacional". ♦

Quince películas compiten no Festival de Cine de Ourense

Actores e actrices debaten sobre a sua supervivéncia

A. ESTÉVEZ

Quince películas compiten na sección oficial do *Ourense Film Festival*, que chega á sua segunda edición facéndose cárrego do evento o próprio concello da cidade. O festival comezou o Domingo 16 pola noite e se abriu co estreo de *Nena*, a segunda fita de Xabier Bermúdez, que narra a atracción dun home de mediana idade por unha moza e que conta coa actriz compostelana Nerea Barros. Pero ademais, a homenaxe a Antonio Casal, as imaxes do centenário do cinema na Galiza e un percorrido pola obra de José Luis Cuerda completaron un programa que remata o Sábado 22 de Novembro.

Da primeira á segunda edición o OFF mudou singularmente. Despois da desaparición de escena de Eloi Lozano, o primeiro promotor, que teria deixado un déficit de vinte millóns que estarian cubertos con parte do orzamento deste 1997, a preséncia de *Canal Plus* procura darlle un empaque maior a un certame que, apesar de todo, só conta con duas pantallas da cidade para proxeccións, e unha programación cativa. A inauguración instrumentalizada polo presidente da Xunta (reivindicou entre outros a un Carlos Velo ao que no seu tempo impediu regresar do exílio), a escaseza das películas amosada e un orzamento ainda demasiado opaco, apesar das irregularidades do 1996, abren o panorama dun evento que procura afianzarse como referente.

A especial adicación ao cinema galego ten duas referéncias: a primeira, a conmemoración do centenário e, a segunda, a afirmación dos organizadores de que "este pode ser o ano do despegue da producción do país". A estrea de *A noiva da Medianoite*, de Antonio Simón, en festivais internacionais cunha notábel acollida xunto a posibilidade de que tres novos proxectos cinematográficos podan ser materializados rachan co valeiro dos anos 1995 e 1996. Por esta razón, o festival conta cunha reunión de actores e actrices galegos "que persisten no país base de segundos traballos e teatro".

Antonio Casal, morto no 74, é homenaxeado no Festival de Ourense presentando un libro sobre a sua obra.

Dentro das Imaxes para un Centenário (un traballo xa coñecido noutros pontos do país mercede ao traballo do CGAI), lémbrase como Portugal, Vigo, Pontevedra, A Coruña e Lugo receberon as primeiras exibicións do cinematógrafo Lumière. As xoias cinematográficas conservadas e que se amosan no festival son *Miss Ledya*, cun papel secundário para Castelao, *Carmiña, flor de Galicia*, con Maruxa del Mazo, *Un viaxe por Galicia, Pontevedra, cuna de Colón* e os documentais *Imaxes da Coruña, Imaxes de Vigo e arredores* e *Escenas da Coruña*. Os investigadores Xosé Mª Folgar e Jon Letamendi resaltan que a repercusión nas primeiras exibicións "non foi a tópica que algunhas históriias do cinema relatan: non houbo un deslumbramento máxico, por moito que a locomotora da chegada do tren puidese espantar co seu realismo. O espectáculo tivo que ir, pouco a pouco, conquistando o seu território, o que sucederia ben entrado o século XX".

O actor compostelán Antonio Casal, morto en 1974, é a figura galega homanexeada no Festival de Ourense. Os que non o lembraban puideron recoñecelo no filme *La torre de los siete jorobados*, do ano 1944. Xunto a Maria Casal, filla do actor, Xosé Luis Castro de Paz apresentou o dia 19 o libro *Antonio Casal: comicidad y melancolia*, no que retrata ao intérprete de galán de clase media nos anos corenta e cincuenta.

José Luis Cuerda e selección do *Sundance*

Na sección oficial do festival seleccionáronse quince para concursar, que se proxectan nas salas Duplex e Novocine. O prémio do xuri é de un millón de pesetas e o prémio do público, de 400.000 pesetas.

Pero o festival quer remarcar o seu carácter independente contando ademais cunha pequena selección das películas máis interesantes que pasaron nos últimos anos polo *Sundance*, o festival de Nova Iorque, que apadrina Robert Redford. Na clausura, o dia 22, estará presente o director de Albacete José Luis Cuerda, responsábel, entre outras películas, de *El bosque animado* e que ten en mente levar á pantalla o relato *A línguaxe das bolboretas*, incluído no libro *Que me queres, Amor?*, do escritor Manuel Rivas, que seria rodado en terras de Allariz.♦

OPINIÓN

A NECESIDADE DE RECICLAR CINE ESPAÑOL PARA USO DOCENTE

OU COMO RECONVERTIR PELÍCULAS SOBRE GALIZA

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

Nestes últimos días coincidíronme unha serie de cousas que me levan a unha reflexión pública coa intención última de mover vontades. Vexamos. O actor neozelandés Sam Neill (agora traballa para os americanos -*Parque Jurásico*, por exemplo-, sen renegar das súas oríxes) confesaba nunha documental súa sobre o cine no seu país, que hai vinte anos comezaron a decatarse da necesidade de imaxes propias cando se fartaron de ver nas pantallas as historias dos demáis, mentres a súa realidade permanecía inédita. Agora descubrimos que existe a cultura maorí e fan películas *standard* pero moi persoais como *Criaturas celestiales*, *El piano* ou *Guerreros de antaño* (xunto a outras menos coñecidas e máis autóctonas). A ver se cunde por aqui esa motivación.

Na presentación do filme do galego Antonio Simón, *La novia de la medianoche*, na Seminci de Valladolid, a crítica especializada pasou dela olímpicamente e non entendeu absolutamente nada do contexto finisecular galego no que transcorría a historia, limitándose a interpretar as cuestións técnico-narrativas con máis desacerto que outra cousa. Pero no fondo percibíase un notorio desprezo ata o cine chegado desde a periferia, pendurándolle a etiqueta de provinciano, e tamén un desconhecemento absoluto da nosa realidade. Xustamente nesas mesmas datas, a ministra Aguirre destapa desde Madrid unha absurda polémica sobre as Humanidades no ensino no que parece unha burda manobra por uniformizar "la realidad de los pueblos de España", algo que recorda tempos nada felices. A Simón xa lle aplicaron o conto.

Por outra banda (será casualidade), varios ensinantes consúltanme sobre a disponibilidade de imaxes galegas para ilustrar ou apoiar determinadas actividades do ensino, preferentemente relativas á área das Humanidades.

Certo que temos unha bagaxe moi cativa de imaxes propias, como non é menos certo que ou agardamos bastantes anos máis a que se produzan (¿quén? ¿como? ¿onde? e ¿con qué?) ou deberíamos afrontar o problema pola vía da urxencia. Guste ou non, andamos frouxos.

> ‘Ainda que son máis os filmes empeñados nunha Galicia tópica, a "gallegada", non é menos certo que existen outros coa suficiente dignidade para seren aproveitados e recuperados, mediando o seu paso á nosa língoa"

Así as cousas, a partir destas premisas puramente accidentais, concurrentes ou non, anímome a propoñer a posibilidade de afrontar polo camiño máis curto a carencia de productos audiovisuais útiles para ese fin, sen que por facelo caigamos na desnaturalización ou no ridículo, que ás veces van da mán. Sabemos que o cine español visitou este país con bastante frecuencia, se bén con desigual acerto. Sen embargo, ainda que son máis os filmes empeñados nunha Galicia tópica, a "gallegada", non é menos certo que existen outros coa suficiente dignidade para seren aproveitados e recuperados, mediando o seu paso á nosa língoa. Se un ensinante necesita apoiar determinados períodos históricos en Galicia, ainda hai, por fortuna, suficientes filmes europeos e norteamericanos para seren utilizados. Se por riba proceden dunha grabación da TVG (que emite unha digna oferta cinematográfica para as súas limitacións económicas), o obxectivo teráse cumplido, pero só parcialmente porque nesas imaxes non está o país.

Fotograma de *A noiva de medianoite*.

Revisando a presencia de Galicia en cen anos de cine español, atopámonos con productos aproveitables. O tema de emigración americana pódese ilustrar en dúas caras opostas con "Camarote de lujo" (Rafael Gil, 1958) ou "Gallego" (1987). Para o complexo mundo da fidalguía servirían títulos como "Viento del Norte" (Antonio Momplet, 1954), "La casa de la lluvia" (Antonio Román, 1943) e os seriais -de ámbolos xa existe versión galega- "Os pazos de Ulloa" (Suárez, 1985) e "Os gozos e as sombras" (Moreno Alba, 1982). O variopinto tema da relixiosidade, está en "El portico de la Gloria" (Salvia, 1953), "El hereje" (Barja Moro, 1958), "Cotolay" (Nieves Conde, 1965) ou "El bordón y la estrella" (Klimovsky, 1966); mentres o das lendas e supersticións atópase en "El bosque del lobo" (Olea, 1969), "La hora bruja" (Armiñán, 1985), "El bosque animado" (Cuerda, 1987) ou "O baile das ánimas" (Carvajal, 1993). O mundo de Valle-Inclán é moi sustancioso, á marxe das discrepancias que podan existir sobre a calidade literaria das adaptacións: "Sonatas" (Bardem, 1959), "Flor de santidad" (Marsillach, 1973), "Beatríz" (Suárez, 1976) ou "Divinas palabras" (García Sánchez, 1987). Para a antropoloxía serviría "Martes de caraval" (Carvajal, 1991). Ata a irregular e *destapista* "Volvoreta" (Nieves Conde, 1976), pódese aplicar ao tema liberal-conservador na Coruña de comezos de século.

No que atinxe á historia contemporánes, a oferta xa é maior por canto que nela poderíanse incluir algunhas películas galegas producidas desde mediados os oitenta, tanto de curta como de longametraxe. O relatorio sería extenso, polo que sen abandonar o cine español incluiríamos "Huidos" (Gracia, 1994) ou "La ley de la frontera" (Aristarain, 1995). Esta bagaxe de imaxes agarda un rescate, bén pola vía institucional, bén pola iniciativa privada. Hai un proceso de negociación de dereitos, de dobraxe ao galego, de confección de materiais de apoio, pero o esforzo pagaría a pena, porque son centos os centros de ensino, asociacións culturais, cinéfilos e público en xeral, que agardan unha solución provisoria a unha grave carencia, aparcando os prexuizos artísticos (este sería outro interesante debate). Non se trata de reivindicar o cine de Suevia Films, Cesáreo González, Ramón Torrado, Xan das Bolas e companía, senón de aproveitar unhas das moitas posibilidades que permiten as imaxes: manipulalas (engadíndolle a dobraxe) e reorientalas a outros fíns.♦

MIGUEL ANXO FERNANDEZ é ensinante e historiador cinematográfico.

ANACOS

BOROBÓ

A galeguización dos nosos socialistas

No Comité Nacional do PSdeG-PSOE, reunido en Santiago o pasado 25 de Outubro, tras a derrota nos comicios autonómicos, "houbo numerosas intervencións críticas e demandas de renovación e de galeguización do partido". Nembargantes, na Executiva Federal do PSOE axuntada un par de días despois, en Madrid, acordouse, logo de ouvir a Vázquez e Caballero, que o partido socialista non se galeguizara en Galicia.

Falto, se cadra, penso eu, dun galeguizador que o galeguice mellor; dado que as táboas da súa galeguización, mal galeguizadas entón, non toparon ainda cun competente regaleguizador da súa patente desgaleguización.

Mais o galeguismo, xa hai setenta e sete anos, no tempo esperanzador das Irmandades da Fala, ficaba como unha denominación manida e aproveitada de abondo. Tanto que Antón Vilar Ponte queixábase de que "non hai politiquiño dos da nosa terra, nin xornal caciquil que se non chame galeguista... Rexionalismo e galeguismo, pois, pra nós dende esto carece de valore. Son verbas mortas e fan falla verbas vivas".

Mesmo parece que Villar Ponte, o egrexio xornalista, estaría escribindo agora á mañán referíndose aos *politiquiños* do PP que se fan pasar por galeguistas piadosos, ou ben aos poucos e piadosos galeguistas trocados en politiquiños do PP.

Naqueles días Vicente Risco (véxase o tomo da *Prosa política no tempo das Irmandades da Fala*, de acompañamento á *Historia da Literatura Galega* editada por *A Nosa Terra*), sostiña que pra sustituir a devandita verba morta, contábase con outra máis viva: "colleuse como máis eispresiva a verba *nacionalismo*". Se ben recoñecía don Vicente que "o noso nacionalismo, pra ser algo, ten que ser un *galeguismo*, e non un *euskarismo* ou un *catalanismo* traducido á nosa falá".

Mais, cando un decenio despois constitúese, por fin, coa República, un partido ideoloxicamente nacionalista: o de Castelao e Bóveda –e incluso de Risco na súa primeira andaina–, non se chamou dese xeito, senón *galeguista*; cuxa breve e gloriosa historia, foi interrompida traxicamente pola guerra pluscuancivil.

Sabido é que Ramón Piñeiro, o máximo ideólogo do galeguismo logo de don Vicente, negouse a recompoñer o partido, ao morrer o tirano Franco, e chegar a transición. Preferindo insuflar a súa doctrina nos minifundios políticos das diferentes siglas, tan axiña electoralmente fracasadas. Ante iso, tres homes bos e xenerosos, Martínez López, Pousa Antelo e o pai de Beiras, con poucos máis, intentaron reconstruir o inmortal Partido Galeguista, sin que os fados lles fosen tampouco propicios.

Anque xa parecía que ao cabo de tantos decenios a advertencia dos prohomes da Irmandade fa tendo máis fortuna. Empezou a navegar vento en popa o Bloque Nacionalista Galego, ata aproximarse ao porto, ao que cecais chegara o partido de Castelao e Bóveda se a historia fose o que nunca foi.

Pero o nacionalismo galego non só era monopolio do Bloque. Outras siglas empregaron ese vocablo, arrastrados pola forza desa palabra, dominante no léxico deste século. E contaxiaron ainda as sucursais dos partidos centrípetos, asociándose a algún deles e aportándolles o seu nacionalismo organizativo. Asi ocorreu, de maneira ben evidente, ao fundirse o pequeno PSdeG co potente PSOE. De tal xeito que o órgano de maior autoridade entre congresos, superior á Comisión Executiva, do PSdeG-PSOE é o Comité Nacional.

Do que se deduce que o partido mal que ben liderado aínda polo alcalde da Coruña, é organizativamente un partido nacionalista, case coma poida ser a Unión do Pobo Galego, por exemplo; ao ter na cima súa un *Comité Nacional*, e non un Comité rexional, ou territorial, ou coma vostedes queiran.

Esendo nacionalista de palabra, unicamente lle falla ser de obra, pra entrar, cal unha sigla máis, anque de moita importancia, na coalición ou conxunción chamada Bloque Nacionalista Galego. Tal coma propuxen, ventureiramente, nun *anaco* anterior, con moi boa acollida entre moitos dos meus lectores socialistas. Mais, pra realizalo é preciso que os coitados membros do Comité Nacional de marras, deixando a Paco Vázquez na estacada, se den conta de que son responsables dun partido en crecente descomposición; susceptible de galeguizarse e de rexuvenecerse, e así salvarse, volvendo ás raices *nacionais* do PSdeG. Ou sexa, as da *nacionalidade histórica* galega, constitucional e estatutariamente establecida. ♦

CAMIÑO VELLO CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

A roda de Santa Catalina

O Catalino é o alcume dun bo home que pode adiviñar o tempo que vai facer ou intuír os vindeiros acontecementos da parroquia. Din que este paisano, facendo uso das súas prodixiosas facultades, estando no ventre da nai, un día avisouna de que recollese a roupa porque fa chover. E choveu. Cando naceu, o Catalino traía no padal a marca das rodas de santa Catalina; aquela mártir, exemplo de virtudes, de beleza e sabedoría, que acadou a santidade por necesidade da Igrexa.

O caso era que, unha relixión que se supón na posesión da verdade divina, non fa ser menos que a dos gregos que tiñan a súa deusa da sabedoría e da beleza no Olimpo; ou a dos exipcios, adoradores de Isis, a nai e protectora da vida; e apurouse a buscar unha santa que resumise e mellorase as virtudes das pagás.

O certo é que a história do martirio de Catalina de Alexandría, acércase máis ao mito que á realidade; pero pola riqueza simbólica que acompaña a súa iconografía é digna, como ningunha outra, de estar nos altares.

Esta, que era moza de alta alcurnía, segundo contan os apócrifos textos que narran a súa vida, fixose merecedora do suplicio cando nunha festa diante do emperador Maximiano, rexeitouno ao ser requerida de amores, porque quedara prendado da súa beleza.

A santa, tal aquela Dafne esquiva que para preservar a súa virxindade diante do acoso de Apolo se convertera en loureiro, cunha simpleza abraiante, e sen outro prodixio que o da palabra veraz e acertada, foille dando razóns que desmontaban os argumentos do monarca.

Sorprendido o emperador de que unha rapaza de dezaoito anos que semellaba máis unha Venus co sorriso nos beizos que unha beata rezadora, tivera aquela soltura falando e tanta facilidade para convencer, mandou chamar aos máis sabios conselleiros, para que no seu nome a fixesen calar negociando un trato con tan fermosa doncela. Pero a moza nun alarde de sabedoría, ao mesmo tempo que os convencía íaos convertendo á súa relixión.

Xa encaprichado e molesto con tanto desdén, como Hades con Perséfone, meteuna nos calabozos coa orde de que non regateasen torturas ata facela ceder naquel inferno. Pero a santa, como santa que era, era terca e non cedía por moito que os máis duros tormentos fosen aplicados ao seu delicado corpo.

Canso Maximiano das largas de Catalina, mandou que montasen unhas rodas recubertas de coitelas e ganchos, tales que, ao xirar, fosen arrincándolle a pel e as carnes ata que ela cedese ou morrese. E montouse o trebello diante dunha morea de xente ansiosa de contemplar tan macabro espectáculo. Pero antes de que as acoiteladas rodas tocasen o corpo da sabia, uns anxos do ceo viñeron para escoñar o mecanismo e as rodas saltaron en anacos provocando unha hecatombe, matando a centos de espectadores, como se fosen aqueles bois mansos que os gregos sacrificaban en honor de Hécate, a deusa da maxia e dos terrores nocturnos.

Convencido o emperador de que con aquela muller, non se podía andar con melindradas, pois que en cada acto demostraba cales eran as virtudes da súa relixión e, pola contra, onde estaban os pecados das divindades pagás, decidiu, sen máis reviravoltas, que lle cortasen a cabeza. E no intre no que a espada segaba o pescozo, na vez de sangue brotou leite, alimento de vida; e uns anxos viñeron para recoller o seu corpo e levalo aos pés do monte Sinaí, o mesmo onde Moisés recibira as Táboas da Lei e onde co tempo se erguería un templo para venerala.

Nalgún momento posterior, as rodas do martirio pasaron a ser as rodas da sabedoría, e para mellor manifestalo, a divindade fainas aparecer, tal e como quedaron tras o martirio, con forma de media lúa, cada sete primoxénitos varóns, como no caso deste coñecido meu, no ceo do padal, para darlle forma ás palabras. ♦



Ignacio Chao

'Coñecer persoalmente aos autores condiciona as críticas literárias'

Estou lendo unha antoloxia da poesia de Manuel Vázquez Montalbán titulada *Memoria y deseo*, que recolle os versos dos últimos trinta anos. Despois, estou coa novela *Adolfe*, de Benjamin Constant, un autor nascido en Suiza pero educado en vários paises europeos. Trata o desamor dunha maneira introspectiva. O autor tivo moitas amantes e neste libro sintetiza nunha as caracterísitcas das tres que máis amou na sua vida. É un libro enmarcado no romanticismo.

Que recomenda ler?

Recomendaria a Wislawa Szymborska, co libro *Fin y principio y otros poemas*, que está editado en Hiperión. É unha mágoa que non haxa máis traduccións desta poeta, que a min me gosta moito. É irónica e reflexiva á vez; trata sobre feitos cotiáns. Aproveita o escenário da natureza para facer paralelismos e simbolizar os actos das persoas. Penso que á xente que gosta da poesia debe lela.

Que motiva os seus poemas de *Corazon de segundas partes*, cos que ven de gañar o Prémio *Esquio*?

A través do amor, falo do fracaso. Son figuras que están na literatura desde sempre. Dividino en duas partes: unha primeira composta por poemas de amor cunha visión romántica e unha segunda na que reflexiona sobre os erros cometidos e a necesidade de tirar para adiante. Non hai homes bons ou maos, senón actos bons e maos polo que hai direito a ter segundas oportunidades. Hai direito para correxir, non por quedar ben, senón con honestidade. Pódese descobrir a lucidez nunha segunda volta.

Vostede fai crítica literária en xornais. Como analisa esta relación literatura-periódicos?

Só existe literatura nos xornais cando hai prémios literários. Non hai critica que achegue ao público cos libros porque a pouca que hai é moi especializada. Polo tanto, cando se fai, non se acepta ben. Eu comecei facer crítica na Galiza coñecendo a literatura pero sen coñecer persoalmente aos autores. Agora, con motivo do *Esquio*, sei que ao coñecer a outros escritores xa non vai ser o mesmo para facer as críticas. ♦

Escritor e crítico. Vigo (1968).

LeCeR
A NOSA TERRA

• PÁXINAS COORDENADAS POR IAGO LUCA •

O Trinque
História dos Estados Unidos

O historiador Howard Zinn é o autor de *La otra historia de los Estados Unidos*, unha obra que inclue por primeira vez a negros, mulleres, obreiros inmigrantes e índios. Desde 1492 até hoxe. Das matanzas dos povos nativos ás grandes folgas deste século. Editorial Iru.♦

Bueu

■ **CINEMA**

CINE DE OUTONO

O Colectivo de Rebolo organiza un pequeno ciclo de cine. Para o Venres 21 de Novembro pasarán **O Odio** de **Le Haine** (Francesa) e o 28 ***Priscila a Raiña do Deserto*** (Australiana). Os pases son na Casa da Cultura ás 22 h. e entrada de balde.

■ **CHARLA-COLÓQUIO**

JOHAN CARBALLEIRA

Na *Casa do Mar*, o Sábado, 22 ás 12 horas, terá lugar a charla colóquio sob o título "Johan Carballeira, valedor dos homes do mar".

Burela

■ **LEITURAS**

A ZARANDA

O Venres 27 de Novembro ás 21,30 h. apresentarán *A Rutina e o Deber de Todas as Criaturas* de **Manolo Cortés** (Edicións Positivas) e *Afásia* de **Xavier Cordal** (Bahia Edicións).

Chantada

■ **EXPOSICIÓNS**

ARTE EN DEFENSA DA NATUREZA

Xevale organiza na Casa da Xuventude a exposición do IX Certame *A Arte en defensa da Natureza*, adicado este ano á Serra do Faro. Recolle fotos do Safari fotográfico que percorreu a serra chantadina desde o obxetivo de fotografos de distintos pontos da Galiza. Estará aberta até o 23 deste mes.

A Coruña

■ **CINEMA**

***O baile das ánimas* de Pedro Carvajal, na sua versión galega, será proxectada o próximo Mércores 26 no CGAI da CORUÑA.**

GALEGOS NO CINE

O Centro de Artes da Imaxe, proxecta para Novembro un Ciclo de Cine, que acolle a todo tipo de directores e unha serie de directores galegos. Para esta semana podemos ver: o Xoves 20 catro curtametraxes de **Carlos Velo**, ***La Ciudad y el Campo*** (España 1935. vídeo 10 min), ***Almadrabas*** (España 1935. 35 mm. 23 min), ***Felipe II y El Escorial*** (España 1935. 35 mm. 17 min) e ***Torero*** (México 1956. 35 mm. 80 min). Para o Mércores 26 pasan **O *Baile das Animas*** (España 1993. 35mm. 90 min) con dirección e guión de **Pedro Carvajal**. Durante a semana tamén se verán películas de Xapón e América. O horario é de Martes a Venres de 20,15 h. e os Sábados ás 18, 30 h. na sala de proxeccións do CGAI. O prezo da entrada é de 200 pta. O abono para dez películas 1500 pta.

***Monturiol*, 1971, de Manuel Millares un dos compoñentes do grupo *El Paso* do que podemos ollar unha mostra na Fundación Pedro Barrié da CORUÑA.**

■ **EXPOSICIÓNS**

EL PASO

Exposición en homenaxe ao grupo *El Paso*, aos corenta anos do seu nascemento, o colectivo pretendeu crear un novo estado do espirito dentro do mundo artístico do estado español. *El Paso* nasce como consecuencia da agrupación de varios pintores e escritores: *Rafael Canogar*, *Martín Chirino*, *Luis Feito* e *Manuel Rivera* (xa falecido) entre outros. Durante Novembro e Decembro na *Fundación Pedro Barrié da Maza*.

ANTÓN SOBRAL

Na sala María Pita móstrase a obra de Antón Sobral, composta por vintecatro oleos, pintura paisaxística da costeira galega. Ven de amosar a sua obra en Alemaña, na Baixa Baviera, na cidade de Pasau e tamén na Franza. A exposición estará aberta até o Domingo 23 de Novembro.

SPECULUM HUMANAE VITAE

Speculum humanae vitae: a imaxe da morte nos inicios da Europa moderna, artellada xunto o tapiz do século XVII *Speculum Humanae Vitae*, que recolle a escenografia mortuória católica daquel tempo. Algunhas pezas: a *Vanitas* de **Antonio de Pereda**, catro gravados de **Alberto Durero**, o *Santo Xerome Penitente* de **José Ribera**, ou a talla sobre *A morte da catedral vella de Salamanca*, xunto outras de museus españois e italianos. A mostra abre até o 30 de Novembro no Museu de Belas Artes ao tempo dun ciclo de conferéncias sobre iconografia, arte, litertura e música.

■ **MÚSICA**

BERROGÜETTO

O Sábado 22 ás 21 h., organizado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda, tocarán no *Teatro Rosalia Castro*. A entrada está a 1.500 a butaca e a 1.000 o resto das localidades (para os sócios 1.000 pta. calquer das localidades) e están á venda, a partir do Mércores 19, no local da agrupación: Liñares Rivas 49, 1º.

KEPA JUNQUERA

O 27 de Novembro, tamén organizado pola A. C. Alexandre Bóveda, tocará no *Teatro Rosalia Castro*. A entrada xeral é de 1500 pta, ou de 1000 pta. no caso de ser sócios da agrupación.

Ferrol

■ **LITERATURA**

TEMPO DE POESIA

Con este ciclo, que ven tendo lugar desde o Martes, a galeria *Sargadelos* quer abrir un camiño cara o xénero literário máis descoñecido hoxe en dia. O Xoves 20, ás 20 horas recitan **Estebo Creus, Olga Novo, Enma Couceiro** e **Manuel Álvarez Torneiro**. O Venres 21, á mesma hora, farano **Xavier Cordal, Marica Campo, Kiko Neves** e **Igor Lugris.**

Lugo

■ **EXPOSICIÓNS**

LUGO, 1950-1959

É a segunda entrega da mostra fotográfica sobre Lugo *A cidade e as xentes*, cunha escolma de obras dos anos 50 que fixo José Luís Vega, e que se recolle nun catálogo editado para a ocasión. Pódese visitar até finais de Novembro no Arquivo Histórico Provincial.

■ **CONFERÉNCIAS**

XORNADAS NACIONALISTAS

Teñen lugar no Salón de Actos da Escola de Maxistério a partir das 8 do serán. A organización corre pola conta dos CAF e xa van pola cuarta edición. Este ano e para os próximos dias contan coa escritora **Mª Xosé Queizán** que falará sobre *Muller e ética política* o Venres 21. **Manuel Mera** e **Luís Pérez Leira** disertaran o Martes 25 sobre *Os galegos no sindicalismo latinoamericano*. O Xoves 27 tócalle o turno ao consul de Cuba **Luis Felipe Vázquez** que versará sobre *Outros nacionalismos: a visión específica de Cuba*. Para Decembro as xornada amplíanse con máis invitados.

Moaña

■ **CINEMA**

CINE CLUBE ALEXANDRE CRIBEIRO

O Venres 28 ás 22,30 h, Cine Clube Alexandre Cribeiro, pasará no Cine Veiga, ***Teño unha Casa*** de **Mónica Laguna.**

■ **TEATRO**

TEATRO DO AQUI

Representerá no Cine Veiga Oé, Oé, Oé... de *Maxi Rodríguez*. O Sábado 22 ás 10,30 da noite.

A pouco de gañar o prémio da crítica alemana polo seu disco *Navicularia*, Berrogüetto toca na CORUÑA este Sábado.

DANI E ROBERTA

O grupo Balea Branca representará a obra o vindeiro dia 29 no Cine Veiga ás 22,30 h.

Pontevedra

■ **EXPOSICIÓNS**

FERNANDO ARENAZ

Até finais de mes na galeria Anexo (Alféreces Provisionales 14). Expón baixo o titulo xenérico de *Decoración de Interiores*. O autor apresenta as suas pinturas máis recentes inmerso nun proceso orientado cara á investigación das paixases da mirada. De Luns a Venres, de 18,00 a 21,00 h.

ESPÁCIOS ALTERNATIVOS

Ángel Comesaña expón novas esculturas durante Outubro e Novembro no Quinteiro (Bora).

Santiago

■ **CINEMA**

CINEUROPA/97

Organizado polo concello e co patrocinio de Caixagalicia, desenvolverase durante todo este mes no Teatro Principal, onde se poden comprar as entradas a partir das 15 h ao prezo de 400 pta. por sesión ou un abono de 3000 pta. para dez películas. Fan cinco pases diários: ás 16, 18, 20,30, 23 e 1 h. Durante esta semana pódese ollar: O Xoves 20 **The Prowler** e **Blind Date** de **Joseph Losey**, **Keep Cool** de **Zhang Yimou**, **Two Deaths** de **Nicolas Roeg** e **Marius et Jeannette** de **Robert Guédiguian.** O Venres 21 **Go For Gold** de **Lucian Segura**, **Ma Vie en Rose** de **Alain Berliner**, **L'Homme Qui Aimait les Femmes** de **François Truffaut**, **Lévame** de **Michel Espinosa**, **Nadja** de **Michael Alereyda**. O dia 22, **Ma Vie en Rose**, **The Powler**, **Two Deaths**, **Hamlet** de **Kenneth Branagh**, **Twelfth Night** de **Trevor Nunn**. O Domingo 23, **Blind Date**, **Twelfth Night**, **Love**, **Valour**, **Compassion** de **Joe Mantello**, **O Che** de **Maurice Dugowson**, **Cazadores de Utopias** de **David Blaustein**. O dia 24, **L'Homme qui Aimait les Femmes**, **Hamlet**, **Twelfth Night**, **Love**, **Valour**, **Compassion**. O Martes 25, **Lévame**, **Cazadores de Utopias**, **Alto, Baixa, Fráxil** de **Jacques Rivette** e **La Belle Noiseuse** de **Jacques Rivette**. O Mércores 26, **O Che**, **Cazadores de Utopias**, **Colpo di Luna** de **Alberto Simone**, **Hamlet**. O Xoves 27, **Colpo di Luna**, **Fire** de **Deepa Mehta**, **¡Salut Cousin!** de **Merzak Allouache**, **En la Puta Calle** de **Enrique Gabriel** e **O Che.**

Exposición de Marcel Broodthaers no CGAC de SANTIAGO.

■ **EXPOSICIÓNS**

MARCEL BROODTHAERS. CINÉMA

O Centro Galego de Arte Contemporáneo apresenta,

Carteleira

A CAMAREIRA DO TITANIC. Bigas Luna acada un dos cúmios da sua carreira con este filme intelixente que acaba sendo unha homenaxe á profisión de actor. O mellor filme español da temporada.

PERDITA DURANGO. A experiéncia mexicana de Alex de la Iglesia resólvese con éxito. Filme na liña cínica de Tarantino que renova o xénero norteamericano de violéncia. Nada novo no fondo, pero frescura nas maneiras.

NADA QUE PERDER. Comédia de Tim Robbins que se ve con agrado, ainda que non deixará apenas pegada no espectador. Un executivo branco e un delincuente negro fan parella durante a fin de semana.

UNHA HISTÓRIA DIFERENTE. Filme norteamericano que sigue a pegada de *Trainspotting*, dedicado sobre todo a exibir a xuventude de Cameron Diaz. Comédia pretendidamente anovadora, onde o humor non pasa de infantil.

A VODA DO MEU MELLOR AMIGO. Julia Roberts e a actriz de moda nos Estados Unidos, Cameron Diaz compiten polo mesmo home nun filme doce que non destaca pola sua orixinalidade.

AFTERGLOW. Despois de vários anos de siléncio, o director Alan Rudolph (lembremos *Elíxeme*) compón un drama que retrata a relación entre duas parellas. A obra queda a médias. Duas das persoaxes só están en parte debuxadas e faltan dados esenciais para redondear a película. O que si permanece é o estilo pretencioso de Rudolph, a quen non cabe negar con todo certa personalidade como criador.

MIMIC. Unha morea de seres metade insectos metade humanos sobreviven nos sumidoiros da cidade listos para atacar. Intencionadas semellanzas con Alien pero nada que ver. Só entretida.

THE FULL MONTY. Un grupo de obreiros en paro deciden exibirse espidos nun espectáculo para mulleres como único modo de obter diñeiro. Película inglesa con moito humor, boa factura e crítica social.

CARNE TRÉMULA. Almodovar demostra outra vez a sua habilidade para dirixir actores e a sua impoténcia ante os guións enguedellados. Sobran algunhas imaxes tópicas nesta película con altos e baixos.

COP LAND (Polilándia). Os policías de Nova Iorque fanse cun bairro para vivir só eles, sen medo á delincuéncia, pero descúbrese que pactaron coa máfia. Interpretes: Silvestre Stallone, Hervey Keitel, Robert de Niro.

MARTIN (HACHE). O arxentino Adolfo Aristirain volvese a poñer a cabeza das fitas de calidade na carteleira. Película, protagonizado polo sempre cautivador Federico Luppi, con diálogos enriquecedores e unha trama case teatral. Magníficas tamén as interpretacións de Eusébio Poncela e Cecília Roth.♦

LeCeR
A NOSA TERRA

o próximo día 28 ás 20 h, a exposición producida pola Fundació Antoni Tàpies do belga Marcel Broodthaders. A mostra acolle as dúas vertentes concebidas polo artista: o cinema propriamente dito e o cinema coma exposición. De Martes a Sábado, de 11 a 20 h, Domingos e Festivos, de 11 a 14 h.

BRAVU NA PLÁSTICA

Produtora Artesanal de Conservas é o nome xenérico da mostra de pintura e poemas que Raul Gómez Pato presenta na sá de exposicións da libraria Maria Balteira. Trátase da primeira interpretacion do espíritu Bravú –até agora circunscrito á música e á literatura– na expresión plástica. Aberta até o 6 de Decembro.

CURRO ULZURRUM

Até o 13 de Decembro na galeria Trinta (rúa Nova 30-2º). A mostra contará con máis dunha vintena de pezas recentes do artista realizadas en pedra de pequeno e mediano formato.

O LATEXO DO MUNDO

Ou *Imaxes para a solidariedade* é unha mostra fotográfica producida pola ONG "Acción contra a fame" que conta con obras de Begoña Rival, José Luis Álvarez, José Manuel Navia, Daniel Gluckmann e Xurxo Lobato podéndose ollar no *Coléxio de Fonseca*.

ALCEU RIBEIRO

É un dos dous artistas vivos da "Escola do Sul" de Torres Garcia, e mostra óleos e madeiras na galeria *Citania*. Até o 19 de Decembro.



Ortiz Alonso expón a sua obra sobre papel na *Casa da Parra* de COMPOSTELA

FELIPE CRIADO

Mostra as suas pinturas na Sala de Exposicións da Áula de Cultura de Luns a Venres de 18,30 a 21,30 até o Martes 25 de Novembro.

ENRIQUE ORTIZ ALONSO

Durante o mes de Novembro expón a sua obra sobre papel na Casa da Parra. Mañas, de 11 a 14 h. Tardes, de 16 a 20 h. Luns e Domingos tarde pechados.

CARLOS ALBERTO FERREIRA DE ALMEIDA

O Museu do Povo galego abriu unha mostra-homenaxe ao historiador arqueólogo portugués Ferreira de Almeida (Portugal 1934-Venezuela 1996) recoñecido polos seus estudos no território da Galiza histórica e polo pulo que deu ao intercámbio cultural coa universidade galega. Pódese visitar até finais de Novembro de 10 a 13 e de 16 a 19 h. de Luns a Sábado.

EUGENIO GRANELL

A Fundación Eugénio Granell abriu no segundo andar do Pazo de Bendaña. A exposición mostra óleos, debuxos, acuarelas esculturas e obxectos creados polo artista galego na sua estancia en Porto Rico. Aberta durante todo o mes de Novembro.

REALIDADE, REALISMOS

Até finais de Novembro o Auditório da Galiza, expón obra de 20 pintores e debuxantes contemporáneos do estado. A mostra responde a unha producción própria que xunta 70 cadros.

CENTRO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Comprende a mostra da pintora Berta Cáccamo, premiada, becada e con exposicións por todo o mundo, que abriron a finais de Outubro na sala de instalacións *Dobre Espazo*. A proposta de Cáccamo comprende deseños de finais dos oitenta. Tamén no centro pódese visitar a sua mostra permanente de arte galega con obras de 1980 até hoxe, e a Colección da Fundación ARCO, e as fotografías. Abre de Martes a Sábado de 11 a 20 h. e Domingo de 11 a 14 h. Abre de 11 a 20 h, de Martes a Sábado, e de 11 a 14 Domingos e festivos.

AMÉRICA PRE-HISPÁNICA

Arte e cultura dos tempos pre-coloniais da América na Igrexa de Santo Domingos de Bonaval, até o 30 de Novembro.

■ MÚSICA

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

No Auditorio de Galicia o dia 20 de Novembro ás 21 h. Dirixe **Maximino Zumalave**, sobre obra de Strauss. Beethoven. O prezo en taquilla é de 1.400 pta.

SEMINÁRIO DE COMPOSICIÓN

No Departamento de Música do CGAC, do 24 ao 26 impartido por Magnus Lindberg, que, xunto coa compositora Kaija Saariaha e o director Essa-Pekka Salone, é un dos representantes máis coñecidos da brillante xeración saída da clase de Paavo Heininen na Académia Sibelius de Helsinki.

■ DEBATE

ECONOMIA GALEGA

Os CAF póñena a debate na Faculdade de Económicas coa axuda dos seguintes invitados: **Concha Costas**, Presidenta da *Mesa*, falará de ***Língua e Empresa*** o Luns 24 ás 20,15 no Salón de Graos; **X.M. Beiras** farao sobre a ***Bolsa e o Instituto de Crédito Público galego*** o Martes 25 á mesma hora na áula A; o dia 26, Mércores, ás 12,15, **Xosé Henrique Rodríguez Peña** fará ***Considerazóns sobre política territorial: a vertebrazón da Galiza***; este mesmo dia, no Salón de Graos, pero ás 20,15, **Emílio López Pérez *Milucho***, falará sobre o ***Presente e futuro do sector primário***; e ao dia seguinte, Xoves, tamén no Salón de Graos e ás 20,15, **Joam Carmona Badia** falará sobre ***Os comezos da indústria***.

Convocatórias

CURSO DE POSGRAO

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais ven de abrir un curso de posgarao baixo o título de *Especialización en Teoria e Práctica da Interpretación*. O curso, que constará de 46 créditos en 460 horas de traballo (135 teoricas e 325 prácticas), artellarase en torno a catro bloques temáticos principais, que son a história dos textos dramáticos, história da posta en escena, clases de interpretación teatral e clases de voz, asi como vários debates e a materialización de duas postas en escena como traballo de final de curso. Será impartido na Universidade de Santiago e dirixido polos mestres Manuel Garcia Martínez e Miguel Gómez Segade. Teléfono (981) 57 71 26 e 57 71 28.

CURSO DE ESCRITURA CREATIVA

O profesorado do Master Internacional de Creatividade imparte na Universidade de Santiago o *Curso de Escritura Creativa*. Organiza o taller de escritura creativa *A Eito*. Máis información no teléfono (981) 59 96 37 e 80 59 76.

CURSO DE INICIACIÓN Á AGRICULTURA ECOLÓXICA

O Concello de Vilasantar organiza o curso que se impartirá no Centro de Formación Profesional. O prazo de inscrición abre até o vindeiro día 27. Máis información no teléfono (981) 77 81 69.

I CONCURSO DE CARTEIS "A COVA DAS BRUXAS"

A Cova das Bruxas convoca en Pontedeume o I Concurso de Carteis. O tema será sobora as meigas e o seu mundo. Poderán acceder tódalas persoas que o dexesen, sen límite de obras, sempre que sexan inéditas, con medidas e técnicas libres. O prazo abre até o 19 de Decembro deste ano. O prémio será unha meiga artesanal de deseño exclusivo e un trofeo para o segundo. Enviar as obras a: A Cova das Bruxas. Rúa dos Ferreiros, 38 baixo. Pontedeume. A Coruña. Apartado 94. 15600 Pontedeume.

CONCURSO DE BANDA DESEÑADA E ILUSTRACIÓN

O Concello de Arteixo convoca o II Certame de banda deseñada e ilustración Arteixo 97. Vai dirixido a xovenes artistas galegos ou residentes na Galiza nas seguintes categorias: infantil até os 13 anos, xuvenil dos 14 aos 17 anos, e adultos de 18 a 30 anos. A tecnica será libre e o formato será en banda deseñada de un mínimo de 2 páxinas e un máximo de 10, en tamaño A4 e en ilustración un tamaño mínimo de A3 e 1x1,5 m. de máximo. Os prémios van desde as 75.000 ás 20.000 pta. Envios até o 9 de Decembro. Concello de Arteixo. Oficina de información Xuvenil. Teléfono (981) 60 20 00 ou 60 24 13.

V CERTAME DE VÍDEO ESCOLAR "ATENEO DE PONTEVEDRA"

O Ateneo de Pontevedra e o Instituto de secundaria de A Xunqueira organizan o *V Certame de Video Escolar*. Neste certane haberá dúas modalidades temáticas: unha de video documental e outra de video de creación, dotadas con dous premios cada unha das modalidades: o 1º premio dotado con 75.000 pta, e o 2º con 50.000 pta. Ademáis tamen haberá premios extraordinarios para o mellor documental e para o máis orixinal. O prazo de apresentación remata o vindeiro día 12 de Decembro. Os traballos deberán ser remitidos ao I. E. P. A Xunqueira Rúa Alexandre Bóveda s/n 36155 Pontevedra. Máis información no teléfono (986) 87 30 03 ou no Fax 87 30 00 (Perguntar polos profesores do Taller de Video).♦

Outono fotográfico

Derradeiros dias do Outono Fotográfico que se estende desde Ourense a outros pontos da Galiza e Portugal, cunha xigantesca programación que comprende conferéncias, diapositivos, cursos e maratóns, a maiores dunha morea de exposicións. Ainda o 22 de Novembro comeza na Casa da Xuventude de **OURENSE** un curso de Laboratório Fotográfico de branco e negro impartido por **Elisa Pereira** de 20 h. de duración. No mesmo local pasan os diapositivos de **Santi Míguez** (o Venres 21) e de **Bernardo Saco** *Galiza: paisaxe natural* (o Luns 24). **Xosé Henrique Acuña** falará sobre a história da fotografia na Galiza, o Venres 21 a partir das 20 h. na Casa do Mar de **BUEU**. A oferta de mostras é tremenda.

En **OURENSE** até finais de mes se poden visitar: *Heterofóbias e soños* sobre fanatismos e discriminciòns de Yolanda Ferrer (na sala de Caixa Galicia), *De Infantes* con fotos de cativos de Miguel Vidl (na Bolera), *A vida en branco e negro* de Fernando Rey Miguel (na Casa da Xuventude), *Gravidades* un traballo de denúncia ecolóxica que firma Antón Álvarez, sobre o estado dos rios galegos, os encoros, os verquidos de lixo ou a deforestazón (na Casa da Xuventude), *Beiramar* de Anxo Iglesias sobre o bairro vigués do Berbés (na Auriense), *Romaria viquinga de Catoira* de Quique Alonso no Café Real, *Amal'âme* coas 40 fotos que mandou Didier Lèger desde o estúdio parisino Imaginoir (no Liceo Recreo), *O placer de ler* xunta 70 imaxes apresentadas ao certame do mesmo nome que convocou o Concello de Salamanca (no Museu Arqueolóxico Provincial), *Fotógrafos alaveses* cunha vintena de autores no Museu Municipal, *Unha película na pel II* na sala Marisa Marimón con traballos feitos por mulleres, entre elas Helena Almeida (Lisboa), Montse Soto (Barcelona) e Ana Fernández (A Coruña), *Disparan pero non matan* con obra de case médio cento de alunos da Escola de Artes Plásticas António Failde (no Ateneo). Completa o programa en Ourense o apresentado ao certame de Viña do Campo no Café Cátedra, a série sobre *O Mar* que fixo o colectivo *Ollo de Vidro* na Casa da Xuventude, e *Aqüeducte'96* con 80 fotografias que participaron no certame bienal de Cerdanyola.

***Diamonds*, de Anne Deleporte en *Unha película de pel III*.**

Tamén hai Outono Fotográfico no **BARCO DE VALDEORRAS** expoñen na Casa Grande de Viloira *Dalle memórias á família (dicia unha vella moi vella)* de Ramón Casanova e o material do certame do Injuve *Imaxes novas 1996*. Na sala Caixa Galícia e na Casa da Cultura acollen o *Galiza en foco*, con obra dos 44 apresentados á sétima edición do certame fotoxornalístico. En **CELANOVA** pódese visitar o paso dun ano pola vila nas fotos de António Piñeiro na Aula de Cultura de Caixa Galícia. No Centro Social O Portelo de **ALLARIZ** expoñen fotografias que fixo en Grécia Anxel Daniel Díaz. No Museu Municipal de **PONTEAREAS**, *Rasgos* con obra de catro autores locais. Na Casa da Cultura de Xinzo, fan outro tanto cunha colectiva sobre a comarca da Límia. Na **CORUÑA** abriu *Peirao* unha série informalista de Xosé Garrido que comisiona e expón a Universidade da Coruña. Na Casa da Cultura de **MONFORTE** ofertan un percorrido de vários fotógrafos polo Museu de Lugo.

O **MORRAZO** criou un circuíto para o Outono Fotográfico, *(Foto) (Auto) (Bio) Grafia* de Víctor Vaqueiro, *Andar no tempo* con pezas de memória fotográfica recollidas por asociacións culturais da bisbarra, e *Lances* de Manolo Rua, Anxo Cabada e Xoán Carlos Gil, son as tres mostras que viaxan por Bueu (Casa do Mar), Cangas (Casa da Cultura) e Moaña (Instituto de Secundária).♦

Publicacións

GRALHA

Chega ao número 18 o periódico gratuíto que edita cada dous meses o *Grupo Meendinho-Renovação*. O exemplar de Outubro-Novembro trae unha entrevista a **Ramón López-Suevos** (catedrático de Estructura Económica en Santiago), e unha crónica do *XIV Festival da Xuventude e os Estudantes* celebrado en Cuba o pasado vrao. Tamén informan da situación en **Timor Leste**, da *Caravana dos bairros* que chegará no 98 a Compostela da man de **Manu Chao** e da *Festa do Avante* que celebra todos os anos o Partido Comunista Português. O artigo central *Fazendo país com o próprio compromisso* recolle os problemas de represión de representantes viciñais, insubmisos, estudantes e independentistas, a través das suas próprias declaracións. E ainda xunta unha manchea de seccións máis até completar as 12 páxinas, entre elas a *Janela da língua* de Konstantino Graphia, ou un catálogo de interesante material para se financiar: pezas de roupa, autocolantes, libros, discos, vídeos, etc. A *Gralha* distribuese de balde a quen o solicitar: Apartado 678. 32080 Ourense.♦



Berta Cáccamo mostra a sua obra no CGAC de SANTIAGO.

Vigo

■ CINEMA

CINE CLUBE LUMIERE

O Xoves 20 pasaran ***Todo esta oscuro*** (España-Colómbia-Portugal-Cuba 1997. 95 min) de **Ana Diez**. Para rematar o mes o cine clube escolleu ***Get on the bus*** de **Spike Lee**, que ocupa o Xoves 27. As sesións comezan ás 20,30 h.

Anúncios de balde

■ **Oferécese Técnica de Laboratório con experiéncia** (rama Química), para traballar pola zona de Vigo. Telf. 907 324 301

■ **Precisase mestre/a para formar grupo de cantadeiras**. Telefono: (986) 70 85 92.

■ **Mercarria ordenador de segunda man** con CD Rom, a poder ser con impresora. Tlf. 908 081 034.

■ **Aluga-se cuarto en piso compartido** (12.000 pta.). Rua do Home Santo 17, 2º. Compostela.

■ O colectivo ***Carballo ao espeto* celebra o Mércores 27 de Novembro, de 22 horas en diante, a sua asemblea constitucional** na rua Travesa dos Basquiños 3, 2º B de Santiago. Esta asociación, de ámbito universitário-poético, ten como obxectivos a recuperación da ósmose entre alcool e criación literária. Pretendemos ser un azote intelixente para as actuais cordenadas que moven hoxe aos universitários/as que disfruitan coa alienación social. As persoas asistentes deberán traer un libro de poemas ou criación própria ademais de unha botella de alcool para voltar á raiz galega.

■ **Regalo gatiño** fillo de nai exípcia e pai siamés, se o queres chama ao teléfono (986) 20 95 72 ou ao 47 02 03.

■ Os CAF de Compostela peden a todas **aquelas persoas que deixaran algun libro no desaparecido centro de recursos para estudantes *MANCOMUN*** e queiran recuperalo que pasen polo local dos CAF (no COIE) antes do 1 de Decembro.

■ **Merco piso en Vigo**, preferentemente un primeiro. Sobre 10.000.000. (981) 46 05 67 e 929 02 43 48.

■ **Tradutora e interprete de galego**, francés, inglés e castelán. Fanse todo tipo de textos. Marí Fé no teléfono (986) 46 95 90.

■ ***Abisinia*. Desexa colaboradores para revista cáustica**. Os traballos serán en galego (calquera Versión). Prégase iroína e bo humor en: artigos, viñetas, contos, notas de prensa, collage, etc. Enviar cos dados persoais (fotocopia D.?.I. e teléfono). Celia López Otero, Avda. de Vigo, 20 B. 36640 Pontecesures (Pontevedra). Teléfono e fax: (986) 55 71 96.

■ **Merco ou alugo casa nos arredores de Pontevedra**, teléfono (982) 56 29 53.

■ ***O Clube de adictos a Deep Purple* de Vigo ven de sacar a revista *Hush Magazine*** adicada á Saga Deep Purple e ao rock dos 70. Á venda en *Elepé, La Columna, Virgin* e nos pubs *Carpe Diem* e *Hagar 77*, tamen na cafetería *Diseño*. 400pts.

■ **Merco cancioneiro de Casto Sampedro**. T. Buceta. Länggenstrass, 6. 8184 Bachenbülach. Suíza.

■ **Vendo gatos persas, azuis e negros**. Desparasitados. Nados o 7 de Agosto de 1997. Teléfono 907 95 22 70 e (981) 56 37 25.

■ **Alúgase praza de garaxe en Vigo**, na Avda. Alcalde Portanet, 20. Teléfono (986) 20 24 69.

■ **Merco temário, para as próximas oposicións a enxeñeiros técnicos agrícolas, da Xunta**. Traballo e por tal motivo, non podo asistir a nengunha académia. Chamar de 9 a 13 h, e de 15,30 a 19,30 h, ao (981) 36 34 72, perguntar por Xosé António Silveira.

■ **Véndese guitarra acústica *Gibson Epiphone* con ecualizador e volume incorporado. Estuche e amplicador *Yamaha AR* 25** wátios. Ten saída para mesa de mesturas e para caixa de ritmos, todo novo. 80.000 pta. Teléfono (988) 21 27 08, perguntar por Richar.

■ **Gralha, publicaçom informativa bimestral** no Nº 18, Outubro-Novembro, inclue umha reportagem sobre o XIV Festival Mundial da Juventude em Cuba, outro de "Caravane", o grande festival que no 98 visitará Compostela, entrevista a Ramom Lopes-Suevos, etc. Envio gratuito solicitando-a no Apdo. 678 - 32080 Ourense.

■ **Axúdanos a encher Galiza de árbores**. Merca os *bono-árbore*. **Por cincocentas pesetas plantamos no teu nome un teixo e un acivro** na Serra do Faro e Ribeira Sacra. Envíanos un xiro postal ou talón nominativo a Xevale. Aptdo. 35. 27500 Chantada.

■ **Vendo piso en Ponteareas (95 m²). Todo exterior**. Tres cuartos, dous baños, garaxe e trasteiro. Tamén o cámbio por outro en Vigo. (986) 66 04 33. Perguntar por Esteban de 20 a 21 h.

■ **Oferécese para traballos de reparación** alvaneis, azulexo, plaquete, etc. Presuposto sen compromiso. Teléfono (986) 26 30 00.

■ **Necesítase odontólogo para clínica en Pontevedra**. Enviar *curriculum vitae* ao apartado 2.006 Pontevedra.

■ **Entendes e queres compartir andar en Compostela?** Se es tio sério, comparto apartamento con salón-comedor, cociña, baño e aseo. Zona Ensanche. Só entendidos. Teléfono 909 44 32 20.

■ **Buscamos a unha moza ou mozo para compartir piso en Vigo.** Podes chamarnos de Luns a Xoves a partir das 22 horas ao telf. 939 751 187.

■ **Vendo amplificador *Marshall JCM 800* para baixo eléctrico**. Poténcia cabezal 100 W. poténcia altavoces 300 W. 100.000 pta. Se te interesa chama ao (981) 24 17 59, e deixa o teu nome e número de teléfono.

■ **Vendese piso en Meicende,** estrada a Arteixo, 5 cuartos, cociña, baño e tendedeiro. Moi perto da parada do bus. 8.500.000 Telf. (981) 26 36 17.

■ **Merco casa con terreo nos arredores de Vigo**. Perguntar por Raquel no (986) 42 04 88, en horas de oficina.

■ **Música: preparación de oposicións, ensino primário e secundário**. Clases en Vigo e Santiago. Información no telf (986) 23 54 72.

■ Acaba de nascer um novo grupo en Ourense, que luita pola **igualdade entre homossexuais e heterossexuais**. As pessoas que desejarem tomar contacto com o ***Grupo Libertaçom Homossexual*** ou solicitar informaçom, poderám escrever para o Apartado dos Correios 343. 32080 Ourense.

■ Por traslado **traspasa-se perruqueria** semi-esquina na Rua Barcelona da Coruña. Teléfono (981) 26 54 22.

■ Afeizoados e coleccionistas, **vendo selos de puro e os seus derivados**. Interesados escreber ao apartado 43. 08840 Viladecàns. Catalunya.

■ Nativa, licenciada en Filoloxia, con experiéncia, **oferece aulas de Francés e de Bretón**, asi como traducións (inglés, galego, castelán). Telf. (981) 57 35 84. Santiago. E-mail: Kerdudo@jet.es.♦

Encrucillada

XOAN COSTA



Horizontais

1. Deteriora co uso 5. Sen pais 9. Ao revés, o home de Rosalía 11. Sorrí 13. Nome de muller 14. Ao revés cincuenta e un, en números romanos 15. Abelorio 17. Peza saínte que teñen algúns obxectos e serve para collelos 18. O semanario A Nosa Terra, en siglas 19. Terra de labranza 21. Dura, tesa 22. Ao revés, sorriu 23. Profira un discurso; rece 24. Semente do trigo e outros cereaais 26. Que é suave ao tocalo 28. Axudante ténico sanitario 29. Contracción de pronome persoal, no plural 31. Ao revés, autobús 32. Consoantes de subo 33. Forma dialectal de eiras 35. Vocais de astro 36. Inclúen, introdducen 38. Apontamentos 39. Parte pequena dunha cousa.

Verticais

1. Que ten moitas carnes 2. Ao revés, carta da barralla 3. Irmán do pai ou da nai 4. Local onde se imparten as clases 5. Río do País Vasco 6. Vía urbana 7. Frecuencia Modulada 8. Levántase do cham con impulso 10. Tea de seda ou fío moi clara e sutil 12. O mesmo que iogurtes 14. Sincero, inocente 16. Peza musical dunha ópera que canta unha soa voz, no plural. 18. Ao revés, forma verbal 20. Argola 21. Lista, nómina 24. Eloxian, loan 25. Familiarmente, María 27. Árbore moi alta que produz unha madeira de cor negra 29. Muller gañadora dun concurso de beleza 30. Nome de muller 33. Nome de muller 34. Conxunción 36. O mesmo que tu, ao revés 37. Símbolo do sodio.♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., (986) 22 24 05 ou por Fax (986) 22 31 01

Caldo de letras

K	H	Y	S	X	S	N	V	T	N	F	T
C	Z	S	L	A	D	P	Ñ	N	P	C	O
Q	Q	P	B	C	Ñ	R	K	O	P	R	I
A	L	Z	F	A	E	A	T	Ñ	I	O	B
C	H	O	C	O	L	A	T	E	I	R	A
E	F	N	Ñ	G	H	O	H	R	O	I	Ñ
I	K	F	P	L	N	C	Z	R	O	E	E
T	X	B	P	H	U	E	Q	A	U	R	R
E	G	Ñ	V	P	X	N	K	B	C	O	R
I	A	X	I	I	Ñ	A	C	T	F	L	A
R	L	N	B	O	X	C	N	Q	S	F	B
A	Z	V	U	G	B	C	S	D	F	L	F

Outros nove nomes de pezas de cerámica popular.

SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

Horizontais
1. GASTA 5. OREOS 9. AIUGRUM 11. RI 13. OLAIA 14. IL 15. DOA 17. ASA 18. ANT 19. AGRA 21. RIXA 22. UIR 23. ORE 24. GRAO 26. LENE 28. ATS 29. MAS 31. SUB 32. BS 33. AIRAS 35. OA 36. INSIREN 38. NOTAS 39. ANACO.

Verticais
1. GORDA 2. SA 3. TIO 4. AULA 5. ORIA 6. RUA 7. FM 8. SALTA 10. GASA 12. IOGURTS 14. INXENUO 16. ARIAS 18. ARES 20. ARO 21. ROL 24. GABAN 25. MARI 27. EBANO 29. MISS 30. SARA 33. ANA 34. SEN 36. IT 37. NA.

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



***O artista no taller*, autoretrato de Quintana Martelo, un dos que se poden ollar en VIGO na exposición *O pintor ante a sua imaxe*.**

no Cine Ronsel (rúa Ecuador 84), cunha entrada de 400 pta. Venden un abono mensal de 1.200 pta.

LITERATURA EN IMAXES

O Luns 24 O *calexón das milagres* de Jorge Fons e o día 26 de Novembro, finaliza con *American Buffalo* de Michael Corrente.

■ **EXPOSICIÓNS**

ARTISTAS DE VANGUARDIA

Cincuenta artistas novos de todo o estado expoñen a sua obra na Casa das Artes. A mostra contara con perxonases como **Francisco Leiro, Ignacio Basallo, Txomin Badiola, Broto, Campano** e **Eva Lootz** entre outros. Abre durante un mes a partir do Martes 25.

AUTORETRATOS

Ou o pintor ante a sua imaxe. Vários artistas galegos vistos por eles mesmos desde o século XIX. Até finais de mes na Sala de Arte de Caixagalicia.

INSECTOS DOS CINCO CONTINENTES

Na sala Temática de Caixavigo. A exposición permanecerá aberta até o vindeiro 5 de Xaneiro.

■ **MÚSICA**

ESTA NOITE HAI UNHA FIA

O *Fiadeiro*, grupo para a recuperación de bailes, músicas e cantares tradicionais, convídavos este Sábado 22, ás 20 horas no Centro Cultural Caixavigo, a coñecer o xeito de bailaren e cantaren en catro lugares do país. Contan para isto coa preséncia, desinteresada, dos viciños de Limiñoa (Ponteceso) e os de Paredes de Ponteareas ademais do grupo de música tradicional "Pai da Cana" que xunto co grupo do Fiadeiro levaran adiante a *Romaria de San Domingos (Beariz)*; o *Serán de Parada de Achas (A Cañiza)*; a *Ruada de Sísamo (Carballo)* e *Pola vila de Castelo das Nogais (As Nogais)*. Pero logo, despois da fia.. haberá serán a partires das 12 da noite na Asociación de Viciños de Cabral.

THE QUIETS

Unha boa mostra de son dos anos 70 nos 90 da man do novo grupo vigués. Tocarán no Carpe Diem (Barcelona, 37-interior). Entrada de balde.

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

O Venres 21 ás 20,30 h. no centro Caixavigo, baixo a dirección de Maximino Zumalave interpretarán Metamorfosis de Strauss e a Sinfonia nº3 en mi bemol maior, Heroica de Beethoven. Taquilla telefónica no (986) 23 80 51.

■ **TEATRO**

SEMPRE UBU

Producciòns Teatrais do Sur representará, durante os días 22 e 23, baixo a dirección de Etelvino Vázquez, *Sempre Ubu*, versión do Ubu encadeado de Alfred Jarry. Taquilla telefónica: (986) 23 50 81.

TRICICLE

Apresenta o seu novo espectaculo *Entretrés*,o Xoves 20 ás 21 h. no centro Caixavigo.

■ **PRÉMIOS**

ASOCIACIÓN MÁXIMO GORKI

A asociación fará entrega dos premios do III Concurso de Redacción e Debuxo no Auditoro do centro Caixavigo, o Venres 21 ás 12 h.

Viana do Castelo

MARES

Inagurouse o pasado 12 de Novembro a galeria de arte *Amigos do Mar*. Como apertura mostrarase a exposición de pintura dos artistas **Rosa Vaz** e **Elias Mathonse**, subordinada aos temas *Mares e Oceanos* e *A Procura do Canto Pássaro*. Estaran abertas até finais de mes.♦

Impreso en papel reciclado Greenracy 100 de 60 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Alfonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 20 DE NOVEMBRO • 1997 • Nº 805 • ANO XX • IV XEIRA •

Once escritoras recitan os seus versos na rota que comeza na Matanza

Rosalia inspira ás poetas

CARME VIDAL

"Rosalía, a dos moitos nomes e mil faces, é Penélope. Desde a Casa da Matanza via o mar e esa foi a estancia derradeira na que teceu e desteceu sen cesar a súa tea. Soa e solidaria, sibila sabia e soñadora do negro perfecto, co don da palabra iluminativa que con intelixéncia desvela, deixou dito o destino tecedor dos humanos e o seu ser de Penélope galaica". A casa como referente nas palabras de apresentación de Carme Blanco ao libro *Daquelas que cantan*, a homenaxe á poeta cando se cumpren cincuenta anos de que a sua casa fora comprada para se converter nun espazo aberto para todos e todas nós que entramos até os seus recantos máis personais.

A. PANARO

As autoras do libro estiveron presentes na comemoración do cincuenta aniversário do Patronato.

Once poetas –"fillas de tinta de Rosalia" dixo Luz Pozo–, a fotógrafa Mª Esteirán e o músico Rodrigo Romani participaron no proxecto co deseño de Fausto Isorna ideado para a ocasión.

No comezo as poetas nunha foto de família diante da Matanza. A seguir vaise debullando o grupo en retratos individuais en cada ponto da rota rosalián, cos pontos de inflexión nos lugares que evocan a vida e obra da escritora onde se van perfilando tamén as suas distintas mensaxes.

"Todo fala de ti. Silencio e pranto" comeza a dicer a maior das poetas, Pura Vázquez, retratada saíndo dun cadro na Matanza. E a preséncia da poeta síntese tamén nos versos de Luz Pozo -a única muller na Real Académia Galega que entrou cun discurso sobre Rosalia-, entre as campás de Bastavales: "En Bonaval veño a pensar en ti/ para sentir a vida que abonda nunha bágoa".

"Hoxe pasei por Padrón,/ hoxe vin a Rosalía,/ estaba erguida no monte/ ollando pasar a vida" recita Maria do Carme Kruckenberg diante do Panteón no que repousan os restos da poeta en Compostela.

Xohana Torres bota man dunha voz lírica plural para aventurarse en metáfora desde Lestrove: "Sedenta como un mar/ e no teu mar afogada". E Maria Xosé Queizán, que tirou a andar a *Revista da Palabra Silenciada* querendo lembrar a Rosalia, no Pazo de Arretén busca recoller esa face da poeta sobre a que tantas veces se quixo pousar o siléncio: "Fuches condenada á valentía./ Calar ou ser perversa. ¡Velaí!.". "¡Un dedo caerá sobre ti!" remata Queizán en alerta contra a imposición dunha vontade imperante. Será Xela Arias en Iria Flávia quen, como Maria Xosé, volva sobre a figura da poeta para lle recordar a necesidade da rebeldía: "Nada novo, inmaculada Rosalía./ Tal sempre mulleres confinadas na construcción/ doutros,/ comprendes: /revólveseche a arma contra ti." Xunto elas Ana Romani torna violeta o cadro rosalián e con voz amiga diríxese á poeta para "berrar, nos límites mesmos da loucura, /nosa é a ternura,/ este recuperar o verso e a historia, /a entraña do ser,/ o misterio da silenciada rebeldía." A autora hai máis dunha década de *Rosalia no espello*, Helena Villar debuxada pola cámara de Esteirán coma unha contacontos ao pé do ombu arxentino traído do Centro Galego de Bos Aires que crece no xardin da casa de Padrón pergúntase por un medo azul, aquel que quere "cantar coas gorxas nosas,/ bicar cos nosos beizos".

A casa como referéncia do que parte o libro, casa como centro de vida no que tamén a obra se pousa en repetida loa –"Miña casiña, meu lar"– e que Chus Pato percorre para evocar a preséncia da poeta repetida en cada un dos obxectos gardados para a sua memória: "Este é o retrato dunha muller, morta, pintado polo seu fillo que seguramente amaba/ e esta, na que agora entras, a casa na que esta muller viviu/ Unha actriz, coa voz de todos os escenarios do planeta/ recita para nós, fragmentos en prosa desta muller/ que posiblemente habitou estes lugares...".

As poetas van compoñendo o mapa rosalián coas suas diferentes voces e é a de Pilar Pallarés, entre o millo de Ortoño, a que comeza a sua homenaxe cos versos: "Pero agora estás morta/ moito antes de estar morta:/ un ou único e imóbil/ no que lastiman luzes e algareos/ e procura na noite a paz e o olvido..." para logo con novos folgos dicer nun tempo novo: "enxendrarás de novo no siléncio/ entre o rencor e a dúvida,/ volverás a nacer..."

En Compostela, na Praza de Vigo a máis nova das poetas, Yolanda Castaño pecha o libro perguntándose: "Quen haberá que incorpore esta razón esta memória/ cara un ciclo impertérrito de tebras e de luz?".

A voz das poetas rencóntrase coa música nun recital editado nun disco compacto xunto ao libro. As composicións de Rodrigo Romani acaen ben aos versos que encontran a sua própria musicalidade. En tempos de poesia e desde todas as xeracións de mulleres unha homenaxe a Rosalía de Castro evocada desde a Matanza, onde Maruxa Villanueva cada día continua cortando unha flor na sua memória.♦

Emprego

XOSÉ A. GACIÑO

Unha vez que pasou a tempada turística, os índices de paro volveron, máis ou menos, ao de sempre, freando ese optimismo xerado por unha sucesión de descensos do número de desempregados, nunha coxuntura que parecia expresar certa eufória empresarial para festexar a chegada dos "seus" ao poder. Unha vez demostrado quen manda aqui, a eufória remitiu e volvemos aos mistérios habituais da economía de mercado: medra a economía (é dicer, os beneficios do capital) pero non se xeneran novos postos de traballo (polo menos, non tantos como para compensar os que se seguen a perder) e o consumo non remata de despegar porque o traballo segue a ser escaso e inestábel e os consumidores non queren arriscarse.

Pero o Governo mantén firme o seu optimismo. Os responsábeis do ramo –os animosos Arenas e Pimentel– explican impertérritos que o paro aumenta en menor medida que hai un ano, que sube progresivamente o número de contratos indefinidos (sobre todo, desde a reforma laboral que abaratou a sua rescisión) e que, se non baixan os índices de paro, débese, entre outras cousas, á implacábel incorporación ao mercado de traballo (en realidade, aos rexistos do INEM) de novos demandantes procedentes de escolas e universidades.

Iso si, no cume europeo sobre emprego que comeza hoxe en Luxemburgo, o liberal governo español vai defender a liberal postura de non comprometerse, de non intervir no fluido proceso da economía de mercado, que na sua liberalidade, sabe poñer a cada un no seu sítio (sobretodo aos que xa herdaron o seu sítio de privilexio), sen necesidade de experimentos exóticos de redución de xornada ou promoción de novos empregos, como fan outros governos, empeñados en salvar o modelo máis humanizado do vello continente fronte ao "libre" e salvaxe Oeste do capitalismo estadounidense, one os abismos de marxinación social medran cada día.

•SUPER OFERTA • SUPER OFERTA • SUPER OFERTA •

VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 — RIO DE JANEIRO 96.000 Pta.
VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 — SÃO PAULO 96.000 Pta.
VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 — BUENOS AIRES 120.000
VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 — NEW YORK 74.000 Pta.
VALIDEZ 6 MESES 01/10/97 A 30/11/97 — BANG KOK 118.000

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asisténcia embarque sen cargo

MINHO EXPRESSO
VIAGENS
SAIDAS DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 01 300 - FAX 82 01 309 VALENÇA DO MINHO

BIBLIOTECA UNIVERSITÁRIA

VOLVER AO REGO

A empresa *Marmoleira Galega* de Lugo forneceu o granito *Branco Lugo* da fachada do edifício D3 do Parlamento Europeu en Bruxelas.

O edifício DU ten 50.000 metros de rosa Porriño e os corredores interiores da ciclópea sede LEO, ainda en obras, son de *Gris Mondariz*.

Todos os parlamentários coidan que a pedra é italiana, de Carrara. Os parlamentários galegos, tamén.♦